

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14

SESION ORDINARIA DO 29 DE SETEMBRO DE 2008

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta

Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Molares Pérez, Lucía Emilia
Muñoz Posse, Carlota
Porro Martínez, María Corina
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Veloso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dezaseis minutos do día vintenove de setembro do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos (con atraso), actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sr. Mariño Mendoza e Sra. Maure Noia e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratarlos asuntos da orde do día.

1.- (187).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN 28.07.08)

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación realizada o día 28 de xullo de 2008.

2.- (188).- PROPOSTA DA XUNTA DE VOCEIROS REFERENTE ÁS FESTIVIDADES LOCAIS DO ANO 2009.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros municipais, na súa sesión do día 25 de setembro de 2008, presenta para a súa aprobación polo Pleno do Concello a seguinte proposta:

"En cumprimento do disposto no artigo 37.2 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores e no art. 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, a XUNTA DE VOCEIROS, reunida o día 25 de setembro de 2008, acorda propoñer ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo o seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar como festas locais de Vigo para o ano 2009 os días **28 de marzo**, sábado, Reconquista da cidade e **17 de agosto** ó seren domingo o día 16 de agosto, festividade de San Roque.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Delegación Provincial de Pontevedra, Servizo de Relacións laborais, da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta da Xunta de Voceiros referente ás festividades locais do próximo ano 2009 co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Durante o curso do debate das modificacións das ordenanzas fiscais, incorpórase á sesión a Sra. Veloso Ríos.

MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS, PUNTOS 3 AO 29

DEBATE

A PRESIDENCIA: Imos proceder, como adoita ser, ó debate conxunto de todos os puntos que teñen que ver coas ordenanzas fiscais. Serían dende o punto 3 ata o 29, ambos inclusive. Dado que son tantos puntos imos facer un debate con tempos diferentes, haberá unha primeira intervención da concelleira de Economía e Facenda por un tempo breve e a partir de aí daremos 20 minutos de tempo para a intervención da oposición, 20 para resposta do goberno, 10 minutos para a intervención dos grupos se a houbera e 5 minutos, todo ampliable, para quendas de réplicas e dúplicas. Pregariálles polo tanto que tentáramos que eses tempos foran os referentes, 20 minutos e 5 ampliables.

Procedemos por tanto ó debate de todos os puntos de Xestión Municipal, puntos 3 ó 29. Ten a palabra a concelleira de Facenda, Sra. Díaz.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Dende que se constituíu este novo goberno na cidade de Vigo puxemos en marcha distintas medidas e políticas de beneficios sociais en beneficio dos cidadáns e cidadás de Vigo con rendas máis baixas. Ós poucos meses de chegaren por primeira vez na cidade de Vigo incorporamos reducións nas tarifas para as persoas dependentes que precisaban axuda domiciliaria, reducións que ían dende un 100% ata un 49%. Tamén decidimos manter outras tarifas e taxas constantes cunha redución polo tanto real do 2,4% en servizos como os de escolas de primeira etapa, educación infantil, centro de día.

Apostamos dende o primeiro momento por unha redución na carga fiscal e así tamén, nada máis chegar, se aprobou que deixaran de pagar o recibo do lixo aquelas persoas que vivían soas e que tiñan unha renda per cápita inferior a 6.000 euros se eran menores de 65 e se eran maiores cunha renda inferior a 9.300 euros. Incrementábamnos así os mínimos exentos ata un 48%.

Fixemos tamén unha clara aposta polas familias monoparentais e decidimos incrementar tamén os mínimos exentos para estas familias nun 40%.

Apostamos pola ecoloxía e incluimos por primeira vez unha redución do 75% na taxa de circulación para vehículos dunha gama denominada ecolóxica que inclúa os eléctricos, híbridos, motor eléctrico gasolina, diesel eléctrico gas, con eficiencia enerxética A, así como aqueles que utilizaban combustible bío gas, gas natural, comprimido, metanol ou hidróxeno.

Neste momento somos conscientes da situación económica pola que atravesamos a nosa cidade, pola que está atravesando toda a economía mundial, sabemos que é unha situación económica máis complexa e por iso somos conscientes de que temos que abranguer con medidas fiscais axudas a cada vez maior número de cidadáns. Por iso facemos este ano unha aposta moito maior que o ano pasado por unha diminución da carga fiscal ó maior número de vigueses posible. Por iso a proposta deste goberno é a de conxelación real das distintas taxas, impostos e prezos públicos cunha actualización, polo tanto, do IPC dende abril do 2007 ata abril do 2008 cun 4,2.

Pero non nos quixemos quedar aí e quixemos dar un paso moito máis adiante, por iso propuxemos non actualizar o IPC en determinadas taxas e servizos de prestación social como son a taxa de prestación do servizo de centro de día, taxa de prestación do servizo de escolas de primeira etapa, ou taxa de prestación de axuda no fogar. A diferenza do Partido Popular, propuxemos ademais que se actualizasen os distintos tramos de renda que dan lugar á aplicación das tarifas co obxecto de evitaren que a xente saltase de tramo e se lle aplicase unha tarifa superior. Polo tanto diminuímos a carga fiscal a este tipo de colectivos en 4,2%.

Pero, como dixen antes, queremos ir moito máis lonxe, queremos abranguer un maior número de cidadáns ós que se lles diminúa a carga fiscal e así decidimos poñer en marcha un novo sistema especial de pagamento voluntario para o IBI para persoas físicas cunha redución dun 3% do imposto. Todos aqueles vigueses e

viguesas que se queiran engadir a este sistema especial de pagamento voluntario terán unha redución na carga fiscal dun 3%. Os únicos requisitos para se acoller a este sistema voluntario son estar empadroados, fixar unha conta corrente e solicitalo; nada máis, estamos falando dunha medida que pode afectar a milleiros de vigueses e viguesas.

Fomos tamén moito máis aló e sabemos que hai moitos cidadáns que nin sequera poden pagar os seus impostos no prazo voluntario, sabemos que hai vigueses que deciden fraccionar os seus pagamentos con posterioridade ó remate do prazo voluntario, por iso decidimos eximilos do aval; non é necesario que nos pidan un aval para levar a cabo ese fraccionamento, un aval que lles podía supoñer ós vigueses con máis problemas económicos, que non poden facer fronte ós seus impostos, pagar uns 200 euros. Polo tanto estámolles reducindo de novo a carga fiscal a aqueles vigueses que teñen problemas económicos para poder pagar.

Seguimos coa aposta pola ecoloxía, polos vehículos ecolóxicos e somos o primeiro concello que decide aplicar a nivel local o Plan Vive que existe a nivel nacional. Así calquera vehículo con emisión de CO₂ inferior a 120 gr./Km recibirá a partir do ano que ven unha bonificación do 75% no imposto de circulación durante dous anos. Reducimos así a carga fiscal para estes propietarios nun 75% e o exemplo o temos en todos os C1 de Citroën que se poderán acoller a esta bonificación. Tamén apostamos polos auto taxis impulsados por gas licuado de petróleo con esta bonificación do 75% durante dous anos.

Novamente fomos máis aló porque somos conscientes da situación e viamos que no imposto de plusvalías, cando morría un dos cónxuxes, o outro tiña unha bonificación do 50% na transmisión da vivenda habitual, pero só os cónxuxes, non as parellas de feito e quixemos equiparar ás parellas de feito cos cónxuxes legais e así ampliamos a bonificación do 50% a calquera membro da parella, sexa de feito ou cónxuxe legal. Neste caso estamos falando dunhas 2.500 parellas que terán unha redución da carga fiscal dun 50%.

Estamos convencidos de que estas son as mellores propostas de ordenanzas fiscais que se poden facer nun momento coma este porque o que estamos buscando é diminuír a carga fiscal nun maior número de vigueses. Son ordenanzas fiscais pensadas na xente de Vigo e na situación actual. A nosa aposta foi, é e será pola xente da nosa cidade e fixemos, facemos e faremos políticas que contribúan ó

incremento do benestar dos nosos cidadáns e á diminución da carga fiscal de aqueles vigueses e viguesas que máis o necesitan porque a xente de Vigo por primeira vez nesta cidade si que pode contar co seu goberno.

SRA. MOLARES PÉREZ: Como a concelleira de Economía e Facenda utilizou moito menos de 20 minutos tentarei facer unha intervención similar en tempo.

Os orzamentos dun concello, de calquera administración pública son o instrumento onde se define a política que un goberno quere levar adiante. Dentro dos orzamentos hai unha parte de gastos que se establecen polos distintos departamentos e outra de ingresos, con iso é co que se define a política dun goberno. Dentro dos ingresos é precisamente a parte dos tributos -impostos, taxas e prezos públicos- un dos instrumentos fundamentais para definir a política dun goberno.

Este goberno, que leva xa un ano de andaina, o ano pasado presentaba unhas ordenanzas dende o noso punto de vista moi similares ás que había coas modificacións que estableceu e xa comentou de novo a concelleira de Economía, referentes a familias soas e tamén a familias numerosas que xa se estableceran o ano anterior. Daquela comentaba e era certo que levaban tres meses de goberno e polo tanto non lles dera tempo a facer nada máis. Daquela dicíamos que non se definía unha política fiscal ambiciosa por parte deste goberno. Esperábamos porque así o anunciaba a propia concelleira de Economía na súa intervención, que a partir deste ano e nos catro anos a esas primeiras propostas seguirían bonificacións e exencións de tipo social.

Hoxe vimos que ren de ren, que este goberno segue sen ideas, que nun momento de crise no que sobre todo é moito máis importante aplicar esa política fiscal, definir que política fiscal quere e que tipos de axudas sociais van facer, ren de ren. Na súa intervención, malia seren breve, dúas veces nos repetiu a conxelación que aplica a dúas ordenanzas, que aínda que as distribúa en tres son dúas: as das escolas infantís e axudas a domicilio e centros de día que vai noutra ordenanza. Son dúas ordenanzas as que realmente este goberno aposta por conxelar.

Esa é a política social que este goberno nos quere vender ó grupo da oposición e que lle quere trasladar a todos os cidadáns. Os cidadáns e a oposición sabemos ler, analizamos polo miúdo estas ordenanzas e podemos dicir que son os impostos que

máis soben nos últimos anos.

Vostede, Sra. Díaz, no Pleno de aprobación de ordenanzas do ano anterior dicía que se propoñía a maior baixa dos últimos anos. Pois ben, foi ós extremos, da baixada maior foi á suba maior. É a maior suba e a maior presión fiscal dos últimos anos e non o digo eu, dio vostede mesma na súa exposición. Falounos de conxelación real e iso dio unha economista, eu chamaríalle irreal porque me gustaría saber a cantos dos que están aquí lles van subir o salario 4,2%, ó mellor ós únicos a nós porque no concepto de conxelación que ten vostede, ó mellor a conxelación que anunciou o alcalde para os concelleiros é esta, o 4,2. Eu espero que sexa a proposta que fixo o Partido Popular, conxelación real, 0%, o mesmo salario que o ano pasado porque nós temos que dar exemplo. Gustaríame saber, aínda que hoxe non hai moito público, a cantos lles van subir o 4,2. Pódolle dicir que en empresas de distintos sectores de Vigo, por exemplo o turístico, xa chegaron ós hoteis circulares onde se lles pide ós traballadores que asuman o 0% de suba salarial e a eses cidadáns e cidadás este goberno pídenlles a suba de cada un dos impostos o 4,2%, a maior suba dos últimos anos a maior presión fiscal.

Non hai axudas sociais, Sra. Díaz, unha cousa é que se diga con valentía ós cidadáns como se dixo por parte do goberno da Sra. Porro nos anos anteriores, seino porque onte estiveren repasando as intervencións dos anos 2004, 2005 e 2006 e nuns casos o meu compañeiro, responsable de Economía no goberno anterior, utilizaba o termo subida real para dicir que incrementaba o IPC, utilizaba noutra ocasión a verba incremento, pero non falaba de conxelación. Non fai falla seren economista como o somos vostede, eu ou o Sr. Alcalde, para saber que conxelación quere dicir subida 0 e iso é o que entenden todos os cidadáns pero vostedes lles están tentando dicir que non lles van subir os impostos. Queren enganar ós cidadáns, van subir o 4,2% e ademais esa porcentaxe non é o que lles vai subir a renda ós cidadáns, iso sabémolo todos porque mesmo nas previsións de orzamentos xerais ós funcionarios que teñen estabilidade, que non van perder o seu posto de traballo, nin sequera a eles lles vai subir a retribución o 4,2%, non creo que haxa ninguén a quen lle suba o 4,2%. Iso non é o que demanda unha situación de crise económica na que, precisamente para combater as subas de prezos que como vostede sabe temos unha das inflacións máis altas, o que se pide é unha moderación nas subas das retribucións.

Non cremos polo tanto que este goberno seguira apostando polas medidas sociais. Hai cero de política social, de visión social nestas taxas, prezos e impostos e a suba é real por moito que vostedes tenten enganar.

Onde está esa diminución da presión fiscal? Voume referir á súa intervención. Vostede dixo que establecen para as parellas de feito as mesmas bonificacións en plusvalías que para os cónxuxes legais; parécenos moi ben, non hai problema, pero non dirá que ese é un tema social que axuda ós máis desfavorecidos porque unha parella de feito pode ter as retribucións igual de altas que uns cónxuxes legais, dende logo non vexo eu que esa sexa unha medida de axudar ós máis desfavorecidos e ós que se enfrontan a unha situación de crise como a actual.

En canto ós coches ecolóxicos, parécenos moi ben que estableza dous anos de bonificación do 75% para os coches que emiten 120 gr./km e que ademais aproveite para facer publicidade do C1 que é un coche dunha marca automobilística da cidade, non nos importa, pero ó resto dos cidadáns que non teñen un C1 ó mellor porque a familia non lles entra nun C1, unha familia con dous nenos e aquí somos bastantes con dous nenos, xa non digo se hai algún que teña tres, dende logo nun C1 con dúas cadeiras e algo de carga non entra, polo tanto non é por luxo senón por necesidade que ó mellor haxa xente que non poida ter un C1, pero que teña un utilitario, un coche medio, un A3. Díganlles a eses cidadáns que van subir 5,05 euros; os que teñan un coche de gama media calquera, non vou especificar marcas porque pode ser calquera utilitario, Renault, Focus, Ford, Citroën, Peugeot, familias de traballadores, a eses lles vai subir 5,05, de 119 a 124 e teño por aquí os decimais pero coido que non fan falla, abonda con dicir que van subir 5 euros. Todos eses cidadáns van levar unha sorpresa cando lles chegue o recibo e en troques de ver que se conxelou subiu. Vanse acordar de vostede e do Sr. Alcalde, vanse preguntar se esa é a conxelación real xa que o seu salario non subiu nesa cantidade; iso é o que lles van dicir a vostedes.

Sa falamos das súas axudas sociais que consisten en deixar conxeladas dúas taxas, falamos das plusvalías, dos coches... Lémbrome que sobre eses coches ecolóxicos xa o ano pasado o Partido Popular nas alegacións lle pedía que non foran dous anos de desgravación para ese tipo de coches, que foran catro e aínda así vostedes poñen dous, polo tanto estamos totalmente de acordo nesa medida pero esa non é política social, é tentar facer política ecolóxica.

Pero logo hai outro tema que é curioso, por chamalo dalgún xeito, é a bonificación estrela que vostedes venderon. Todos sabemos que o IBI é o imposto principal que todos os cidadáns que teñan a sorte de ter unha vivenda teñen que pagar. Vostedes dinlles ós cidadáns que lle van baixar ese imposto, teñen a cara de dicir que só hai que cumprir uns requisitos: estaren empadroados na cidade (párecenos moi ben), domiciliar e fraccionar o pagamento. Esquecen dicir que teñen que adiantar o pagamento seis meses porque esa bonificación do 3% é se pagan o recibo o 31 de maio, non é por fraccionalo dentro do período voluntario, é por adiantarlle a este Concello o diñeiro seis meses.

O IBI, como todos sabemos, está marcado por unha normativa estatal na que o propio Estado establece un incremento e vostede dóbrao, é dicir, o incremento que o Estado establece que non supera o 2%, vostede súbeo un 4,2 e logo aínda por riba nos quere enganar e di que o baixa un 3; se o subiu un 4,2% e baixa logo un 3 sempre vai ser máis a suba que a baixada. Calquera cidadán aínda aplicando ese desconto vai pagar máis este ano que o pasado, e iso téñeno que saber. É peor porque non só primeiro o sobe un 4,2 e logo o baixa un 3, adiántao 6 meses.

Os que teñen a sorte de ter diñeiro no banco no mes de maio para pagar a metade dese imposto, no banco tamén lle darían un diñeiro por eses cartos polo tanto ese desconto non é do 3% porque lle hai que deducir a cantidade que lle darían no banco por ter eses cartos. Hoxe en día é moi habitual que calquera entidade bancaria ou centro comercial te diga que saques unha tarxeta VISA, din que non ten ningún gasto, que todo son vantaxes, pero ós poucos da facer te preguntas para que queren que faga esa VISA sen ningún tipo de contraprestación porque non cobran nada, só ofrecen descontos, onde está o negocio? O negocio está en que ós seis meses ves que por ofrecer un diñeiro de caixa cobran un 20% de interese.

Iso é o que lles está pedindo vostede ós cidadáns, que financien ó Concello de Vigo eses seis meses. A vostede nun momento de crise non se lle ocorre ningunha outra cousa mellor que lles pedir ós cidadáns que adianten os cartos. Iso é aumentar a presión fiscal, non só lles están aumentando os impostos, senón que llos queren cobrar antes e aínda por riba que queden contentos e pensen que lles descontaron, que lles bonificaron. Dende logo que vostedes para facer *marketing* son únicos. Dígolle que baixando un 3% séguelles subido o IBI ós cidadáns un 2%. Para que non pagaran nin máis nin menos tería que polo menos facerlles un desconto do 5% e

ademais que fose dentro do período voluntario.

Pero logo hai outra cousa que estableceron como novidade: modificaron os artigos 36 e 37 da ordenanza xeral e varían o período impositivo dos tres impostos fundamentais. Ata agora establecíase o inicio do período de pago de vehículos no primeiro trimestre, lixo no segundo e IBI no terceiro. Vostedes agora cambiaron iso e pretenden ou posibilitan que tanto no imposto de vehículos como no do lixo, outros dous impostos que conxuntamente co IBI teñen a maioría dos cidadáns e son os de maior presión fiscal, o período de pagamento se faga o primeiro semestre e con isto vostedes poderían cobrar eses dous impostos no mes de xaneiro ou febreiro, nada llo impide porque ese cambio neses artigos o posibilita; espero dende logo que non o fagan.

Estas son as políticas orzamentarias a través da política de impostos que vostedes queren facer. Visión social nula, non hai nin unha soa bonificación; maior suba nos últimos anos e aínda por riba maior presión fiscal; isto nun momento de crise. É decepcionante.

Xa lles adiantamos na comisión informativa que nós imos votar en contra e esperamos que no período de alegacións poidan introducir esa política social da que falan e esas bonificacións que nos anunciaban o ano pasado. É máis, dígolle que non só é que non establecera cousas novas, mesmo non deu resposta ás cousas que vostedes pedían cando estaban dese carón, nin ás súas nin ás do Bloque. Nos últimos Plenos o Bloque solicitaba que na taxa do lixo se tivesen en conta os custos pero se fixo como sempre: aplicar o IPC.

Señores do PSOE, vostedes pedían axudas para as familias numerosas e ademais ata a súa compañeira, Sra. Graña, dicía que esas axudas ás familias numerosas que se estableceran nas ordenanzas polo goberno da Sra. Porro eran unha burla ós cidadáns.

Dixeron iso e agora presentan as mesmas ordenanzas, nun momento de crise nin sequera teñen a imaxinación de facer esas propostas que antes consideraban necesarias, as que estaban nas ordenanzas anteriores parecíanlles unha burla e, agora que lle parecen, Sra. Díaz? Máis burla? Porque nestes momentos de crise en que os prezos subiron, non os prezos do calzado ou dos viaxes, subiron os dos ovos, do leite, do aceite; das cousas que todas as familias teñen que mercar, é moito máis difícil chegar a final de mes para calquera familia e se temos en conta a

suba das hipotecas xa case é imposible.

Vou ler textualmente algo que vostede dixo o ano pasado con respecto ó tema da taxa da auga: “En dous ou tres semanas máis ou en pouco tempo saberán os veciños cal é a proposta para o recibo da taxa da auga”. Pasaron dúas e tres semanas, dous e tres meses, pasou un ano e nesta taxa da auga e do saneamento o que vostede dixo que ía analizar seguira analizando porque non hai nada e iso pedíao a Sra. Graña no último Pleno de ordenanzas que tivo este goberno.

Dicimos polo tanto que estas ordenanzas non son para presentar ó Pleno da Corporación nun ano de crise porque presentan a maior subida. Non creo que sexan de recibo para os cidadáns e cidadás de Vigo.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sra. Molares, decepcióname porque vostede sendo economista tiña que saber máis que ninguén o que é unha conxelación real. Todos os vigueses saben do que falamos cando dicimos que os impostos se van conxelar en termos reais. Pero vostede, economista, que ten unha licenciatura en Economía e que presume de ter unha oposición do grupo A, non sabe o que é conxelar os impostos en termos reais. Realmente decepcióname.

É certo que estamos nunha situación económica complexa, non o imos negar. É certo que quizais sexa esta a primeira crise económica importante nos últimos quince anos e quizais é certo que moitos mozos, moitos novos sectores non saiban como afrontar unha situación coma esta porque non se viviu en quince anos. Pero tamén é certo que en canto comezaron os problemas o Partido Popular comezou botar “balóns fóra” culpando ós outros, iniciou unha estratexia de ataque pero non puido evitar o evidente que é o que se sabe por fin: que a orixe da crise está precisamente nesas políticas económicas liberais que vostedes defenderon e propiciaron nestes últimos anos, as que defende e practica un grande amigo do Sr. Aznar que se fai fotos con el nas Azores, son as que están causando esta situación de crise. Ós que levabamos anos defendendo a necesidade de normas, de regulacións e de intervencións se nos deixaba de lado.

Agora que xurde un problema orixinado precisamente por eles é cando piden a intervención pero, iso si, ás costas de todos, sobre todo dos máis débiles. Agora esixen que sexamos todos os que paguemos cando a realidade é que foi a mala política de seu a que nos levou a esta situación e a que as consecuencias se teñan

que asumir polas clases traballadoras e polas máis humildes. Dende sempre sabemos que as únicas solucións que se levaron a cabo por parte dos gobernos do Partido Popular en épocas de crise foron recortes en prestacións sociais, conxelación de salarios a policía, bombeiros, enfermeiras; paralización dos investimentos e moi especialmente en Galicia, só se decataron de que existía esta Comunidade cando decidiron que un petroleiro con problemas espallase todo o que tiña nos seus tanques por todo o noso patrimonio.

Agora o Partido Popular quere facer o mesmo nesta cidade, que os grandes prexudicados desta situación económica orixinada precisamente por eles sexan os que necesitan máis política social, que sexan as clases traballadoras, todos os vigueses e viguesas os que paguen a súa mala xestión. O que o Partido Popular quere e non di é que o goberno desta cidade reduza en catro millóns de euros o seu orzamento. Iso é o que está pretendendo o Partido Popular: menos política social, menos transporte público, menos investimentos en barrios e parroquias, menos beirarrúas, parques e centros deportivos. O Partido Popular vendo que o goberno desta cidade está facendo moito máis nun ano que el en tres, quere frear a toda costa, non ten escrúpulos e utiliza a manipulación e o engano porque o seu obxectivo é frear a cidade.

Vou ler as propostas das ordenanzas fiscais que fixo o Partido Popular nos seus tres anos de goberno, leo o que dixo o Sr. Guerra e que está recollido nas actas do Pleno: “O Partido Popular presentouse ás últimas eleccións municipais cun compromiso moi firme e cunha vocación moi expresa de manter a presión fiscal e non a subir na medida en que as necesidades orzamentarias o permitan. Comprometémonos de moitas maneiras e isto é o que subxace a esta modificación de taxas, prezos e impostos públicos que hoxe lles presento. Subida xeral do 2,7 (isto dicíao o 27 de setembro do 2004) e a aplicación deste 2,7 resulta da serie temporal do crecemento do IPC entre abril de 2003 e abril de 2004”.

Pleno de setembro de 2005: “Propónse un incremento das ordenanzas fiscais nun 3,5 (hoxe estamos falando dun 2,2 e o PP xa o fixo nun 3,5), o dato do IPC entre abril do ano 2004 e abril de 2005 e propónse o incremento do 3,5 en prezos públicos do IMD e nas escolas de música e teatro”. Novamente en outubro de 2006: “Dun xeito xeral o que se propón é un incremento do 3,9 (que diferencia hai entre un 3,9 e un 4,2?) no conxunto de todas as taxas e impostos municipais. Esta

porcentaxe xorde da análise da táboa do índice de prezos ó consumo entre abril do 2005 e abril do 2006". Ademais vou ler o que dixo nun deses plenos a Sra. Graña: "Este grupo cando foi goberno formulou proposta de actualización conforme ó IPC das ordenanzas". Por certo, o PP votou en contra.

Durante tres anos o PP estivo actualizando os IPC e cando foi o Partido Socialista o que propuxo as actualizacións do IPC o PP votou en contra. Xa sabemos polo tanto o que está facendo o Partido Popular: votar en contra por sistema; nada máis, non porque teña política social.

Xa sabemos o que está facendo o PP, está actuando dun xeito cando está no goberno e do xeito contrario cando está na oposición. Pero esta vez está amosando non só unha actitude incongruente co que fixo nos seus anos de goberno, senón que o máis preocupante é que está sendo moi insensato porque é precisamente en épocas de crise, de dificultades cando hai que ter máis sentido común. En troques diso, Sra. Molares, vostede está utilizando a demagogia porque mentres aquí propón reducións de cargas impositivas, esa conxelación, ese non subir nada, noutras cidades onde goberna o PP e pónolle os exemplos de Madrid e Valencia, estanse propoñendo actualizacións do IPC.

Leo unha nova do 26 de setembro por veren o que acontece en Madrid: "O Concello de Madrid subirá os impostos en torno a un 4% equivalente ó IPC real". Así que aquí non é real pero en Madrid si, aquí somos distintos, somos galegos, somos diferentes. Eu nomeeille unha serie de medidas pero o que está facendo o Partido Popular por detrás en Madrid é anunciar que se está estudando aumentar o tipo do IBI para os soares ou gravalos con plusvalías cando as transmisións se fagan en menos dun ano. Está presentando claramente unha subida de impostos, nin sequera actualizacións do IPC e isto nun concello gobernado por vostedes.

Voulle ler o que acontece en Valencia e todos coñecen á súa alcaldesa. Verán que en principio o titular é bo porque poden dicir que se conxelan catro impostos pero se descarta baixar o IBI pola nova taxa de lixo. Claro que nos preguntamos que é iso. Empeza ben, di que non vai subir o imposto de vehículos, nin plusvalías, nin bens inmoables, nin o imposto de construcións e nós podemos pensar que está realmente practicando unha política social. Pero no seguinte parágrafo se di que o Partido Socialista solicita un desconto do 12,76% (decátense de que estamos falando de subidas dun 4%) porque en Valencia se vai sacar unha nova taxa de

tratamento de lixo que se cobrará co recibo da auga a partir do un de xaneiro e van subir os impostos nun 12,76%, polo tanto, nin mantendo constantes os outros impostos, van evitar unha suba. Señores do PP iso é o que están facendo noutras cidades de España e están propoñendo o contrario nesta cidade de Vigo. Están propoñendo que sexan os vigueses os que se fagan cargo da crise pero non os madrileños nin os valencianos.

Sen ningún tipo de escrúpulos vostedes están recorrendo acotío ó engano e á manipulación. Seguen sen aceptar a súa derrota. Están nun estado de ansiedade permanente na busca e captura de posibles erros nos que poidamos incorrer como goberno. Como non atopan os erros porque non existen, entón os inventan.

Sra. Molares, unha economista, licenciada, que presume de ter esa oposición de nivel A, non pode saír á prensa dicindo que se van incrementar os impostos para unha familia nun termo medio de 90 euros. Iso é unha auténtica falsidade. Sra. Molares, falloume como economista e como política. Cústame moito crer que unha persoa que eu considero intelixente non saiba como se calculan os efectos dunha modificación de taxas ou impostos. Non sei se non sabe facer os cálculos, se quen os fixo foi outra persoa que non os sabe facer ou se realmente vostede quixo recorrer á manipulación de datos para obter eses 90 euros e xerar así alarma social. A única posibilidade de que dean eses 90 euros é considerando que en Vigo existe a metade das familias que realmente existen, é dicir, manipulando os datos estatísticos e considerando que aquí existen menos vigueses dos reais. Se vostedes utilizan os datos dese xeito poden saír nos xornais dicindo 90, 100, 50, 200; dá igual porque é unha manipulación da realidade.

Aquí están as contas feitas e para que esa familia media que vostede está considerando tivera que pagar o ano que ven 90 euros, nestes momentos esa familia da que vostedes falan estaría pagando ó Concello en distintos impostos máis de 2.200 euros. Como é posible que unha familia media viguesa pague ó Concello nestes momentos máis desa cantidade en impostos? Tiña que ser unha familia con dous coches da gama máis alta, que pague e máis alta taxa de vehículos, ten que estar pagando por IBI ó redor duns 1.500 euros e por iso quero que todos collan os seus recibos de IBI por que iso quere dicir que hai un valor catastral declarado de máis de 200.000 euros. Eu preguntei canto se estaba pagando de IBI por vivendas do distrito 1, do centro de Vigo, cunha superficie de

100 m2, é dicir, propietarios cunha boa posición económica e están pagando 370€ de IBI e non 1.500€ e teñen valores catastrais por 50.000 euros e non 200.000. Polo tanto a familia media da que vostede fala, Sra. Molares, ten dous coches de luxo, ten casa e ten chalé. Eu quero saber quen de aquí é esa familia media porque dende logo si serán familias medias amigas súas pero eu non coñezo ningunha familia media así.

Quero ir un pouco máis lonxe porque o propio Sr. Guerra, o seu compañeiro de partido no último ano de goberno, dixo o seguinte: "O que lle imos pedir a cada un dos vigueses, a cada cidadán son 380 euros". Isto é o que está pagando un vigués. Aplique a esa cantidade un 4,2% e a ver canto lle sae, Sra. Molares. Iso si, se de súpeto en Vigo todos somos familias numerosas, de cinco membros ou iso que vostede di, pois si pero esa non é a verdade. As familias de Vigo non son todas de cinco membros. Vostede non coñece a realidade económica de Vigo, non sabe cal é unha familia media. Calquera pode facer as contas e saber a verdade do que está acontecendo.

Sra. Molares, non se pode ir enganando ós cidadáns deste xeito. Que vostede diga unha falsidade como esa é un desprestixio para toda a comunidade de economistas pero tamén para a política. A verdade é que son tantas as ganas que teñen de atopar algo co que atacar a este goberno que actúan de mala fe e volven seguir enganando.

Falou hai un rato dun cambio nas ordenanzas sobre os prazos para os inicios dos padróns fiscais. Vou ler o que está nas ordenanzas actuais e o que se propón.

O que está nas ordenanzas actuais é: No primeiro trimestre iniciárase o cobramento do Padrón de Vehículos de tracción mecánica. No segundo trimestre iniciárase o cobramento do Padrón da taxa do Lixo e o terceiro trimestre o do Padrón de Bens inmobles e actividades económicas. O que nós propoñemos é que o imposto de Vehículos de tracción mecánica que estaba no primeiro trimestre e a taxa de recollida de Lixo que estaba no segundo se inicien no primeiro semestre e que o outro imposto quede no segundo semestre.

A súa interpretación é que o que estaba no segundo trimestre se vai pagar o 1 de xaneiro. Non é posible que o que esteamos dicindo é que o que se vai pagar no primeiro trimestre se pagará no segundo? Non ven vostedes esa interpretación? Tal e como están as ordenanzas neste momento o que está no primeiro trimestre non

se podería pagar no segundo, pero iso non o ven, só ven o que prexudica. O que prexudica realmente é dicirlle algo totalmente falso ós cidadáns como que imos cobrar o 1 de xaneiro.

Sra. Molares, leu ben a proposta do IBI que facemos? Se se fixa verá que propoñemos que o primeiro pagamento se faga no mes de maio e tal e como funcionan realmente os padróns fiscais en maio é cando se paga o imposto de vehículos e polo tanto en maio poden coincidir os dous impostos, o pagamento voluntario do IBI e o de vehículos; pasaría que en maio habería que pagar dous impostos. Se nós mantemos o texto no primeiro trimestre xuntaríanse os dous recibos, pero sinxelamente con este cambio, con poñer o primeiro semestre o que estamos presentando é que se se apunta moita xente a este sistema de pagamento de IBI precisamente atrasaríamos o do primeiro trimestre, Sra. Molares. Estamos propoñendo exactamente todo o contrario pero vostedes actúan con tanta mala fe que enganan, menten e crean alarma social.

Caben as dúas interpretacións, cabe interpretar que o segundo pase para o primeiro e que o primeiro pase para o segundo; pero vostedes só falan dun. Se van falar, falen das dúas interpretacións porque son perfectamente posibles. Como ven ata nisto o PP está realizando unha interpretación retorta das propostas fiscais deste goberno.

Sra. Molares, dígolle a vostede como economista que me parece de suma gravidade dicir que estamos aplicando as mesmas bonificacións fiscais que vostedes aplicaron porque iso é outra rotunda falsidade. Vostede como economista tiña que ver que o que vostedes aplicaron nesas taxas de escolas de primeira etapa e nesas axudas domiciliarias foi unha subida de impostos encuberta e non ningunha redución de carga fiscal porque non actualizaron en ningún momento en tres anos os tramos de renda que daban lugar ás bonificacións e precisamente as nais e pais que tiñan menos recursos e que precisaban dunha gardería infantil, ou esas persoas dependentes que precisaban axuda domiciliaria tiñan que pagar máis porque saltaba de tramo e se lles aplicaba unha tarifa superior.

Vostedes non fixeron política social senón todo o contrario, fixeron que os que pagasen máis, quen tivesen máis carga fiscal fosen precisamente os que tiñan problemas, os que non podían asistir a unha gardería de pago senón a unha gardería municipal e as persoas dependentes que necesitaban de axuda

domiciliaria. Sra. Molares, vostedes subiron os impostos ás persoas máis necesitadas desta cidade: ós dependentes e ás familias que precisaban dunha gardería municipal.

Esa foi a súa proposta. A única política social que vostedes fixeron foi a das familias numerosas e beneficiaron a cincuenta familias. Esa foi a súa política social, pero a súa política de escolas infantís, a de axudas domiciliarias incrementoulles os impostos a milleiros de vigueses.

Pola contra nós estamos propoñendo que sexan milleiros de vigueses os que vexan reducida a súa carga fiscal con ese desconto do IBI, con esas plusvalías, con eses impostos ecolóxicos. Iso é o que nós facemos, algo que vostedes xamais fixeron.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Estamos falando de política fiscal e tamén se falou moito de política social. A min gustaríame falar precisamente das dúas políticas por veren se somos quen de incidir no que realmente lles está a preocupar hoxe ós cidadáns. Preocúpalles algo moito máis sinxelo do que nós debatemos aquí con números, que tamén os hai que debater porque evidentemente hai que explicar todo, pero a eles lles preocupa que os seus gastos estean aquilatados, polo menos como estaban ata agora ós ingresos que tiñan, é dicir, que poidan seguir vivindo cando menos do mesmo xeito que vivían ata agora e non peor. Esa é a clave do que realmente calquera veciño ou veciña de Vigo vai pedir na súa vida, o que fundamentalmente pedimos todos e todas.

Eu voulle facer unha afirmación, Sra. Molares, que espero que me rebata na seguinte intervención e que me diga que estou errado.

Cando estamos propoñendo que os impostos suban o IPC estamos reducindo a presión fiscal. Como economista que é vostede, como persoa máis entendida en números ca min, pídolle que me rebata esta afirmación. Eu atrévome a facer esta afirmación e a repetila as veces que faga falla: mantendo o IPC estamos reducindo a presión fiscal.

Aproveitando que efectivamente estamos nun tempo de crise económica o Partido Popular fai a mesma demagogia de sempre, di que hai que baixar os impostos, reducir as taxas, etc. Sen embargo nestes tempos de crise os sectores que adoitan apoiar á dereita neste País acaban de dicir hai tres días que a primeira medida que hai que tomar é o abaratamento dos despidos. Esa é a política, as solucións para as

crises que sempre presentou a dereita.

O problema de que subamos o IPC cara ós cidadáns non vai estar en que teñan o maior ou menor poder adquisitivo porque eles manteñen o seu poder adquisitivo se somos quen de acadar que os salarios aumenten ese mesmo nivel do IPC.

Xa que vostedes están dicindo que hai que facer política social espero que a dereita, que o Partido Popular, estea ó carón dos sindicatos e das forzas de esquerda para reivindicar que os salarios suban exactamente o IPC. Espero que non fagan como sempre, en tempos de crise as propostas da dereita sempre foron de moderación salarial, de conxelación dos soldos dos funcionarios, que seica non son veciños e veciñas como nós.

Para facer política social non hai que entrar na demagogia de reducir os impostos porque se os reducimos precisamente as persoas menos favorecidas van sufrir a crise dúas veces porque terán menos ingresos e os concellos non van poder ofrecer os servizos e as asistenciais sociais que estas persoas necesitan.

En tempos de crise a obriga dunha administración, polo menos dende a conciencia que nós temos de esquerda, é equilibrar os desequilibrios existentes. Este equilibrio conséguese única e exclusivamente ofertando a aquelas persoas menos favorecidas os servizos universais e públicos ós que si poden acceder.

Claro que xa sabemos que a dereita e o Partido Popular cre nas privatizacións, nos seguros privados, cre en definitiva e porque así o manifestou dende sempre no "sálvese quen poida"; en que as administracións non interveñamos no mercado e así quen teña máis que se libre e quen menos que sufra.

Imos analizar dentro duns minutos unha moción que traen vostedes pola que nos piden, agora que están na oposición, que dobremos as axudas para comedores escolares, non sei cantas cousas de atención social, as escolas infantís; que fagamos non sei cantas vivendas de promoción pública, etc. Eu digo que se iso se fai cunha vara máxica. Vostede vaime dicir agora que reducindo os gastos de protocolo e publicidade, pero sabe que con iso non se fai realidade unha verdadeira política social.

Como vimos defendendo sempre e como nunca a dereita fixo, ou senón imos ós tempos do Sr. Aznar, cando falamos de política social e de presión fiscal temos que tratar de traballar para reducir os impostos indirectos porque 1 litro de combustible cústanos exactamente a unha familia media igual que o que lle custa a unha

familia como a que definía a Sra. Díaz, esa familia cun alto poder adquisitivo. Por iso é moi importante a redución nos impostos indirectos e sobre todo naqueles que afecten a produtos de consumo básico.

Aí é onde está a política fiscal que redistribúe a riqueza neste País e nesta cidade, non reducindo os impostos ou taxas directas que son das que se ten que nutrir un concello como o noso para dar satisfacción ás necesidades básicas. En tempos de crise imos ter moitas máis necesidades sociais que atender, máis xente que vai precisar maior atención, xente desas capas menos favorecidas.

Pois ben, este goberno vai aumentar o gasto social, vai facer unha verdadeira política social, ampliar as coberturas básicas porque así o decidimos e é un obxectivo deste goberno para que as persoas que teñan que recibir axuda no domicilio, os nenos que teñan que asistir con bolsas a un comedor escolar, aquelas persoas que teñan que ingresar nun centro de día o poidan facer; e aquelas persoas que teñen poder adquisitivo de abondo non se beneficien precisamente do esforzo impositivo dos que teñen menos.

Os cartos dos impostos dos que vostede falaba non están mellor nos petos dos vigueses. Iso é unha falacia porque un vigués só con eses cartos non pode poñer en marcha os servizos municipais necesarios. É o Concello quen redistribuíndo e priorizando o gasto é quen pode poñer en marcha os servizos municipais necesarios e en definitiva unha verdadeira política social cos cartos dos vigueses e viguesas.

Non hai subida de impostos, iso é unha falacia. Subíndolles o IPC ós impostos estamos reducindo a presión fiscal dos veciños e veciñas.

SRA. MOLARES PÉREZ: Tentarei seren breve porque creo que os cidadáns son o suficientemente intelixentes como para veren o engano deste goberno e ver que a aínda que eu, Sra. Díaz, sexa unha vergonza para os economistas, teña mala fe e menos mal que me considera intelixente, espero que os cidadáns si consideren a nosa intervención e que gracias a nós poidan non subir os impostos o 4,2%.

Si, Sr. Domínguez, contéstolle que está aumentando a presión fiscal porque está elixindo un IPC do mes de abril, un 4,2%, que repito que non vai ser o que lles suban á maioría dos cidadáns.

Ademais non é necesario ser economista nin ter moitos datos. Aínda que ó Sr.

Domínguez non lle pareza, ós cidadáns o que lles interesa é que os impostos, taxas e prezos lles van subir un 4,2% e que a eles non lles soben o mesmo as retribucións.

Pero se se subiran os impostos un 4,2%, Sr. Domínguez, os cidadáns non terían tanto problema pero o problema é que sobe o leite e os ovos e non só un 4,2%, senón que sobe un 20% ou 11%; o aceite, os combustibles, todos os produtos básicos están subindo moi por riba do IPC. Tamén soben as hipotecas e todo o mundo está hipotecado. Estamos notando que a cesta da compra custa o dobre, que o combustible que botábamos antes non nos chega, que aínda por riba subiron as hipotecas e polo tanto que o que queda para vivir é moito menos.

Menos mal que a Sra. Díaz si di agora que é a maior crise dos últimos quince anos porque ata o de agora non sabiamos que había crise neste País, o Partido Popular era antipatriótico porque dicía que había unha crise. Agora a Sra. Díaz xa sabe que hai unha crise.

Neste Pleno saíu de todo, Iraq ou Prestige, como cando o Partido Socialista non sabe que contestar. Vostede, Sra. Díaz, copiou á dona Magdalena Álvarez porque adoita dar esas contestacións cando non sabe que dicir e saca de todo, ademais di que a culpa da crise a ten o Partido Popular. Encantoume escoitalle esa frase, pero cando o goberno do Sr. Aznar colleu a economía deste País reduciu o paro e a inflación á metade. Sabe que a redución da inflación é fundamental para acadar unha boa economía, como tamén o euríbor para mercar unha casa e ter así unha vivenda. Pero se é habitual que o Partido Socialista lembre Iraq e O Prestige tamén o é que os partidos de esquerdas falen de que a dereita pecha as políticas sociais, abarata o despedimento; a dereita somos o terror, o medo. Eu considérome unha persoa de centro dereita.

Rematou xa ese discurso, levamos moitos anos de democracia e nin o centro, nin a dereita pechan os servizos sociais, todo o contrario e ademais se demostrou tanto a nivel do Estado como da Comunidade Autónoma; ese é un conto que xa non se cre ninguén porque mesmo o Partido Popular deixou cheas as contas da Facenda Pública e este ano anúnciase déficit.

Eu falaba na miña intervención anterior da política orzamentaria porque esta aprobación de ordenanzas forma parte dela. Pois ben, Sr. Domínguez, eu non estou dicindo que non gasten en política social. Vostede preguntoume como o facer. Pois

eu dígolle que están os impostos directos, os indirectos, as taxas, os prezos e están as transferencias doutras administracións públicas. Na intervención do mes pasado a Sra. Díaz dicía que se este Concello tiña unhas contas saneadas era polo incremento de máis de once millóns de euros doutras administracións, pois de aí se poden obter os fondos, non teñen por que pagar os cidadáns de Vigo cos impostos directos porque a través de transferencias, esa débeda histórica que o Bloque tamén reclama, tamén se pode conseguir que este Concello teña máis ingresos. Dígolle outra cousa e non doutra administración pública: temos un Plan Xeral por desenvolver, segundo o Sr. Alcalde as licenzas vannos desbordar. Se incrementan tanto as licenzas para a construción que ademais aumentaron un 4,2%, dese incremento tan alto de ingresos tamén se pode obter política social.

Eu non lle estou pedindo que diminúa a política social pero como dicía, e empecei a miña intervención falando de como se configura un orzamento: ingresos e gastos, hai distintas partidas de ingresos que non son impostos.

Non lle vou consentir esa visión de que se a dereita nos cargamos algo. O Partido Popular cando gobernaba en Madrid foi o primeiro en sacar axudas de cen euros para as mulleres cando teñen un fillo. Non pasou nada, as pensións pagáronse, subíronse, non se recortou nada; os servizos sociais están aí e pola contra se foron aumentando.

Si, Sra. Díaz, si presumo de seren funcionaria do Corpo Superior da Xunta de Galicia, non de seren universitaria e saber facer fotocopias, presumo dunha oposición que aprobei por mérito e capacidade aínda que iso non me fai ser nin mellor nin peor que calquera dos desta Corporación pero si me dá a formación suficiente, aínda que para vostede sexa unha vergonza como economista, para poder analizar estes datos e ver que por eses artigos 36 e 37 da Ordenanza xeral se poderían cobrar os dous impostos no mes de xaneiro. Non me pode contestar que non.

Di que teño mala fe por considerar que en troques dos adiantar os atrasa. Eu estou advertíndolles ós cidadáns que con esa ordenanza se poderían cobrar os dous impostos en xaneiro e dígame vostede se é falso. Ademais o razoamento de que como vai coincidir o do Lixo que é no segundo semestre co adianto que lles piden ós cidadáns que fagan do do IBI para lles descontar un 3% que é falso, dígame se é mentira o que digo e se hai mala fe.

Vostede puxo iso e ó mellor nin sequera o sabía o alcalde. Ó mellor púxoo porque dende unha visión técnica considera que se os cidadáns adiantan os cartos é mellor para o Concello porque ten liquidez. Pero un político ou unha política ten que ver que esa maior presión fiscal que se pode ocasionar non se pode consentir. Afirmo e dígame vostede se é mentira, que con ese cambio se posibilita que se poidan cobrar os dous porque senón agora mesmo lle digo que en troques de poñer o primeiro semestre poñan todo no segundo semestre e así xa non haberá ningunha dúbida. Agora ben, dígame se eu minto e se con esta redacción se pode ou non cobrar os dous impostos no mes de xaneiro.

2.- Nos fraccionamentos solicitados en período voluntario, se chegado o vencemento de calquera dos prazos non se efectuara o pago, consideraranse tamén vencidas as fraccións pendentes, iniciándose o período executivo para o cobro da totalidade da débeda fraccionada non satisfeita e os seus intereses producidos ata a data de vencemento do prazo incumplido, co recargo do período executivo que corresponda. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo, do mesmo xeito, considéranse vencidas anticipadamente as fraccións pendentes procedéndose conforme ao disposto no apartado anterior.

ARTIGO 48.- COMPENSACIÓN.

2.- As débedas a favor do Concello de Vigo por créditos vencidos, líquidos e esixibles, cando o debedor sexa un Ente territorial, Organismo Autónomo, Seguridade Social ou Entidade de Dereito público, cuxa actividade non se rexa polo ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso no período voluntario.

Así mesmo, as débedas vencidas, liquidadas e esixibles que o Estado, as Comunidades Autónomas, entidades locais e outras entidades de dereito público teñan co Concello de Vigo poderán extinguirse mediante dedución das cantidades que a Administración do Estado, ou das Comunidades Autónomas, deban transferir ás referidas entidades debedoras. Neste suposto o procedemento a seguir será o seguinte:

a) Comprobado pola Unidade de Recadación que algunha das Entidades citadas no parágrafo anterior é debedora do Concello de Vigo, unha vez finalizado o período voluntario de ingreso, o poñerá en coñecemento da Tesourería Municipal a fin de verificar a existencia de créditos que poidan ser obxecto de compensación de oficio.

b) Verificada pola Tesourería Municipal a inexistencia de créditos que poidan ser obxecto de compensación de oficio, comunicárase á entidade debedora que, tendo transcorrido o período voluntario de ingreso sen que se tivera efectuado o pago das débedas e non existindo crédito recoñecido ao seu favor, iniciárase procedemento de dedución das cantidades que a Administración do Estado, ou das Comunidades Autónomas, deba transferirlles, con indicación da débeda a que se refire. Na notificación concederase un prazo de 15 días para efectuar as alegacións que se estimen convenientes.

Se durante o prazo de alegacións a Entidade debedora alega insuficiencia de crédito orzamentario e a súa vontade de tramitar un expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito, en prazo non superior aos tres meses, suspenderase o procedemento ata que a modificación orzamentaria sexa efectiva.

Pola contra, se durante dito prazo non se presenta alegación algunha, nin se aportan novos documentos ou elementos de proba, ditarase resolución conforme a dita proposta.

c) Transcorrido o prazo de 15 días e resoltas as alegacións presentadas, no seu caso, adoptárase polo órgano competente o acordo que proceda, notificándoo ao ente acredor e ao debedor.

ARTIGO 48 BIS.- COBRO DE DÉBEDAS DE ENTIDADES PÚBLICAS

1.- Cando non fose posible aplicar a compensación como medio de extinción das débedas das Entidades Públicas apuntadas no artigo anterior, por non ostentar as mesmas crédito ningún contra o Concello, o Tesoureiro solicitará á Intervención ou ao correspondente departamento económico-financieiro do Ente debedor, certificado acreditativo do recoñecemento da obrigaón de pagar ao Concello.

2.- Unha vez efectuado o trámite previsto no número anterior, e despois de examinar a natureza da débeda, do debedor e o desenvolvemento das actuacións realizadas no expediente, elaborárase proposta de actuación, que pode ser unha das seguintes:

- a) Se non está recoñecida a débeda por parte do Ente debedor, solicitar certificación do recoñecemento da obrigaón e da existencia de crédito orzamentario.
- b) Se da certificación expedida se deducira a insuficiencia de crédito orzamentario para atender o pago, comunicárase ao Ente debedor que o procedemento se suspende durante tres meses, a efectos de que poida tramitarse a modificación orzamentaria pertinente.
- c) Cando a débeda teña quedado firme, esta recoñecida a obriga e exista crédito orzamentario, instárase o cumprimento da obriga no prazo dun mes.

Cando a Tesourería valore a extrema dificultade de realizar o crédito municipal a través das accións do apartado anterior, ben como consecuencia da ausencia de resposta do ente debedor, ben como consecuencia da oposición a realizar o pago por razóns de calquera índole, levaranse a cabo, por esta orde, as seguintes actuacións:

- a) Solicitar á Administración do Estado, ou á Administración Autonómica que, con cargo as transferencias que puideran ordenarse a favor do Ente debedor, se aplique a retención de cantidade equivalente ao importe da débeda e sexa posto a disposición do Concello.
- b) Solicitar a colaboración da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- c) Cando todas as actuacións municipais en orde á realización do crédito teñan resultado infrutuosas, investigárase a existencia de bens patrimoniais a efectos de ordenar o embargo dos mesmos, se se estima necesario e resulta acorde cos

principios de economía e eficiencia na xestión recadatoria.

ARTIGO 56.- NORMAS REGULADORAS DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS.

1.- As actuacións e procedementos de aplicación dos tributos do Concello regularanse:

- a) Pola presente ordenanza.
- b) Polas ordenanzas fiscais de cada tributo.
- c) Pola Lei 58/2003 Xeral Tributaria e disposicións regulamentarias que desenvolvan aquela no que non estea regulado na presente ordenanza fiscal xeral e restantes ordenanzas fiscais do Concello.
- d) Supletoriamente, polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos.

2.- Para unha aplicación dos principios de eficiencia e equidade na xestión dos tributos municipais, facultase a Concellería de Economía e Facenda para ditar resolucións aclaratorias, de procedemento, e de aplicación de criterios en relación ó disposto no presente texto da Ordenanza Fiscal Xeral así como nas ordenanzas fiscais de cada tributo

ARTIGO 60.- A XESTIÓN TRIBUTARIA.

3.- O réxime de autoliquidación será supletorio do disposto na correspondente ordenanza en todos os tributos e prezos públicos deste Concello.

ARTIGO 71 - INICIO DO PERÍODO EXECUTIVO

1.- O período executivo iníciase:

- a) Para os tributos de vencemento periódico e notificación colectiva, e para as liquidacións previamente notificadas e non ingresadas ao seu vencemento, o día seguinte ao vencemento do prazo de ingreso en período voluntario.
- b) No caso de débedas a ingresar mediante autoliquidación presentada sen realizar o ingreso, ao día seguinte da finalización do prazo que estableza a correspondente ordenanza fiscal de cada tributo para dito ingreso ou, se este xa tivese concluído, o día seguinte ao da presentación da autoliquidación.

2.- A presentación dunha solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de ditos expedientes.

A interposición dun recurso ou reclamación en tempo e forma contra unha sanción impedirá o inicio do período executivo ata que a sanción sexa firme en vía administrativa e teña finalizado o prazo para efectuar o ingreso en período voluntario.

3.- Iniciado o período executivo, efectuarase a recadación das débedas liquidadas ou autoliquidadas co recargo correspondente e, no seu caso, os intereses e as

costas que procedan polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pago.

4.- O inicio do período executivo determina a esixencia dos intereses de demora e dos recargas do período executivo e, no seu caso, das costas do procedemento de constrinximento.

5.- As recargas do período executivo son de tres tipos: recargo executivo, recargo de constrinximento reducido e recargo de constrinximento ordinario. As súas contías son as seguintes:

a) A recarga executivo será do cinco por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de constrinximento.

b) A recarga do constrinximento reducido será do 10 por cento e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo antes da finalización dos seguintes prazos:

- 1) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 de dito mes ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- 2) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

c) A recarga de constrinximento ordinario será do 20 por cento e será aplicable cando non concorran as circunstancias dos apartados a) e b).

6. Cando os obrigados tributarios non efectúen o ingreso ao tempo de presentar a autoliquidación, producirase a recarga de constrinximento á finalización do prazo regulamentario determinado para o ingreso. En caso de autoliquidacións extemporáneas, presentadas sen realizar o ingreso, os recargo do período executivo devéñanse á presentación das mesmas.

7. As recargas do período executivo son compatibles coas recargas de extemporaneidade.

8.- A recarga de constrinximento ordinario é compatible cos intereses de demora. Cando resulte esixible a recarga executiva ou a recarga de constrinximento reducido non se esixirán os intereses de demora producidos dende o inicio do período executivo.

ARTIGO 72.- INICIO DO PROCEDEMENTO DE CONSTRINXIMENTO.

1.- O procedemento de constrinximento iníciase mediante a notificación da providencia de constrinximento ditada polo Tesoureiro Municipal.

2.- A providencia de constrinximento constitúe o título executivo único, que ten a

mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados ao pago.

3.- A providencia de constrinximento poderá ser impugnada diante do Tesoureiro polos seguintes motivos:

- a) Extinción total da débeda ou prescrición do dereito a esixir o pago.
- b) Solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario e outras causas de suspensión do procedemento de recadación.
- c) Falta de notificación da liquidación.
- d) Anulación da liquidación.
- e) Erro ou omisión no contido da providencia de constrinximento que impida a identificación do debedor ou da débeda constrinxida.

4.- Cando a impugnación, razoablemente fundada, se refira á existencia de causa de nulidade de pleno dereito na liquidación, poderá ordenarse a paralización de actuacións. Se se verifica que efectivamente se dá aquela causa, instarase o correspondente acordo administrativo de anulación da liquidación e estimarase o recurso contra a providencia de constrinximento, procedendo á anulación da mesma.

5.- Unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de constrinximento, o pago da débeda tributaria deberá efectuarse nos seguintes prazos:

- a) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 de dito mes ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

6.- Se o obrigado tributario non efectuara o pago dentro do prazo ao que se refire o apartado anterior, procederase ao embargo dos seus bens, advertíndose así na providencia de constrinximento.

7.- Contra a dilixencia de embargo dos bens que formen o patrimonio do debedor só serán admisibles os seguintes motivos de oposición:

- a) Extinción da débeda ou prescrición do dereito a esixir o pago.
- b) Falta de notificación da providencia de constrinximento.
- c) O incumprimento das normas reguladoras do embargo contidas na Lei Xeral Tributaria e normas ditadas no seu desenvolvemento.
- d) Suspensión do procedemento de recadación.

8.- O procedemento de constrinximento terá carácter exclusivamente administrativo e sustanciarase do modo regulado no Regulamento Xeral de Recadación.

9.- De acordo co disposto no artigo 165 da Lei Xeral Tributaria, o procedemento

de constrinximento suspenderase na forma e cos requisitos previstos nas disposicións reguladoras dos recursos e reclamacións económico-administrativas, e nos restantes supostos previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 73.- POXA DE BENS

1.- A mesa de poxa de bens estará integrada polo Tesoureiro Municipal, que será o Presidente, o Secretario Xeral do Pleno ou funcionario en quen delegue, que actuará como Secretario, un funcionario técnico da Asesoría Xurídica Municipal e o Recadador Executivo Municipal. Todos poderán ser substituídos nos supostos de ausencia.

2.- As poxas de bens embargados anunciaranse, en todo caso, no Taboleiro de Editos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Cando o tipo supere a cifra de 1.000.000 euros, anunciarase, ademais, no Boletín Oficial do Estado. Poderá dispoñerse a publicación do anuncio de poxa en medios de comunicación de gran difusión e en publicacións especializadas, cando ao seu xuízo resulte conveniente e o custo da publicación sexa proporcionado co valor dos bens.

3.- Todo licitador, para ser admitido como tal, constituirá un depósito en metálico ou mediante cheque bancario ou conformado e nominativo a favor do Concello de Vigo de ao menos un 20% do tipo de poxa, salvo que a Mesa de poxa, de forma motivada, o reduza ao 10%.

4.- Se a poxa é de bens inmobles cuxo tipo excede de 250.000 €, o adxudicatario poderá exercer a opción prevista no artigo 111 do Regulamento Xeral de Recadación para efectuar o pago do prezo do remate o mesmo día en que se produza o outorgamento da escritura pública de venda, debendo comunicar ao resultar adxudicatario, o seu desexo de acollerse a esta forma de pago, podendo condicionar a Mesa de poxa esta opción á constitución dun depósito adicional no prazo improrrogable de dez días.

5. O importe dos tramos de licitación, deberá adecuarse ás seguintes escalas:

- a) Para tipos de poxa inferiores a 10.000 euros, 100 euros.
- b) Para tipos de poxa desde 10.000 euros ata 50.000 euros, 300 euros.
- c) Para tipos de poxa desde 50.000 euros ata 250.000 euros, 500 euros.
- d) Para tipos de poxa superiores a 250.000 euros, 1.000 euros.

Cando a mesa teña que substituír aos licitadores en sobre pechado, poxará por eles, segundo os tramos establecidos no presente artigo, sen exceder o límite máximo fixado na súa oferta. Se unha postura non coincide co importe dun tramo, considerarase formulada polo importe do tramo inmediato inferior.

6.- A poxa realizarase con suxeición aos criterios seguintes:

- En primeira licitación, o tipo aplicable será o resultado de aplicar a valoración asignada aos inmobles a allear. En caso de existir cargas que teñan accedido ao Rexistro con anterioridade, servirá de tipo para a poxa a diferenza entre o valor asignado e o importe destas cargas, que deberán quedar subsistentes sen aplicar á

súa extinción o prezo do remate. En caso de que as cargas preferentes absorban ou exceden do valor asignado aos inmobles, o tipo será o correspondente ao importe dos débitos e costas, agás que estes sexan superiores ao valor do ben, en cuxo caso o tipo da poxa será dito valor.

- En segunda licitación, o tipo aplicable será o 75% do anterior.
- No caso de que as poxas en primeira e en segunda licitación resultasen tiveran resultado desertas ou, cos bens adxudicados non se cobrara a débeda e quedasen bens por allear, continuarase o procedemento co anuncio de venda directa destes bens, a xestionar durante o prazo de seis meses contado dende a data de celebración da poxa. Non obstante a Mesa de poxa poderá acordar a adxudicación dos bens, no prazo de tres meses, prorrogables mes a mes ata o límite de seis meses, cando algunha das ofertas presentadas sexa considerada vantaxosa economicamente. Por outro lado, a mesa de poxa poderá acordar a adxudicación dos bens no prazo dun mes, prorrogables mes a mes ata o límite de seis meses a contar dende a data de celebración da poxa, cando polas características dos bens considere que poderían perder valor de mercado polo transcurso do tempo e que algunha das ofertas presentadas é vantaxosa economicamente.

7. Cando os bens teñan sido obxecto de poxa cunha soa licitación, o prezo mínimo de adxudicación directa será o tipo de poxa en dita licitación.

Cando se tiveran celebrado dúas licitacións en poxa, non existirá prezo mínimo de adxudicación directa. Non obstante, se a mesa de poxa estimara desproporcionada a diferenza entre o valor asignado aos bens por taxación e o prezo ofrecido por calquera persoa interesada, co fin de non favorecer o enriquecemento inxusto do comprador en detrimento do propietario dos bens, poderá declarar inadmisíbel a oferta, non accedendo á formalización da venda.

8.- Coma indicativo, fíxase o 35 por cento do tipo da primeira licitación como oferta admisible nas vendas por xestión directa cando tiveran resultado desertas as poxas en primeira e segunda licitación.

ARTIGO 74.- INTERESES DE DEMORA

1.- As cantidades esixibles nun procedemento de constrinximento por ingresos de Dereito público producirán intereses de demora dende o día seguinte ao do vencemento da débeda en período voluntario ata a data do seu ingreso.

2.- A base sobre a que se aplicará o tipo de interese non incluírá a recarga de constrinximento.

3.- O tipo de interese fixarase de acordo co establecido nos artigos 10 do RDL 2/2004 de 5 de marzo e 26.6 da Lei Xeral Tributaria. Cando, ao longo do período de demora, se tiveran modificado os tipos de interese, determinarase a débeda a satisfacer por intereses sumando as contías que correspondan a cada período.

4.- Con carácter xeral, os intereses de demora cobraranse xunto co principal; se o

debedor se negara a satisfacer os intereses de demora no momento de pagar o principal, practicarase liquidación que deberá ser notificada e na que se indiquen os prazos de pago.

5.- Se se embarga diñeiro en efectivo ou en contas, poderán calcularse e reterse os intereses no momento do embargo, se o diñeiro dispoñible fose superior á débeda perseguida. Se o líquido obtido fora inferior, practicarase posteriormente liquidación dos intereses producidos.

6.- Non se practicará liquidación por intereses de demora cando a súa importe sexa inferior a 5 euros.

7.- Noutros supostos, non se esixirán intereses de demora a partir do momento en que se incumpran os prazos máximos para notificar a resolución das solicitudes de compensación, o acto de liquidación ou a resolución dos recursos administrativos, sempre que, neste último caso, se tivera acordado a suspensión de acto recorrido.

En particular, a este efecto, respecto aos recursos administrativos, o prazo máximo para resolvelos establécese nun ano.

ARTIGO 75.- COSTAS DO PROCEDIMENTO

Terán a consideración de costas do procedemento de constrinximento aqueles gastos que se orixinen durante o seu desenvolvemento. As costas serán por conta do debedor a quen lle serán esixidas.

Como costas do procedemento estarán comprendidas, entre outras, as seguintes:

- a) Os gastos orixinados polas notificacións que sexa imprescindible que se teñan que realizar no procedemento administrativo de constrinximento.
- b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan na valoración dos bens trabados.
- c) Os honorarios dos rexistradores e outros gastos que teñan que abonarse polas actuacións nos rexistros públicos.
- d) Os gastos motivados polo depósito e administración dos bens embargados.
- e) Os demais gastos que esixa a propia execución.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2009 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

4.- (190) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. APROBACIÓN INICIAL.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral, con data 8 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 15 de setembro de 2008, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

TEXTO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

2.- A realización do feito impoñible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

Nos inmovibles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén realizárase o feito impoñible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

ARTIGO 4.- SUXEITO PASIVO.

2.- No caso de bens inmovibles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia nun ou en varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción directamente vinculada a cada concesión. Sen prexuízo do deber dos concesionarios de formalizar as declaracións a que se refire o artigo 76 do RDL 2/2004, o ente ou organismo público ao que estea afectado ou adscrito o inmovible ou aquel a cuxo cargo estea a súa administración e xestión, estará obrigado a subministrar anualmente ao Ministerio de Economía e Facenda a información relativa ás devanditas concesións nos termos establecidos regulamentariamente.

Para esta mesma clase de inmovibles, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o ente ou organismo público ao que se refire o parágrafo anterior, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

3.- O disposto nos apartados anteriores será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. O Concello de Vigo repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos do mesmo, fagan uso mediante contra-prestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais do Concello, nos termos do artigo 63 do RDL 2/2004.

4.- Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito impoñible deste imposto, os bens inmovibles obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ó pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos na Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria. A estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán ós comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmovibles asociadas ó inmovible que se transmite.

5.- Responden solidariamente da cota deste imposto, en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou co-titulares das entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figuraren inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

3.- Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos –pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa a vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumbran a seguinte condición:

Contar con ingresos brutos anuais, *per capita*, no exercicio da solicitude, inferiores a 5.335 euros.

- Declaración de IRPF dos integrantes da familia ou ben, autorización a Administración Tributaria do Concello para recabar os datos da Axencia Estatal da Administración Tributaria: No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formularsen declaración de IRPF, poñerase de manifesto esta circunstancia na solicitude e, así mesmo autorizarase para que se recabe a información sobre os ingresos da AEAT.

ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

2.- Tratándose de bens inmobles de características especiais, a redución da Base Impoñible unicamente procederá cando o Valor Catastral resultante da aplicación dunha nova Ponencia de Valores Especiais supere ao dobre do que, como inmovible desta clase, tivera previamente asignado. En defecto deste valor, tomarase como tal o 40% do que resulte da nova Ponencia.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

2.- O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,758%.

3.- O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.

4.- O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,758%.

ARTIGO 11. PAGAMENTO

O prazo para o pagamento voluntario deste imposto será o establecido no calendario fiscal que se publicará no BOP, na páxina web municipal e, por outros medios que se consideren adecuados.

Con carácter xeral, a recadación do padrón do Imposto sobre Bens Inmobles iniciarase no segundo semestre do exercicio.

ARTIGO 12. SISTEMA ESPECIAL DE PAGO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

1.- Ao amparo do disposto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, e co obxecto de facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias, así como incentivar a domiciliación bancaria como medio de pago máis idóneo, establécese un sistema especial de pago das cotas por recibo do

Imposto sobre Bens Inmóbles que, ademais do fraccionamento da débeda nos termos previstos neste artigo, permitirá aos obrigados ao pago que se acollan a este sistema, o goce dunha bonificación do 3% da cota do Imposto.

2.- A bonificación derivada da aplicación do sistema especial de pago será compatible coas restantes bonificacións establecidas na presente ordenanza fiscal reguladora do IBI, e aplicarase sobre a cota líquida resultante da aplicación do artigo 6.

3.- O acollemento a este sistema especial requirirá que o recibo estea domiciliado ou se domicilie nunha entidade bancaria ou Caixa de Aforros, que se formule a oportuna solicitude no impreso que, ao efecto se estableza, que o obrigado ao pago sexa unha persoa física que se atope empadroada no Concello de Vigo e que exista coincidencia entre o titular do recibo/liquidación do exercicio no que se realice a solicitude e nos exercicios seguintes.

4.- A aplicación do sistema especial de pago contemplado neste artigo deberá ser solicitado polo suxeito pasivo con anterioridade ao 1º de marzo do exercicio no que deba ter efecto. Noutro caso a solicitude terá efectos a partir do exercicio seguinte ao da súa petición.

5.- A solicitude debidamente cumprimentada entenderase automaticamente concedida desde o mesmo día da súa presentación, tendo validez por tempo indefinido en tanto non exista manifestación en contrario por parte do suxeito pasivo ou deixen de realizarse os pagos nos termos establecidos nos apartados seguintes.

6.- O pago do importe total anual do imposto distribuirase en dous prazos:

- O primeiro, que terá o carácter de pago a conta, será equivalente ao 50 por cento da cota líquida do recibo do Imposto sobre Bens Inmóbles correspondente ao exercicio inmediatamente anterior, debendo facerse efectivo o 31 de maio, ou inmediato hábil seguinte, mediante a oportuna domiciliación bancaria.

- O importe do segundo prazo pasarase ao cobro á conta corrente indicada polo interesado o último día do período voluntario de cobro do imposto, e estará constituído pola diferenza entre a contía do recibo correspondente ao exercicio e a cantidade abonada no primeiro prazo, deducindo, á súa vez, o importe da bonificación regulada no presente artigo.

7.- Cando, por causas imputables ao interesado, non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe do primeiro prazo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pago e perderase o dereito á bonificación correspondente. Neste suposto, o importe total do imposto poderá abonarse sen recargo ningún no período voluntario de pago establecido para o padrón do IBI, coas consecuencias legais pertinentes no suposto de falta de pagamento no citado período voluntario.

Se, téndose feito efectivo o importe do primeiro dos prazos, por causas imputables ao interesado non se fixese efectivo o segundo prazo, ao seu correspondente vencemento iniciarase o período executivo pola cantidade pendente de ingreso e,

así mesmo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pago, coa conseguinte perda do dereito á bonificación.

8.- Cando o ingreso a conta efectuado como primeiro prazo sexa superior ao importe da cota resultante do recibo, a administración tributaria procederá de oficio á devolución inmediata do exceso sobre a citada cota, mediante transferencia bancaria á mesma conta na que se efectuou o cargo.

ARTIGO 13.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª.- A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2009 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

5.- (191).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. APROBACIÓN INICIAL.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral, con data 8 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 15 de setembro de 2008, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago

Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

TEXTO DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ARTIGO 4.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

4.-

b) Que se trate de vehículos novos sen matricular, clasificados como turismos de motor de gasolina ou diesel, cuxa marca e modelo se inclúan entre os vehículos máis eficientes con cualificación de Eficiencia Enerxética A) nos termos do Real Decreto 837/2002, de 2 de agosto, aplicando a bonificación durante o ano da primeira matriculación e o segundo. Aplicarase esta bonificación a vehículos novos que, aínda non estando cualificados de Eficiencia Enerxética A), as súas emisións de CO2 non sexan superiores a 120 g/km.

d) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol ou hidróxeno, gozarán da bonificación na cota durante dos anos naturais dende a súa matriculación. Aplicarase esta bonificación a vehículos adscritos a licenzas de autotaxi que utilicen combustible GLP (gases licuados do petróleo).

ARTIGO 6.- COTA

1.- O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade

co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A. TURISMOS		COTA ANUAL
A.1. de menos de 8 cabalos fiscais	20,90 €	
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	58,05 €	
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	124,70 €	
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €	
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €	
B. AUTOBUSES		COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas	140,95 €	
B.2. de 21 a 50 prazas	204,65 €	
B.3. de máis de 50 prazas	255,85 €	
C. CAMIÓN		COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil	71,85 €	
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	140,95 €	
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil	204,65 €	
C.4. de máis de 9999 kg. de carga útil	255,85 €	
D. TRACTORES		COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais	27,25 €	
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais	43,65 €	
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais	130,70 €	
E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR TRACCIÓN MECÁNICA		VEHÍCULOS DE COTA ANUAL
E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil	29,85 €	
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil	47,00 €	
E.3. máis de 2999 kg. de carga útil	143,65 €	
F. OUTROS VEHÍCULOS		COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	6,30 €	
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	6,30 €	
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	12,55 €	
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,29 €	
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,58 €	
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	121,15 €	

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2009 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

6.- (192).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. APROBACIÓN INICIAL.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral, con data 8 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 15 de setembro de 2008, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

ARTIGO 5.- EXENCIONS

As entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión social reguladas polo Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados aprobado polo RDL 6/2004 do 29 de outubro.

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

1.- Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo a categoría da rúa en que radique:

Categoría Fiscal	Coeficiente Situación
1ª	2,91
2ª	2,72
3ª	2,55
4ª	2,34
5ª	2,19
6ª	1,99

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2009 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

7.- (193).- MODIFICACIÓNS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. APROBACIÓN INICIAL.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral, con data 8 de agosto, non formula obxección ningunha á

devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 15 de setembro de 2008, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

TEXTO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

ARTIGO 4.- EXENCIONES.

2.- SUBXECTIVAS.

e) As Entidades Xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión social reguladas polo Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados aprobado polo RDL 6/2004 do 29 de outubro.

ARTIGO 5.- BONIFICACIONES.

Gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra os suxeitos pasivos deste imposto cando o feito impositivo consista na transmisión de dominio, constitución ou transmisión de calquera dereito reais de goce limitativos do dominio, mortis causa en relación a vivenda habitual do causante a favor do seu cónxuxe, descendentes e ascendentes, por natureza ou adopción.

Aos efectos do goce da bonificación, equipárase ao cónxuxe a quen convivise co causante con análoga relación de afectividade polo menos durante un ano e o acredite mediante certificado de inscrición no rexistro de unións de parellas de feito expedido ao efecto.

ARTIGO 6.- SUXEITOS PASIVOS

1.- É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:

- a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica ou entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral tributaria que adquira o terreo ou a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.
- b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título oneroso, a persoa física ou xurídica ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que transmita o terreo ou que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

2.- Nos supostos a que se refire a letra b) anterior, se o contribuínte é persoa física non residente en España, terá a consideración de substituto do contribuínte a persoa física ou xurídica, ou a entidade á que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que adquira o terreo ou a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En tanto non se proceda á fixación dos valores catastrais conforme ás prescricións do RD 2/2004 de 5 de marzo, procederá a efectos da determinación da base impositiva deste imposto, a aplicación dos valores catastrais a efectos do IBI.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

8.- (194).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A

ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS
AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou de que entenda a administración do concello ou a dos seus organismos autónomos a instancia de parte, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral, con data 8 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 15 de setembro de 2008, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou de que entenda a administración do concello ou a dos seus organismos autónomos a instancia de parte, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

**TEXTO DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS
POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN
DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, A INSTANCIA
DE PARTE**

ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

- | | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|
| 1.- Certificados relativos ó Padrón Municipal de Habitantes: | |
| a. De ata 5 anos de antigüidade | 2,05 € |
| b. Superior a cinco anos ata dez | 4,25 € |
| c. De mais de dez anos | 11,30 € |
| d. Relativo ó nº de habitantes dunha sección ou distrito, clasificados polos diversos parámetros: idade, sexo, nivel de instrución, etc:
Por cada distrito ou sección e parámetro | 2,05 € |
| e. Relativo ó total de habitantes do concello, referente a todas as seccións e distritos, e clasificados por parámetros:
Por cada parámetro | 38,15 € |
| 2.- Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares: | |
| a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina | 9,30 € |
| b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de | 1,30 € |
| 3.- Restantes certificados: | |
| a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina | 2,05 € |
| b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de | 1,30 € |
| 4.- Copias de planos: | |
| a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados | |
| - DIN A-4 | 1,70 € |
| - DIN A-1 | 3,40 € |
| - Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de | 8,80 € |
| b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados: | |
| - De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a). | |

- Por cada ano máis de antigüidade incrementaráse a tarifa deste epígrafe 4.b).

Por cada Plano 1,30 €

c.- Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:

- De ata tres anos de antigüidade, por un plano. 9,30 €
- Por cada ano ou plano máis, un recargo de 1,30 €

5.- Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.

a. de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina

A4 0,30 €
A3 0,35 €

b. de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina

A4 0,45 €
A3 0,90 €

c. de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina

A4 0,65 €
A3 1,05 €

d. de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina

A4 0,85 €
A3 1,85 €

Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra, o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda

No suposto en que os documentos relativos os apartados 4 e 5 anteriores puideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.

6.- Verificación de poderes:

a. Validación de poder, por cada un 9,30 €

b. Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha 4,00 €

c. Simple recoñecemento de sinatura 2,40 €

7. Fotocopias:

a. Fotocopias de documentos achegados polos interesados,

- por cada páxina A4. 0,15 €
- por cada páxina A3 0,35 €

b. Compulsa de documentos

- Primeira páxina 1,30 €
- Por cada unha das restantes 0,40 €

8.- Xerocopias de ordenanzas e regulamentos: - Por cada exemplar	4,05 €
Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

TEXTO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS

TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

ARTIGO 5. TARIFAS

TARIFA I.- COTA DE ABOAMENTO

- Cota de aboamento ó servizo 3,42 €/usuario/mes

TARIFA II.- PRESTACIÓN DO servizo DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE PARA USOS DOMÉSTICOS E NON DOMÉSTICOS

A) Uso doméstico:

De 0 a 30 m ³	0,3469 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,4569 €/m ³
Ídem de 50 ata 70 m ³	0,4642 €/m ³
Ídem de 70 ata 100 m ³	0,7921 €/m ³
Ídem de 100 ata 200 m ³	0,8056 €/m ³
Exceso de 200 m ³	1,0536 €/m ³

B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m ³	0,6582 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,9641 €/m ³
Ídem de 50 ata 70 m ³	0,9940 €/m ³
Ídem de 70 ata 200 m ³	1,2064 €/m ³
Ídem de 200 ata 500 m ³	1,2443 €/m ³
Exceso de 500 m ³	1,3082 €/m ³

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO servizo DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

A) Usos domésticos:

De 0 a 30 m ³	0,3772 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,4895 €/m ³
Ídem de 50 ata 70 m ³	0,4953 €/m ³
Ídem de 70 ata 100 m ³	0,7645 €/m ³
Ídem de 100 ata 200 m ³	0,7724 €/m ³
Exceso de 200 m ³	0,8759 €/m ³

B) Uso non doméstico:

De 0 a 30 m ³	0,5883 €/m ³
Exceso de 30 ata 50 m ³	0,7424 €/m ³
Ídem de 50 ata 70 m ³	0,7544 €/m ³
Ídem de 70 ata 200 m ³	0,9285 €/m ³
Ídem de 200 ata 500 m ³	1,0428 €/m ³
Exceso de 500 m ³	1,2012 €/m ³

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2009 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

ANEXO I

CADRO DE PREZOS DE EXECUCIÓN MATERIAL PARA A REDACCIÓN DE ORZAMENTOS DE CONEXIÓNS E PROLONGACIÓNS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO CON CARGO ÓS ABONADOS.

1.- CONEXIÓNS ABASTECIMENTO

1.1. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 20 ou 25 mm. de diámetro, totalmente instalada, incluíndo escavación e recheo así como levantamento e reposición de pavimentación.	562,5380 €
1.2. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regó e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	915,2568 €
1.3.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regó e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	956,7571 €
1.4.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro, sen boca de incendios/regó e excluído levantamento e reposición de pavimentación.	1.061,9291
1.5.- Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para boca de incendios/regó, excluído levantamento e reposición de pavimentación.	956,7571 €
1.6. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro para hidrante de incendios, excluído levantamento e reposición de pavimentación.	1.061,9291
1.7. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 20 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.	17,8961 €
1.8. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 25 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.	

	18,8188 €
1.9. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.	20,1389 €
1.10. MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.	22,1415 €

2.- CONEXIÓNS DE SANEAMENTO

2.1. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario.	862,5582 €
2.2. Conexión de saneamento de lonxitude entre 6 e 9 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario.	1.078,2053 €
2.3. Conexión de saneamento de lonxitude entre 9 e 12 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario.	1.509,5069 €
2.4. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 25 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.	676,4407 €
2.5. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 31,5 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.	847,9248 €
2.6. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.	1.046,4181 €
2.7. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.	1.304,1956 €
2.8. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 12 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.	66,4845 €
2.9. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 25 cm. De diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.	80,9454 €
2.10. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 31,5	

cm. De diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluindo levantamento e reposición de pavimentación.	107,9173 €
2.11. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluindo levantamento e reposición de pavimentación.	139,1194 €
2.12. MI. De subministración e colocación de tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluindo levantamento e reposición de pavimentación.	179,6521 €

3.- ESCAVACIÓNS E RECHEOS.

3.1. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en terreo de tránsito, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados ((20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro.	26,5443 €
3.2. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en roca, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas al 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados 20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de produtos sobrantes ó vertedoiro.	62,0217 €

4.- LEVANTAMENTO E REPOSICIÓN DE PAVIMENTACIÓNS.

4.1. M2. De levantamento e reposición de macadam con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2 con 0,300 m3. De áridos, completamente rematada.	17,4537 €
4.2. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de vinte (20) cm. de grosor, completamente rematado.	58,1590 €
4.3. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de	

adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de trinta (30) cm. de grosor, completamente rematado.	73,0774 €
4.4. M2. De levantamento e reposición de pavimentación de formigón de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor, completamente rematado.	34,2248 €
4.5. M2. De levantamento e reposición de baldosa de terrazo en cores, na beirarrúa, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado.	55,0313 €
4.6. M2. De levantamento e reposición de baldosas de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado.	40,7428 €
4.7. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre area aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.	18,9463 €
4.8. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.	53,6586 €
4.9. M2. De levantamento e reposición de baldosa de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica y 20 cm. de grosor, completamente rematado.	136,5543 €
4.10. M2. De levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7Kg. De ligante ECR-2, con 0,300 m3. De áridos, completamente rematado.	17,4687 €

5.- INSTALACIÓN DE TUBO DE ABASTECIMIENTO.

5.1.MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 60 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	15,7586 €
5.2. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 80 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	20,5289 €
5.3. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 100 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	24,1292 €
5.4. MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 125 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións,	

medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	31,4196 €
5.5. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 150 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	34,1648 €
5.6. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 175 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	38,1776 €
5.7. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 200 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	50,8235 €
5.8. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 250 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	65,4945 €
5.9. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	81,2230 €
5.10. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 350 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	100,5743 €
5.11. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 400 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	125,0635 €
5.12. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	145,6074 €
5.13. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	165,6862 €
5.14. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ¼", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.	8,9931 €
5.15. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ½", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.	9,9682 €
5.16. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de	

2", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada. 12,7509 €

6.- VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECIMIENTO.

6.1. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 60 mm. 227,5579 €

6.2. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 80 mm. 254,5447 €

6.3. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 100 mm. 282,3341 €

6.4. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 125 mm. 404,7798 €

6.5. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 150 mm. 429,3364 €

6.6. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 175 mm. 677,4232 €

6.7. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 200 mm. 710,7555 €

6.8. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 250 mm. 1.173,0567

6.9. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 300 mm. 1.417,3782

6.10. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 350 mm. 1.893,8628

6.11. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 400 mm. 2.411,7429

6.12. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 450 mm. 5.104,6346

6.13. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 500 mm. 5.484,9852

7. INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMIENTO.

7.1. MI. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 30 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado. 28,1719 €

7.2. MI. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 40 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente

instalado.	38,9502 €
7.3. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 50 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.	47,4857 €
7.4. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 60 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.	55,1888 €
7.5. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 80 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.	79,9104 €
7.6. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 100 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.	96,8840 €

8.- REXISTROS

8.1. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm ² . De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm ² . De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.	934,8181 €
8.2. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm ² . De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm ² . De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.	970,7680 €
8.3. Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm ² . De R.C., y de 20 cm. de grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte	

de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada.	544,8293 €
8.4. Ud. De adaptación ó pozo existente, incluíndo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado.	267,9181 €

9.- TRABALLOS ESPECIAIS.

9.1. Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. de diámetro, sen incluír o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude.	69,1696€
9.2. Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude.	138,3319 €

10.- PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS REALIZADOS POLA ADMINISTRACIÓN.

10.1.	MAQUINARIA	
10.1.1.	Hora de compresor	11,5733 €
10.1.2.	Hora de camión MAN	36,8050 €
10.1.3.	Hora de camión PEGASO	29,4395 €
10.1.4.	Hora de camión EBRO	24,1816 €
10.1.5.	Hora de retroescavadora TY-45.	39,9552 €
10.1.6.	Hora de retroescavadora TY-45 con martillo	99,8918 €
10.1.7.	Hora de retroescavadora LY-80.	51,5284 €
10.1.8.	Hora de carterpillar 955/950.	51,5284 €
10.1.9.	Hora de tractor grúa.	29,4395 €
10.1.10.	Hora rodete compactador.	41,0127 €
10.1.11.	Hora de bituminadora.	35,7474 €
10.1.12.	Hora de compactadora tipo ra, bandexa	7,6205 €
10.1.13.	Hora cortadora de pavimentos	22,8691 €
10.1.14.	Hora de vehículo lixeiro transporte.	15,2486 €
10.2.	MAN DE OBRA	
10.2.1.	Hora de xornal de PEÓN	9,8632 €
10.2.2.	Hora de xornal OFICIAL	10,3957 €

28.- (214).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS. APROBACIÓN INICIAL.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta

proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral, con data 8 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 15 de setembro de 2008, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

TEXTO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ENSEÑANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS

ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,80 €, que poderán ser incrementadas no acto administrativo regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividir o custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.

c Escola Municipal de Música:

Música e movemento:

- Matrícula 40,70 €
- 10 mensualidades de 16,15 €

Práctica instrumental. Nivel I:

- Matrícula 56,95 €
- 10 mensualidades de 22,40 €

Práctica instrumental. Nivel II:

- Matrícula 62,05 €
- 10 mensualidades de 24,75 €

Práctica instrumental. Nivel III:

- Matrícula 67,10 €
- 10 mensualidades de 26,80 €

Difusión musical (curso 20 horas)

- Matrícula 30,10 €

Monográfico (curso 20 horas)

- Matrícula 45,20 €

Especialización musical (curso 30 horas)

- Matrícula 150,50 €

d) Escola Municipal de Teatro.

Cursos de teatro para menores, (niveis de iniciación e perfeccionamento)

- Matrícula 24,40 €
- 9 mensualidades de 21,20 €

Cursos monográficos

- 20 horas ou fracción. 44,35 €
- 40 horas 88,65 €
- 60 horas 133,05 €
- 80 horas ou máis 177,40 €

Cursos de teatro para persoas adultas (niveis de iniciación e perfeccionamento)

- Matrícula 86,50 €
- 9 mensualidades de 77,65 €

e) Estarán exentos dos prezos públicos regulados na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais *per cápita* inferiores a 3.415 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 47.860 €.

Para o goce desta exención dítase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

f) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a Escola Municipal de Música pertencesen a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, *per cápita*, no exercicio da solicitude inferiores a 5.335 €, quedarán eximidos do pagamento destes prezos públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2009, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

29.- (215).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES Ó "INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES. APROBACIÓN INICIAL.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ó Instituto Municipal dos Deportes, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 6 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

A Intervención Xeral, con data 8 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 15 de setembro de 2008, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas

Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes ó Instituto Municipal dos Deportes, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

TEXTO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES Ó INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES

CAPITULO V.- EXENCIÓNS

ARTIGO 6.-

b) Estarán exentos os alumnos de Escolas deportivas que sexan membros de familias con ingresos brutos anuais *per cápita* inferiores a 3.415 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 47.860 €.

e) Os alumnos de Escolas Deportivas pertencentes a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, *per cápita*, no exercicio da solicitude inferiores a 5.335 €.

ARTIGO 18.- PREZOS PÚBLICOS.

A) ESPECTÁCULOS

En todas as instalacións.

- | | |
|---------|----------------------|
| - 1 día | 3.926,00 euros + iva |
| - ½ día | 2.198,00 euros + iva |

- Alquiler escenario	19,64 euros m2 + iva
B) ACTIVIDADES CULTURAIS.	
- 1 día	549,00 euros + iva
- 1/2 día	315,00 euros + iva
C) ESPECIAL	
Para montar e desmontar.	
Hora	35,00 euros + iva

ARTIGO 19.-

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIÓN, ADESTRAMENTOS.

a) ABONO TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todas as entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

a.1. EQUIPOS FEDERADOS:

Categoría especial	196,30 €
1ª Categoría (un só equipo)	78,50 €
1ª Categoría (máis de un equipo)	117,80 €
2ª Categoría	58,85 €

a.2. EQUIPOS NON FEDERADOS 58,85 €

1.2. COMPETICIÓN-EXHIBICIÓN: (sen tempo límite)

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competición dunha longa ocupación coma Patinaxe, rítmica, Artes marciais.

Instalacións	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Pavillón Central	47,10	78,50
Outras Instalacións	27,45	47,10

1.3. PARTIDOS (Baloncesto, balonmán, Voleibol, Fútbol, etc.)

a) PAVILLÓN CENTRAL

	Sen taquilla €/hora	Con taquilla €/hora
Categoría especial	62,80	149,20

b) OUTRAS INSTALACIÓN

	€/hora
Categoría especial	58,85
1ª Categoría	27,45
2ª Categoría	13,30

1.4. ADESTRAMENTOS.

a) PAVILLÓN CENTRAL €/hora

Categoría especial e 1ª categoría 11,70

b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.	Pista enteira €/hora	Pista compartida €/hora
- Categoría especial e 1ª categoría.	7,40	5,45
- 2ª Categoría	5,05	3,95

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS	€/hora
1ª Categoría (un equipo)	4,30
2ª Categoría (un equipo)	2,35

ARTIGO 20.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

1. ACCESO AS INSTALACIÓNS.

1.1 Adulto	2,90 €
1.2 Menores	2,00 €

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1. Adulto	26,70 €
2.2. Menores	18,10 €

3. TENIS E FRONTÓN E PADEL

3.1. Instalacións cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	4,30 €	38,70 €
b) 4 Xogadores	5,05 €	45,45 €

3.2. Instalacións descubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores	2,90 €	26,35 €
b) 4 Xogadores	4,30 €	38,70 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e padel:

	€/hora
Instalacións cubertas	1,95
Instalacións descubertas	1,25

4. XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dous sesións a semana	15,00 €
------------------------------------------------------------------	---------

4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións á semana	18,85 €
------------------------------------------------------------------	---------

4.3. Cotas de abonados ós Ximnasios.(uso libre).

4.3.1 Adultos (individual anual)	141,40 €
4.3.2 Menores (individual anual)	86,50 €

4.3.3 Familiar (anual) 204,30 €

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

4.3.4 Adultos (individual anual) 117,85 €

4.3.5 Menores (individual anual) 62,80 €

4.3.6 Familiar (anual) 173,25 €

5.- SQUASH:

	1 reserva	Abono 10 usos/reservas
Reserva uso pista (45 minutos)	3,95 €.	35,65 €

ARTIGO 21.- PROGRAMAS DE ENSINANZA E PROMOCIÓN DEPORTIVA

1. PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Adultos/mes 30,70 €

1.2. Menores/mes 19,65 €

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

€/alumno/mes

2.1. Grupo colexios 6,90 €

2.2. Outros programas 12,65 €

3. ESCOLAS DEPORTIVAS:

3.1. Escolas Deportivas
Por alumno/a-curso 39,35 €

ARTIGO 22.- OUTROS USOS

1. COLEXIOS:

Instalacións deportivas 7,95 €/hora

2. ACADEMIAS PRIVADAS

Instalacións deportivas 15,70 €/hora

3. RENOVACIÓN DO CARNE

Renovación de carnet 0,85 €

4. SALA DE REUNIÓNIS:

Sala de reuniónis: 2,35 €/hora

DISPOSICIÓN FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2009, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

30.- (216).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO

CONSELLO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL.
EXPTE. 36378/301.

ANTECEDENTES.- Con data 16 de setembro de 2008 o xefe de área de Benestar Social, coa conformidade da concelleira delegada, de acordo coa normativa aplicable, emite informe proposta co contido que se reflicte na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 22 de setembro, acordou aprobar a citada proposta.

A comisión informativa de Acción Social, en sesión do 22 de setembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: O 27 de xullo do ano 94 o Pleno desta Corporación aprobou o Regulamento do Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade. O que se pretendía naquel intre era promover e facilitar a participación das diferentes asociacións que traballaban en cooperación internacional e cooperar cos países en vías de desenvolvemento, así como en catástrofes internacionais. Falamos de xullo do ano 1994.

Este Consello municipal practicamente non se reuniu nunca e a última vez que o fixo foi no ano 2002 cando precisamente levaba este Consello o actual tenente de alcalde, Sr. Domínguez.

Dende aquela as asociacións que pertencían a este Concello foron mudando ou desaparecendo. Das doce asociacións que formaban parte del actualmente quedan catro en activo e cando convocamos este Consello acudiron exactamente dúas.

Na nosa aposta por estimular a participación social para dar unha resposta acada á rede solidaria de cooperación decidimos darlle un novo pulo a este Consello para que poidan participar todas as organizacións, porque hoxe en día hai moitas organizacións nesta cidade traballando en cooperación internacional. Agora pretendemos contar con elas, escoitar as súas propostas e na medida do posible darlles unha resposta acada ás súas demandas.

Os novos retos que presenta a pobreza requiren medidas importantes e precisamente coa crise económica na que nos atopamos non estamos no momento de que se cumpran os obxectivos do milenio. Precisamente na última reunión que

houbo na ONU sobre este tema falouse de que non vai ser posible acadar os obxectivos marcados para o 2015.

Nós consideramos que o Concello de Vigo necesita poñerse ó día neste tema porque nestes momentos somos o último Concello a nivel de grandes cidades á hora de colaborar a nivel internacional.

Durante o goberno do Partido Popular nesta cidade e dende o 2003 non se incrementou nin un só euro a cooperación internacional. Hai Concellos como o da Coruña que nestes momentos están aportando 200.000 euros en cooperación internacional. Dóenme estas cifras pero nós nestes momentos aportamos 87.000 euros.

Neste sentido en Vigo, onde alardeamos de cidade solidaria, é o momento de apostar nonsó pola participación de todas as organizacións que traballan neste campo, senón tamén que temos que apostar economicamente para poder facer gala desa solidariedade que dicimos que temos.

Quero facer tamén un chamamento ó Sr. Presidente, alcalde desta cidade, que se comprometeu publicamente. Coido que habería que levar a cabo ese compromiso público de incrementar os orzamentos ata duplicar o que hai actualmente para o Fondo Galego de Cooperación Internacional. Sabemos que este é un ano de crise pero cremos que as persoas que menos teñen son as que máis teñen que recibir.

Para acadar isto precisamos desas organizacións, darlle pulo ó Consello Sectorial de Cooperación Internacional e é por iso que pretendemos a modificación dos seus estatutos para os axustar ó Regulamento de Participación Cidadá e que de novo este Consello volva funcionar para poñer en marcha entre todos e todas esa política de solidariedade e de cooperación.

SRA. IGLESIAS BUENO: Adiántolle que imos votar a favor desta iniciativa o que pasa é que tampouco quería deixar pasar iso de que o goberno anterior non se reuniu con estas asociacións, pola contra mesmo se reuniu nas novas instalacións do andar 11 e con maior éxito de participación, polo que di, porque en total foron unhas dezasete asociacións as que acudiron no 2007. Que só fosen dúas a min me sorprende, que teña tan pouco apoio para algo tan importante.

Dixo ademais que nós non incrementamos ningunha axuda en cooperación internacional. Nós non só incrementamos as axudas, e pódeo ver nos orzamentos,

senón que ademais foi un goberno do Partido Popular quen se meteu no Fondo Galego de Cooperación e seguiu traballando con el durante todo este tempo e, pódennlle preguntar, de xeito moi positivo.

Por outra banda sorpréndenos moito que trouxera unha vez máis un consello de Participación cando estamos pendentes de que nos traian o Regulamento de Participación Cidadá que ten que desenvolver este goberno dentro da Lei de grandes cidades. Ese é o documento que nos ten que traer que vai invalidar todos estes consellos que estamos aprobando agora.

Eu diríalle que se puxera de acordo co concelleiro de Participación Cidadá e leven adiante dunha vez o Regulamento de Participación Cidadá.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Gracias pola recomendación, Sra. Iglesias.

Efectivamente, a nós non nos doen prendas en recoñecer o que efectivamente fixeron. No ano 98 constitúese o Fondo Galego de Cooperación Internacional e nese ano estaba gobernando o Partido Popular. Este ano este Fondo Galego de Cooperación Internacional fixo dez anos pero foron precisamente un concelleiro en un alcalde nacionalista que entraron no 99 quen dotaron a ese Fondo dun convenio que aumentou ós poucos durante todo o mandato do BNG e o Partido Socialista nesta cidade ata acadar os 64.500 euros do ano 2002. Dende entón non se subiu absolutamente nada porque agora que estou na Executiva dese Fondo pedín precisamente as contas.

Sra. Iglesias, non é que teña problemas de convocatoria, vostedes non reuniron e non hai actas en ningures do Consello de Cooperación, outra cousa é que vostede tivera exactamente unha reunión informal en todo o mandato. Da que falo agora é dunha reunión formal e eu xa levo dúas, Sra. Iglesias, máis as entrevistas que tiven con todas as asociacións. Precisamente sei da demanda do Foro sur é por iso nos puxemos a modificar estes estatutos, para que todas esas asociacións que non formaban parte deste Consello agora poidan formar parte e sexa algo regulamentado para que as políticas que se fagan teñan que ver co que se define dentro do Consello e non con charlas que poida ter vostede ou eu nas nosa Concellerías. Non se trata diso, queremos regular.

Xa vimos durante o seu mandato a aposta que fan vostedes pola cooperación. A nosa aposta vai ser firme e decidida. Non se preocupe, Sra. Iglesias.

SRA. IGLESIAS BUENO: Non sei porque se altera tanto porque eu lle digo que imos votar a favor da iniciativa, pero tamén que revise as contas porque si aumentamos a axuda e así llo pode dicir o Fondo Galego de Cooperación.

As reunións que vostede está tendo van ter a mesma validez que as que tiña eu porque o que ten que aprobar é o Regulamento de Participación Cidadá que é aí onde se regula toda a participación de todos os colectivos da cidade de Vigo. Sen iso non facemos nada aquí, aprobamos consellos por aprobar, por saír na foto.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Perdón, non tiña sensación de que me alterara nin moito menos.

Aquí estamos a prol de que se poñan en marcha todos os consellos sectoriais precisos e iso ímolo facer ó longo deste ano. De feito xa o fixemos co Consello de Migracións e agora ímolo facer co Consello de Cooperación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintese sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade (CMCS), órgano colexiado permanente de participación social nesta materia, co texto que se transcribe ó final do presente acordo.

Segundo: Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro: Declarar que, consonte co establecido -por analogía- no artigo 49.c] da LRBRL (L.7/1985), de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro do Regulamento no BOP; entrando en vigor ós quince (15) días da súa publicación completa.

REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL E SOLIDARIEDADE DO CONCELLO DE VIGO.

LIMIAR

I. O 20 de maio de 1994, a Comisión Local de Goberno, por solicitude da «Plataforma polo 0,7%» acordou aprobar o estudo para a creación do Consello Sectorial de Cooperación internacional e Solidariedade.

Así, o 27 de xullo de 1994 o Pleno da Corporación aprobou o Regulamento do Consello Municipal de Cooperación internacional e Solidariedade coa finalidade de promover, facilitar e canalizar a participación dos cidadáns e as súas asociacións nos asuntos municipais relacionados coa cooperación, a solidariedade e o progreso humano dos países en vías de desenvolvemento e cantos outros teñan relación directa ou indirecta con eles.

II. Os novos retos que presenta a pobreza, o subdesenvolvemento e a desigualdade no mundo a comezos do S. XXI foron obxecto de análise e reflexión nas grandes conferencias internacionais celebradas nos anos 90 baixo os auspicios da ONU, co compromiso de procurar solucións aos desafíos esenciais para a humanidade. Entres elas salíéntanse as relacionadas coa infancia (New York, 1990) a educación (Jomtien, 1990) o medio ambiente (Río de Janeiro, 1992), os dereitos humanos (Viena, 1993), a poboación (O Cairo, 1994), o desenvolvemento social (Copenhague, 1995), a muller (Beijing, 1995) ou a alimentación (Roma, 1996).

Esa posta en común sobre os retos existentes ao comezar o século derivou nunha aposta inequívoca por parte da comunidade internacional en favor dos obxectivos de desenvolvemento do milenio, recollidos na «Declaración do Milenio» (New York, 2000). Posteriormente, outras conferencias celebradas na década actual, como a dedicada ao desenvolvemento sostible en Johanesburgo ou ao financiamento para o desenvolvemento en Monterrei, permitiron afondar nos compromisos necesarios para acadar eses obxectivos. As declaracións de Roma, de 2003, e de París, de 2005, sobre a eficacia na axuda, veñen a afondar nun problema aínda non resolto sobre a capacidade de xestión das axudas dos países receptores destas.

III. A Lei estatal 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, reconece no seu artigo 20 que a cooperación que neste eido se realiza desde as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais constitúe a expresión solidaria das respectivas sociedades e declara que a súa acción basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución.

A Lei galega 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, establece como propósitos, apoiar aos países con menor grao de desenvolvemento ou extrema situación de necesidade e desnutrición; potenciar os recursos humanos e materiais, con especial atención ás novas tecnoloxías; contribuír á xustiza e á equidade nas relacións comerciais, políticas e estratéxicas; atender ás situacións de emerxencia, impulsar e promover a participación social e cidadá, fomentando a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade.

IV. O Plan director de cooperación galega para o desenvolvemento 2006-2009, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia en 2006, é unha ferramenta que nace coa aspiración de optimizar a xestión duns recursos por definición sempre limitados. Pretende, ademais, unha planificación e avaliación dende a política, imprescindible para garantir que o seu impacto e calidade sexan os axeitados, así

como potenciar que a nosa sociedade civil amose con afán a súa implicación na materia, incrementando a súa afiliación as organizacións cívicas.

V. O Concello de Vigo, pola súa banda, entende a cooperación como un método e unha estratexia para vertebrar a solidariedade cos pobos e sociedades máis desfavorecidas, comprometendo e impulsando a xeración dun tecido solidario que abra camiño a unha situación máis xusta que elimine as condicións de pobreza e desigualdade existentes. Entende tamén que a eficacia na actuación administrativa e a coordinación entre as distintas Administracións implicadas (Estado, Comunidades Autónomas e Entidades locais) é imprescindible xa que os resultados dependerán das políticas públicas levadas a cabo.

VI. Así pois, en cumprimento do disposto no Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 31.03.2006 (BOP nº 32, do 28.04.2006) sempre en concordancia co disposto na Lei de Bases de Réxime Local (L.7/1985, do 2 de abril) e no RD. 2568/1986, do 28 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais (ROF), propónse a modificación do REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL E SOLIDARIEDADE DO CONCELLO DE VIGO, que é do seguinte teor,

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL E SOLIDARIEDADE DO CONCELLO DE VIGO

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1: Creación do CMCS.

O Consello Municipal de Cooperación internacional e Solidariedade do Concello de Vigo (CMCS) créase, no seo da organización municipal, como órgano de participación cidadá que contará coas competencias, estrutura organizativa e funcionamento determinados neste Regulamento.

Artigo 2: Natureza e carácter.

2.1. O CMCS configúrase como un órgano colexiado permanente de participación e punto de encontro entre o Concello de Vigo e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballen no ámbito da cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos.

2.2. Terá carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito de actuación e levará a cabo funcións de informe e, no seu caso, proposta, en todas as cuestións referentes ás súas competencias, buscando a mellor solución para acadar un maior nivel de eficiencia e eficacia das accións levadas a cabo e materia de cooperación internacional e solidariedade.

Artigo 3: Funcións.

Consonte co seu obxecto, correspóndenlle entre outras, as seguintes funcións:

- 1) Servir de canle de participación e diálogo cos organismos públicos e privados en asuntos de interese común para a cooperación internacional e a solidariedade.
- 2) Fomentar o desenvolvemento do asociacionismo das persoas integrantes destes colectivos no noso municipio.
- 3) Potenciar a coordinación entre as institucións e entidades que actúan neste ámbito.
- 4) Promover a realización de estudos e investigacións que permitan afondar e mellorar a participación do Concello nos proxectos de cooperación e solidariedade internacionais.
- 5) Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ás diversas Concellarías, á Corporación, ós Consellos sectoriais e a cantas outras institucións e Administracións públicas, incidan coas súas actuacións neste ámbito, coa finalidade de garantir a coordinación das actuacións que se deriven da mesma, así como as propostas de actividades ou accións que faciliten a resolución das problemáticas específicas.
- 6) Informar á Corporación municipal nos temas que se considere pertinente da materia tratada.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

Artigo 4: Órganos do CMCS.

4.1. O CMCS do Concello de Vigo estará formado polos seguintes órganos:

- Pleno.
- Presidencia.
- Vicepresidencia.
- Secretaría.

4.2. Poderanse constituír tamén Comisións de traballo encargadas de preparar e desenvolver os asuntos do órgano plenario do Consello.

Artigo 5: O Pleno.

O Pleno é o supremo órgano de decisión e formación da vontade do Consello. Estará integrado polos seguintes membros:

- O/a Presidente/a
- O/a Vicepresidente/a
- Os/as vogais.

Artigo 6: A Presidencia.

6.1. A Presidencia do CMCS corresponde, por delegación da Alcaldía, ao/á concelleiro/a delegado/a da Área de Benestar Social ou á persoa que designe.

6.2. Terá como atribucións propias as seguintes:

- 1) Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello.
- 2) Ostentar a súa representación.
- 3) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros, formuladas por escrito e con suficiente antelación a través do Rexistro xeral.

- 4) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- 5) Dispoñer o cumprimento dos acordos do Consello.
- 6) Autorizar coa súa sinatura os acordos do órgano plenario.
- 7) Dirimir co seu voto os empates aos efectos de adoptar os acordos, que terán carácter consultivo, non vinculante.
- 8) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente/a.

Artigo 7: A Vicepresidencia.

O/a vicepresidente/a será nomeado/a pola Presidencia, á que substituirá nos casos de ausencia ou enfermidade.

Artigo 8: A Secretaría.

O/a secretario/a do CMCS e dos seus órganos será un funcionario municipal adscrito á área de goberno correspondente. Terá, entre outras atribucións, as seguintes:

- 1) Preparar a orde do día e realizar as correspondentes convocatorias.
- 2) Redactar as actas das sesións dos órganos do CMCS e custodiar as mesmas.
- 3) Expedir certificacións dos acordos adoptados.
- 4) Asistir ás reunións con voz pero sen voto.
- 5) Todas aquelas que sexan propias do seu labor de secretario, de acordo coa normativa aplicable.

Artigo 9: Os Vogais.

9.1. Os vogais integrantes do Pleno do CMCS serán:

a) Corporativos:

- 1 representante de cada grupo municipal da Corporación, designado por eles.

b) Representativos:

- 1 representante de cada un dos sindicatos con representación no municipio.
- 1 representante daquelas Organizacións Non Governamentais de cooperación e solidariedade que estean inscritas como tales no Rexistro municipal de Asociacións.
- 1 representante da Administración do Estado, designado por ela.
- 1 representante da Secretaría Xeral de Cooperación da Xunta de Galicia.
- 1 representante da Confederación de Empresarios.
- 1 representante da Universidade de Vigo.
- 2 representantes, a designar entre elas, das Obras Sociais das Caixas de Aforros de Galicia.
- 1 representante elixido/a pola Federación veciñal de Asociación de Veciños "Eduardo Chao".

c) Técnicos:

- 1 técnico/a designado/a pola Presidencia do Consello de entre o persoal

municipal adscrito á área ou sector directamente relacionado coa cooperación.

9.2. Serán funcións dos vogais do Pleno do Consello:

- 1) Participar nos debates, efectuar propostas e elevar recomendacións ó Pleno do Consello.
- 2) Exercer o seu dereito ó voto e formular votos particulares, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- 3) Formular rogos e preguntas.
- 4) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- 5) Cantas outras funcións lle sexan inherentes á súa condición de vogal.

Artigo 10: Réxime dos membros do CMCS.

10.1. Os/as vogais do Consello serán designados mediante o correspondente acordo polas asociacións, entidades ou institucións ás que representen. A asistencia dos membros representantes destas asociacións ou entidades será voluntaria e altruísta, sen que supoña para elas a adquisición de compromisos alleos aos derivados dos contemplados neste Regulamento.

10.2. A actuación dos integrantes do CMCS coincidirá co mandato da Corporación Municipal, sendo renovados ao inicio do novo mandato. Para o caso de que se produzan cambios internos nas directivas das asociacións, entidades ou institucións representadas no Consello, deberán ser comunicados por escrito dirixido á Concellaría de Benestar social á maior brevidade posible.

10.3. Por cada membro ou vogal designarase un suplente que asista ás xuntanzas e participe das tarefas do titular nos casos de ausencia xustificada deste.

10.4. O nomeamento dos integrantes do CMCS quedará sen efecto polas seguintes causas:

- a) Revogación por parte da entidade á que representa.
- b) Falecemento ou renuncia expresa do/a interesado/a ou incapacitación.
- c) Ausencia inxustificada a tres reunións ordinarias consecutivas ou a cinco alternas no prazo dun ano.

10.5. Por proposta das 3/5 partes do Pleno do Consello ou da Presidencia, os membros do CMCS poderanse ampliar coa representación doutras entidades que traballen no eido da cooperación e a solidariedade. A incorporación deberá ser solicitada mediante escrito dirixido á Concellaría de Benestar Social, que trasladará a petición ao Pleno do Consello.

10.6. A Presidencia, en función dos temas a tratar, poderá convocar a outros rexedores do ámbito propio do Consello, a responsables de entidades ou profesionais de recoñecido prestixio, en calidade de asesores, para participar nas sesións plenarias e nas Comisións de traballo do Consello, tendo no mesmo voz pero non voto.

Artigo 11: Comisións de traballo.

11.1. O Pleno do CMCS poderá acordar a constitución de Comisións de traballo, con carácter temporal ou permanente, segundo os seus intereses, necesidades e posibilidades; formando parte das mesmas a Presidencia ou persoa en que delegue e as persoas designadas polas asociacións ou entidades que formen parte do Consello, coa asistencia da secretaría.

11.2. A Presidencia, logo de vista e aprobada a convocatoria por maioría do Consello e a proposta formulada polas asociacións que forman parte do mesmo, nomeará á persoa que coordine cada Comisión de traballo, que impulsará e coordinará as actuacións da comisión correspondente.

11.3. As comisións de traballo elaborarán informes, estudos e propostas de actuación na materia da súa competencia, que deberán remitir ao Pleno do Consello para ser obxecto de debate e estudo.

CAPÍTULO III. RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 12: Réxime de sesións.

12.1. O Pleno do CMCS reunirse con carácter ordinario unha vez ao trimestre e, en sesión extraordinaria, sempre que a Presidencia o considere necesario ou o solicite 1/3 dos seus membros.

12.2. A convocatoria para as sesións ordinarias farase cunha antelación mínima de oito días e irá acompañada da orde do día e, se procede, da documentación correspondente.

12.3. O réxime das reunións das Comisións de traballo, dada a súa especificidade, será flexible e axeitada á urxencia de cada tema.

Artigo 13: Quórum.

As sesións terán lugar, en primeira convocatoria, cando concorran máis da metade dos membros que legalmente compoñen o Consello e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, se concorre polo menos a súa terceira parte. Requírese, en todo caso, a presenza do/a Presidente/a e do/ Secretario/a ou dos/as que legalmente os/as substitúan.

Artigo 14: Acordos.

Os acordos, tanto do Pleno como das Comisións de traballo, adoptaranse por maioría dos/as asistentes. No caso de empate terá lugar unha segunda votación e de producirse de novo empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a. O voto é persoal e indelegable.

Artigo 15: Actas.

15.1. A secretaría do Consello redactará acta de cada sesión, na que figurarán os acordos adoptados e as incidencias que sexa procedente recoller para reflectir dun xeito fidedigno o desenvolvemento da mesma.

15.2. As actas serán asinadas pola secretaría co visto e praxe da Presidencia e serán sometidas para a súa aprobación ó inicio da seguinte sesión.

15.3. Remitiranse as actas de todas as reunións aos membros do Consello e a todas as entidades relacionadas co sector, publicándose un resumo das mesmas nos medios de comunicación municipais.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA:

En todo o non previsto neste Regulamento será de aplicación o disposto no Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA:

Unha vez aprobado definitivamente, publicarase o texto íntegro deste Regulamento no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que entrará en vigor unha vez transcurrido o prazo de 15 días desde esa publicación.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos de pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

31.- (217).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO O REMATE DAS OBRAS DA PISTA POLIDEPORTIVA DA PRAZA DA FEIRA NA PARROQUIA DE CABRAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte Moción:

"A importancia da participación activa das persoas na sociedade e o seu dereito ao lecer e ao goce do tempo libre de maneira saudable, resulta incompatible coa falta de celeridade na execución das obras de infraestrutura que permanecen pendentes de rematar impedindo a súa utilización.

En concreto nos estamos a referir á situación que nos atopamos na Praza da Feira na parroquia de Cabral, onde o Concello acomete a remodelación da pista polideportiva.

Os traballos que se están a facer aínda non remataron e falta o pintado da pista para poder practicar varias modalidades deportivas. Queda pendente a instalación de puntos de luz e a construción dos vestiarios.

Por outra banda a existencia de desnivel nun dos fondos supón a invasión de area cara a pista, mentres que no outro fondo o asfaltado da pista soterrou os bancos alí instalados.

Ante esta situación inconclusa non entendemos os motivos que a poidan orixinar, reclamando a acción municipal para proceder ao remate dos traballos e dar o servizo que demandan os veciños e veciñas de Cabral-Feira. Coa situación actual son moitos os rapaces e rapazas que por non dispor da instalación para facer deporte teñen que se trasladar a outras parroquias.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo, que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a rematar as obras da pista polideportiva da Praza da Feira na parroquia de Cabral, cun acondicionamento axeitado ó redor de toda a instalación, eliminando desniveis que deterioren e invadan a pista feita, ademais de non esquecer a construción duns vestiarios e a instalación de iluminación que permita a súa utilización tamén en horas nocturnas."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de setembro, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Non hai un día tranquilo neste hemiciclo logo do debate incendiario, demagóxico e surrealista que escoitamos esta mañá dende as filas do Grupo Socialista que nos deixou bastante sorprendidos. Vou tentar non o incendiar moito máis, imos facer o noso traballo como oposición que é presentar ideas, iniciativas e proxectos e tamén facer un labor de control da xestión do goberno. Neste sentido espero que o Sr. Alonso, supoño que será el quen me responda, non o tome mal.

Esta é unha moción que se refire á remodelación da pista polideportiva na Praza da Feira na parroquia de Cabral que se está executando actualmente e dende o Partido Popular non nos opoñemos, pola contra apoiamos a execución desta obra; estamos a favor de que se faga ben e o máis axiña posible.

Pero como o noso labor é de oposición temos que reflectir, baixo o noso punto de vista, o xeito incorrecto de facer esta obra. Dígoo dese xeito para non ferir a sensibilidade de ninguén. Sen embargo si hai que dicir que nos parece estraña e

nos produce certo rubor a maneira de executala polos puntos que vou explicar. É unha pista que se está cimentando, que se asfaltou recentemente. Hai uns desniveis polos catro costados, nun dos laterais a terra acaba caendo na zona de recollida de augas pluviais, existe unha pendente que provoca tamén a caída da terra enriba da pista e cando chove faise un auténtico bulleiral. Polo outro lateral o valado está solto, á parte de haber tamén un desnivel porque a pista cimentouse sobre a pista antiga; parécenos ilóxico que se fixera dese xeito. O que nos parece aínda máis sorprendente é sen dúbida o outro fondo onde quedaron practicamente soterrados os tres bancos que hai para se sentar.

Non nos parece de recibo que se acometa esta obra deste xeito, obra que, insisto, apoiamos.

Por outra banda tamén coidamos necesario que se incorpore no orzamento do ano que ven e se execute tamén o máis axiña posible a construción de vestiarios e o alumeadado para que os veciños da parroquia de Cabral poidan practicar deporte durante as horas nocturnas.

Como visitamos a parroquia, como facemos acotío no noso labor de oposición, os veciños indicáronos que van pintar a pista proximamente. Gustaríanos que polo menos estudaran a posibilidade de pintar a pista pero non só para fútbol sala, senón para practicar outros deportes como tenis ou baloncesto. Escoitamos ós veciños e dixéronnos que se fose así estarían encantados e que sería de agradecer. Instamos en definitiva a que por unha banda se faga o acondicionamento axeitado para resolver toda esta obra que quedou non só sen rematar, senón que mal feita. Tamén que se non hai orzamento para este ano, que nos orzamentos do ano que ven se contemple o gasto para ter a pista totalmente acondicionada e de seren posible dende primeiros de ano.

SR. ALONSO PÉREZ: Esta moción debe ser por un erro, o Partido Popular debeu traspapelar outra moción e presenta esta; ten que ser un erro porque senón non se explica.

Hai un compromiso do goberno anterior durante os últimos tres anos de facer unha pista asfaltada e en condicións no Campo da Feira e agora, cando este concelleiro deste goberno a fai, presentan isto. A moción tiña que felicitar a este goberno e a este concelleiro de deporte por facer algo que vostedes non puideron facer. Eu

podería comprender que vostedes non o puideran facer polos moitos compromisos que tiñan, pero non sei por que agora presentan esta moción cando precisamente o goberno fai algo que o Partido Popular non foi quen de facer. Aí tivo que haber un erro.

Sr. Sagarra, xa que tanto lle gustan as fotos, a min gustaríame que nos presentara unhas de cando gobernaba o Partido Popular e estaban os nenos de Cabral xogando na lama nos invernos. Teñen esas fotos? Sería moi bonito velas porque nós o que fixemos foi atender unha demanda normal dos veciños que vostedes non foron quen do facer.

Realmente creo que vostedes como oposición se tiñan que preocupar un pouco das cousas que este goberno aínda non fixo, pero tamén de aplaudir as cousas que xa fixo.

Xa lles dixen no Pleno anterior que son vostedes incapaces de gozar coas cousas que fai este goberno e teñen que empezar a cambiar.

Os veciños están contentos porque a demanda que o Partido Popular non puido cubrir este goberno si que o fixo. Gocen disto. Nada máis.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Se quere felicítoo: Felicidades, parabéns por facer unha chapuza.

Nós estamos aquí, insisto unha vez máis, como oposición e como tal temos que executar o noso labor que consiste non só en presentar ideas, iniciativas ou proxectos, como facemos acotío nesta sala, senón que tamén facemos un labor de control ó goberno. Isto é o que estamos facendo nestes intre e tamén aportando outras ideas.

Se o que vostede quere é que o felicite: parabéns.

Eu estou convencido de que seguramente non tivo tempo suficiente por mor do seu inxente labor no goberno para se achegar por alí e comprobar e ver o que se executou porque realmente é unha chapuza.

Nós non estamos en contra de que se execute ese proxecto, estamos a favor, estamos satisfeitos e contentos, claro que si; tamén gozamos das festas e doutras cousas. Se quere lle fago un listado dos concertos ós que fun o último verán e seguro que algún dos seus compañeiros sabe ós que fun; fun a bastantes.

Gocei das festas e tamén, porque dentro do que cabe vivo nas proximidades, estou

disposto a gozar desta cancha cando estea rematada e ben feita que é do que se trata, Sr. Alonso.

Se esa é a cuestión, unha vez máis doulle parabéns. Pero efectivamente se podía ter feito hai uns anos. Ademais me encanta que vostede saque o debate porque si que se podería ter feito hai uns anos se no goberno anterior da Sra. Porro vostedes apoiaran uns orzamentos que nos permitiran facer investimentos. Vostede sabe perfectamente que non había capítulo de investimentos e polo tanto parece mentira que diga estas cousas. Pero lle vou dar un listado do que fixemos daquela nas proximidades.

Fixemos un acondicionamento da zona recreativa onde se instaláron unhas mesas. Fixemos un reacondicionamento do parque infantil da Feira no ano 2006, tamén se fixeron humanizacións na zona, estase construíndo actualmente, que está por rematar, o centro cultural Feira-Cabral obra promovida e financiada pola Deputación de Pontevedra. Tamén se deixou rematado o pavillón de Louredo en Carballal; vostede sabe perfectamente que quedou rematado e sen embargo un ano despois vostedes non tiveron a misericordia, polo dicir dalgún xeito, de poñer unha persoa para que quede aberto ó público en xeral, para que o poidan usar os veciños de Cabral. Hai moitas actuacións que se levaron a cabo co anterior goberno.

Fíxese ademais que esta moción non é unha crítica ó proxecto. Insisto nos meus parabéns cantas veces sexan precisas, o que pasa é que tamén ten que entender vostede que dende o noso labor de oposición temos que facer unha crítica, neste caso construtiva, no sentido de que se melloren as cousas que se fixeron se se fixeron mal. Eu non o responsabilizo a vostede persoalmente de que as cousas se fagan mal, pero si coido necesario poñer o tema aquí enriba da mesa para que se tomen as medidas axeitadas para solucionar eses problemas.

Dende logo que non é a miña intención facer unha disputa con esta moción e suxírolle que dende o seu grupo non sigan o xeito de debater do Grupo Socialista cun debate incendiario, non sigan as formas do Sr. Alcalde, que é infalible, omnipresente e que baixo a súa infalibilidade sempre que hai algo mal responsabiliza ó Partido Popular. Non estamos dispostos a permitir iso.

Sigo mirando as fotos aínda que non as quero mostrar porque se vai converter isto nun mal costume de sesión fotográfica, pero é que miro as fotos e semella bastante

lamentable que eses bancos queden soterrados non sei se coa intención de que dentro dun milleiro de anos unha civilización máis avanzada ca nosa os desenterre e os poña como reliquia nunha vitrina para que os vexan os cidadáns; non sei se é esa a intención. Dende logo que se vostede pasou por alí se daría conta de que o que estou dicindo non é unha crítica cara á súa xestión pero si unha crítica no sentido de que este proxecto está sendo mal executado e polo tanto temos que poñer isto enriba da mesa para que vostedes se fagan cargo e o solucionen.

SR. ALONSO PÉREZ: Paréceme que non ven agora a conto que faga un relatorio de todas as actuacións en infraestruturas deportivas que fixemos en Cabral nun ano porque daría para bastante tempo.

O importante, e coido que é o que lle interesa ós veciños e veciñas desta moción, é que este goberno e este concelleiro deron resposta a unha necesidade e a unha demanda do barrio e o asfaltado xa está feito.

Sinxelamente dicirlle, por aclarar porque eu por suposto que fun por alí, que a razón de por que aínda non se pintou con resina acrílica o formigón é porque necesita secar, nada máis. Estiven alí o outro día por ver se estaba aquilo seco e seguro que con estes bos días seguro que se vai pintar.

O que realmente lles interesa ós veciños é que este goberno deu resposta a unha antiga demanda e que todos, goberno e oposición, nos debemos felicitar porque os rapaces este inverno en troques de xogar na lama o van facer en mellores condicións. Iso é o que debemos aplaudir e gozar todos e non perder máis tempo en darlle voltas a cousas que son positivas para a cidade.

Como é normal a obra quedará arrombada cando se remate.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Dende logo que eu me alegro e estamos de acordo no básico, pero insisto e fágolle un resume do que pedimos que é acabar con eses desniveis que van impedir que se practique axeitadamente o deporte, que mesmo pode ser perigoso para a integridade física, que pode provocar lesións e ademais é necesario porque a terra cae enriba da pista e provoca un auténtico bulleiral en canto chove.

En canto á cuestión do pintado xa a coñecía e sabía que estaban esperando a que secara. Son consciente dixo e aproveito para lle aportar unha idea máis que está

falada e consensuada cos veciños, esta é que están interesados en que a pista non só se pinte para fútbol sala, senón tamén para baloncesto e tenis para que sexa unha pista multidisciplinar.

Solicitamos iso e tamén que se poña alumeado e vestiarios o máis axiña posible porque estes últimos son necesarios por dúas razóns, unha pola razón do aseo, de que as persoas que vaian alí a practicar deporte logo se poidan asear e tamén o solicitamos porque os equipos federados que xogan na parroquia de Cabral non poden practicar fútbol sala e non poderán realizar partidos nesa cancha se non hai vestiarios. Están federados e é imprescindible que haxa vestiarios no lugar.

Solicitamos e apoiamos que fagan iso o máis axiña posible. O único que pedimos é que se resolvan todas as chapuzas que se fixeron alí.

(Están ausentes as Sras. Porro Martínez e Veloso Ríos)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra, instando o remate das obras da pista polideportiva da praza da Feira, na parroquia de Cabral, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

32.- (218).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A CREACIÓN DUN SERVIZO DE ATENCIÓN MUNICIPAL PSICOLÓXICA DO MENOR EN SITUACIÓN DE RISCO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez,

formula a seguinte Moción:

"O próximo 2009 celébrase o 90º aniversario da constitución do Comité de Protección da Infancia da Sociedade de Nacións. Gracias a este os Estados non son soberanos únicos en materia de Dereitos do Neno.

Nos artigos 2, 5, 8 e 9 da Declaración dos Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1959 e ratificada pola Convención de Dereitos do Neno, faise referencia á protección, á liberdade, á dignidade, ao tratamento e maila educación dos nenos, así como a que estes deberán figurar no primeiro lugar para recibir protección e socorro.

Na lei orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do menor, precísase que se debe consagrar un principio de inmediatez en todos os procedementos administrativos, xudiciais e de atención psicosocial que afectan a menores, evitando prexuízos innecesarios que puideran derivar da rixidez daqueles.

Dende a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar non se está a executar o Plan Estratégico Galego da Infancia e da Adolescencia 2007-2010. O Observatorio Galego da Infancia constituíse cun ano de atraso, o 24 de xullo do ano en curso, e as súas disposicións, obxectivos e fins non se están a levar a cabo.

Dende o Concello só hai axudas de prevención e apoio ás familias en situación carencial grave, cara á preservación do menor no seu medio. Amósase, así, unha lagoa na asistencia xurídica, administrativa e psicosocial na atención do menor en situación de risco no municipio vigués.

Diante de situacións de maltrato físico, abusos, desatencións... os menores atópanse sen a atención psicolóxica inmediata que estas circunstancias precisan e que o seu contexto require. De feito, non existen unidades específicas e especializadas para esta problemática.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local para:

A creación dun Servizo de Atención Municipal Psicolóxica do menor en situación de risco."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de setembro, quedou informada do contido da anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. MENDEZ PIÑEIRO: Neste Pleno falamos de política social, en todo

momento tanto por parte da oposición como por parte do goberno, estivemos dándolle voltas á política social e dáse a casualidade que precisamente non se dixo na realidade e na práctica o que está a facer este goberno en política social. Por iso non lle vou contestar á compañeira do Partido Popular a súa moción, polo menos momentaneamente, voume fixar nunha frase dunha das mocións que pon o Partido Popular que di literalmente: “Cremos que as actuacións coma esta amosan a ausencia de sensibilidade social deste goberno”. Gustaríame demostrarlle que este goberno si ten sensibilidade social; tamén teño sensibilidade social eu coma concelleira e supoño que todos os compañeiros que están nestes momentos nesta Corporación.

Non sei se vostedes leron nos xornais do venres unha nova que a min me resultou absolutamente impáctante e de feito fixo que me caeran as lágrimas cando a lin. A nova dicía que tres anciáns apareceron mortos no seu domicilio na cidade de Ourense.

Se un Concello, unhas administracións apostamos verdadeiramente por políticas sociais, cousas coma esta non deben acontecer. Pero tamén hai que dicir que as políticas sociais non se fan dun día para o outro, fanse ó longo dos anos traballando, xerando recursos, creando espazos onde esta xente poida estar e traballando polos máis desfavorecidos.

Cando asumimos a Concellería de Benestar Social propuxémonos poñer en práctica o noso programa electoral que apostaba por un sistema de servizos sociais, como tamén se apostaba na Xunta de Galicia. Queríamos traballar polo principio de universalidade, de igualdade de oportunidades, de integración e ofertar calidade. Queríamos deixar atrás a concepción de asistencia dos servizos sociais e materializar na práctica o concepto de benestar social, é dicir, os servizos sociais na súa concepción de universalidade débense dirixir a toda a cidadanía, deben ser como a sanidade ou a educación que nestes momentos abranguen a toda a cidadanía. Por iso se está apostando dende a Vicepresidencia e queremos apostar dende esta Concellería. Tamén apostamos pola gratuidade, sobre todo para aquelas persoas que menos teñen, sen recursos para pagar.

Nós verdadeiramente queremos facer políticas para a xente, promover unha verdadeira transformación social e mellorar a calidade de vida, así como corraxir o déficit de estruturas que situaron a este País, a Galicia, no último lugar.

A propaganda do Partido Popular de priorizar a atención ás necesidades sociais non se correspondeu na realidade coa súa acción porque durante dezaseis anos que estiveron no goberno non tiveron como prioridade os servizos sociais, non existiu provisión nin de fondos nin de recursos e non dotaron ó noso País de equipamentos suficientes como para asumir por exemplo agora a Lei de dependencia.

Estamos asistindo a un reto moi importante: o noso País avelléntase. O 22% da poboación é xente maior. Por outra banda aquí, nestes momentos as mulleres incorporámonos cada vez máis ó mundo laboral e a concepción de familia muda coma tal e non hai esas grandes familias que poidan acoller á xente maior.

Cando se fixo na Xunta o Plan galego para maiores que abrangía dende o 2001 ó 2006 deixaron de resolverse as necesidades sociais e deixárono nas mans das familias. Deixáronlle á administración un papel absolutamente marxinal e isto levou a que agora non temos recursos nin equipamentos e non se poden crear da noite para a mañá, por iso logo temos desgracias como a que acaba de acontecer.

No seu Plan de avellentamento do 2001 ó 2006 non contemplaban nin un só centro de día e as residencias públicas non existían. Deixaban en mans privadas precisamente a previsión dos servizos sociais e non se pode deixar algo tan importante á empresa privada nin a organizacións sen ánimo de lucro; hai que apostar polo público e por que as administracións xeren isto.

Por outra banda tamén hai que dicir que os concellos temos sempre un raquitismo orzamentario e precisamente a Concellería de Benestar non é a que máis ten, máis ben era a parente pobre das concellerías.

Na nosa cidade son notables as carencias de centros de día, de escolas infantís, de centros ocupacionais, de albergues para persoas con falla de recursos. Neste Concello aínda temos un orzamento que nestes momentos está no 2,99% dos orzamentos do Concello para Benestar Social. Pasamos do 2,23% ó 2,99%. Cando chegamos a esta Concellería practicamente tivemos que poñer case todo en marcha.

Pretendemos nestes momentos realizar unha rede pública de servizos, de programas e tamén de equipamentos. Estes últimos evidentemente coa colaboración da Vicepresidencia da Xunta de Galicia porque senón nos sería imposible asumir semellante cantidade de equipamento que fai falla.

Pretendemos acadar precisamente unha cidade de Vigo máis acolledora, solidaria e

integradora e para facer todo isto no Orzamento de 2008 fixemos unha aposta decidida. Fíxense a diferenza, hoxe que falábamos de ordenanzas e falamos de políticas sociais.

Vostedes sempre din que o último orzamento que tiveron foi o do 2005. Pois ben, no 2005 tiñan exactamente un orzamento para Benestar Social de 4.357.996 euros. O orzamento que puxemos enriba da mesa nós no ano 2008 foi de 5.641.092 euros, é dicir, medramos 1.300.000 euros. Coido que iso é o 30%, non vin as porcentaxes. E todo iso sen contar coa achega das outras administracións que están chegando a través do Plan Concertado ou de Emigración.

Apostamos por todos os Capítulos. Polo Capítulo I fomos quen de poñer na RPT tres auxiliares máis para atender os servizos sociais e xerar tres prazas laborais, ademais de por obra ou servizo, para botar adiante a Lei de dependencia contratamos cinco novas traballadoras sociais e vai a esta próxima Xunta de Goberno a contratación de tres auxiliares. Esas son políticas sociais.

No Capítulo VI vostedes no ano 2005 tiveron investimentos. Nós no Capítulo VI este ano levamos 375.000 euros para crear ese grande centro de servizos sociais en Coia, centro de distrito que vai ter 600 m2 e catro unidades de atención básica con psicólogos, etc., cando se poña en marcha a Lei de servizos sociais.

Na área de Dependencia e de Maiores vostedes tiñan exactamente 90.000 euros dedicados a un centro de día; nós temos 294.000 euros porque se abriu o Centro de Día Atalaya que ten corenta prazas máis.

En canto a galescolas vostedes non tiñan nada. Nós puxemos 72.000 euros para pagar a galescola actual.

Nos programas de avellentamento activo pasamos de 76.000 euros a 160.000. En nove parroquias da periferia e tres lugares centrais as persoas maiores de 65 anos están participando actualmente en programas de avellentamento, á parte das piscinas que incrementamos, das ximnasia e dos programas de balneario. Así amósase a nosa política para a xente.

Pensamos que o servizo máis importante, porque o BNG aposta porque os maiores estean no seu domicilio mentres poidan, é o Servizo de Axuda a Domicilio para o que vostedes tiñan 1.200.000 euros. Nós puxemos 1.475.000 euros e agora levamos gastados, porque puidemos incrementar, 1.559.000 euros, case un 30%. En setembro do ano pasado vostedes exactamente no Servizo de Axuda a Domicilio

tiñan 450 persoas. En setembro deste ano nós temos 563 persoas; ó remate do ano haberá unhas 600 persoas.

O mesmo sucede con Discapacidade. Puxemos en marcha o bono taxi. O mesmo sucedería co programa de exclusión social. Nós asinamos o convenio con serenos e incrementamos todos os convenios coas asociacións que están traballando en axuda ás persoas en risco de exclusión social.

Estas son políticas de benestar social, é apostar pola xente malia que vostedes digan que non incrementamos orzamentos e teñan frases como a de “ausencia de sensibilidade”. Coido que con isto tanto a xente que estamos aquí, como os señores xornalistas, como a xente que nos verá logo, saberán precisamente que isto é ter sensibilidade social, apostar por políticas sociais, apostar pola xente de Vigo, pola cidadanía e polo benestar.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Non me sorprende que chorara polo falecemento deses tres maiores porque si que é responsabilidade de seu e de Vicepresidencia que haxa maiores que falezan nas súas casas debido á desatención a este sector, porque si que se vende a Lei de dependencia, si que nos informan dunha morea de situacións das que se di que se está percibindo a prestación e non é certo xa que en Vigo hai 15.000 valoracións e son unhas 200 persoas as que deben estar cobrando. Polo tanto non lle debería sorprender que haxa persoas que estean falecendo na súa casa.

Paréceme estupendo ese longo discurso sobre política social, pero aquí non vimos falar diso. Sra. Méndez, coido que hai momentos máis axeitados para facer ese tipo de intervencións.

O primeiro Plan galego de inclusión social do que tanto presumen púxoo en marcha a Sra. Porro cando foi Conselleira e tamén dúas novas residencias para maiores. De vostedes aínda non percibimos unha política efectiva con respecto ós maiores e voulle dicir porque non quere falar dos menores.

Dende a Xunta de Galicia afirman en setembro deste ano que crean o Observatorio da Infancia para promover os dereitos dos nenos. Vostedes gobernan na Xunta de Galicia dende o ano 2005 e non se crea o Observatorio ata o 2 de setembro de 2008, o Decreto de creación publícase no DOG o 2 de setembro deste ano. Levan tres anos e medio de atraso, pero é que ademais disto ata xaneiro ou febreiro non

van poder facer absolutamente nada tal e como o publicou nos xornais o Sr. Quintana, di que non van comezar traballar con respecto á problemática que afecta en Galicia ó 20% dos menores.

A min tamén me pon moi triste ler constantemente nos xornais que hai nenos abusados e maltratados. Eles nin votan nin se manifestan, nin poden ir a ningures a denunciar, teñen que ser as propias familias e en moitos casos veciños os que se poden queixar destas situacións.

Se buscamos no Plan galego de inclusión social non aparece ningunha referencia ós menores, nin no seu orzamento nin nos seus obxectivos. Pero non só iso, se nos imos ó Orzamento de Vicepresidencia do ano 2008, dentro dos obxectivos prioritarios en ningún momento aparece ningunha referencia a menores en situación de abandono, de malos tratos ou de abusos. Si aparece unha referencia na área de familia e de infancia con respecto á rede de galescolas. En canto a ese anuncio que fai o Sr. Quintana de incluír 1.000.000 de euros para a atención ós nenos en risco de marxinación, realmente o Sr. Quintana dedícalle ese 1.000.000 de euros á consolidación territorial de cinco dos sete centros previstos da rede de centros de asesoramento e información afectivo-sexual. Isto dende logo que é para chorar, Sra. Méndez.

Teño ademais o informe do Valedor que nos fala de menores vulnerables, desprotección e responsabilidade penal. Este informe con respecto a Vicepresidencia no tema de menores é demoledor. Sra. Méndez, voulle ler expresamente só tres puntos que saquei: “Como se desprende dos datos expostos facilitados pola Delegación Provincial da Vicepresidencia é evidente en liñas xerais a sobre saturación de traballo. Os escasos recursos cos que contan os equipos de menores fan case imposible facer fronte ó complicado traballo da protección infantil e ós múltiples problemas que iso leva (seguimos falando de nenos abusados e maltratados) e non se corresponde cun modelo de calidade do sistema de protección de menores. Hai moi pouco traballo preventivo cos menores e coas súas familias. O seguimento destes menores e das súas familias é mínimo e faise indispensable dotar ós equipos de menores de persoal especializado necesario, así como de suficientes medios para poder desenvolver as múltiples e delicadas tarefas que teñen asignadas”.

Ou sexa que hai que dotar ós equipos de menores de persoal especializado, de

medios e teñen sobreesaturación de traballo. Pois o que acaban de facer na Delegación Provincial de Vicepresidencia foi eliminar, disolver o equipo de atención a malos tratos porque os pasaron a adopcións porque os pais de nenos que van ser adoptados teñen que esperar dous anos; eles si se queixan, si saen nos medios de comunicación e entón este equipo especializado e específico de atención a estes menores pásano a adopcións; así queda o servizo sen unha atención especializada nin de valoración nin de atención. Esta é a situación que temos que coido que é para chorar.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Non vou entrar en datos da Xunta de Galicia pero cando chegou o goberno actual á Xunta de Galicia había 400.000 nenos e nenas menores de 16 anos.

A Xunta de Galicia a nivel estatal no ano 2005 era a comunidade que máis nenos e nenas tiña tutelados, en centros de internamento e onde máis tempo permanecían neses centros. Hoxe en día esa situación mudou considerablemente, Sra. García. Precisamente o que se fixo foi mudar esa concepción de poñer ós nenos en calquera lugar, porque nin sequera se sabía exactamente cantas asociacións estaban tendo conta dos nenos, para crear unha verdadeira rede pública de atención. Hoxe podemos dicir por exemplo que o internamento de menores, en canto ó que á Xunta de Galicia atinxe, é dun 25%.

Como teño pouco tempo querería falar do que hai en Vigo pero a verdade é que estou moi preocupada, estanme sorprendendo, penso que realmente vostedes non falan entre si. A Sra. Iglesias foi concelleira de Benestar Social e foi o Partido Popular no ano 94 quen creou este servizo de Atención á Infancia no Concello de Vigo no departamento de Benestar Social. Que fixo a Sra. Iglesias tres anos dentro do Concello? Tería que saber da súa existencia.

Aquí existe un equipo inter-disciplinar de atención a situacións de risco de menores e para intervención e atención de unidades familiares que presente problemáticas composto nada máis e nada menos que por catorce persoas. Para que o saiban, por se nunca foron de visita porque eu xa fixen concretamente tres visitas, este dispositivo lévao a Fundación Aldaba, ten un orzamento municipal de 480.000 euros, está situado en Ramón Nieto 328 e a súa composición é de dúas psicólogas, oito educadoras, dúas traballadoras sociais, unha auxiliar administrativa e unha

coordinadora; iso é o equipo que está alá pero hai máis unha coordinadora do Concello que é quen pon en marcha e coordina todo o que é a atención primaria co propio equipo, non só atención primaria senón tamén os centros educativos.

Vou ser breve pero vou dar datos da Memoria do 2007: Tráballouse con 338 familias, atendéronse un total de 1.182 persoas e no 2007 tiñamos abertos 267 expedientes. As demandas atendidas foron a realización de informes sociais e técnicos e a atención a situacións de risco. Os que máis derivaron a este servizo foron os centros educativos, un 60% de todo o que atendemos e fundamentalmente por absentismo escolar, exactamente 94 casos. Consumo de tóxicos: 68 casos, problemas de conduta: 41 casos, ocupación de tempo libre: 8 casos.

En canto a intervencións psicolóxicas, tráballouse con 42 familias. Temos un gabinete que é todo un exemplo e agora acadamos ademais que se coordinaran entre eles, con atención primaria e cos centros educativos. Ademais proximamente temos marcada unha reunión para a segunda quincena de outubro para que esa coordinación cos centros educativos aínda sexa maior.

Señores do Partido Popular, eu preguntome como tendo un servizo que é un exemplo de funcionamento, aínda que todo é sempre mellorable, vostedes preséntanme unha moción, para que cre outro servizo de catorce persoas? Cremos que con isto demostramos que efectivamente estamos atendendo á infancia de Vigo e ás situacións problemáticas axeitadamente.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndeme o que me está contando porque nos reunimos con diferentes entidades para nos decatarmos ben da situación dos menores abusados e maltratados na cidade de Vigo. Dende logo se ese servizo existe tal e como eu solicito na miña moción e dedícase á atención ós menores nestas situacións de risco, deberíallo trasladar a todos os técnicos deste Concello porque o que senten é un abandono absoluto con respecto á atención destes menores.

Moitas mulleres acoden a solicitar axuda para os seus fillos e fillas a diferentes técnicas do Centro de Atención á Muller, que si atenden casos de violencia de xénero, e remítenos ó Nicolás Peña onde xa sabemos todos que non existe a especialidade de psiquiatría infantil-xuvenil coas carencias que isto ten e dende logo que tamén a inmediatez é nula.

A Rede de Mulleres contra os malos tratos tamén nos informou desta carencia. Coméntounos que a través do Colexio Oficial de Psicólogos quizais si exista algún programa de atención a menores nestas circunstancias.

Reunímonos co coordinador do programa “Abrimos o círculo” do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia e informounos de que si hai atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero pero non ós nenos.

A información que ten vostede debe ser moi diferente á que se ten a nivel municipal e da que temos no Concello.

Sorprendentemente ademais en maio de 2008 aparece no seu programa de goberno, dentro da área de Infancia e Menores, o establecemento dunha unidade de primeira acollida e valoración de menores. Eu incluíría máis: de atención psicolóxica ós menores en situación de risco, atención e protección inmediata e urxente xa que son un 20% dos menores desta cidade.

Recapacite sobre esta moción para que se leve a cabo esta atención para estes menores que é algo moi importante.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, instando a creación dun servizo de atención municipal psicolóxica do menor en situación de risco, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

33.- (219).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A DUPLICIDADE DA ASIGNACIÓN ORZAMENTARIA PARA AXUDAS DE COMEDORES ESCOLARES E LIBROS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

"Hai xa moitos meses que España está inmersa nunha innegable crise económica que, sen dúbida, afecta de xeito especial ás familias e a aqueles cidadáns que menos recursos teñen. Cuestións como a suba das hipotecas ou o encarecemento progresivo dos prezos teñen suposto un pau ás familias que a duras penas chegan a fin de mes.

Dende o Partido Popular estamos seguros de que as políticas sociais son neste momento especialmente necesarias e é agora resulta necesario tomar medidas que se adapten á nova realidade que desgraciadamente estamos a vivir.

Precisamente, neste senso, o anterior Goberno Municipal presidido por Corina Porro, incrementou no orzamento 2005 a partida destinada a axudas de comedores escolares e libros en 100.000 euros, pasando a asignación de 300.000 a 400.000 euros.

Nos seguintes exercicios orzamentarios o voto en contra do PSOE e do BNG non permitiron seguir incrementando esas axudas.

Tendo en conta a difícil situación, tanto económica como familiar que sofren un importante número de nenos e nenas da nosa cidade, resulta sorprendente que o actual Goberno Municipal saia aos medios de comunicación anunciando que aprobaron o maior orzamento da historia de Vigo e que este documento non recolla ningún incremento na partida destinada ás axudas de comedores escolares e libros. Este feito é moi grave xa que o IPC medrou de xeito considerable reducindo moito o poder adquisitivo das familias, polo que as axudas, non só non se incrementan, senón que diminúen.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular, cremos que actuacións como esta amosan a ausencia de sensibilidade social deste Goberno.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local:

A que no orzamento 2009 se duplique a asignación orzamentaria destinada ás axudas de comedores escolares e libros."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de setembro, quedou

informada do contido da anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Prometo seren máis breve, Sr. Presidente, porque coido que xa está definida a política de servizos sociais e a aposta verdadeira polos servizos que se fixo neste Concello.

Eu non sei se vostede exerceu a política no mesmo concello no que me tocou exercela a min. Cando a alguén lle aprenden o que é planificación unha das cousas que ten que aprender ó mesmo tempo é a priorización e como non se pode priorizar todo, porque é unha mala planificación, unhas veces hai que apostar por unhas cousas e outras veces por outras.

Eu antes dicía aquí exactamente por que apostou este goberno. Falaba das situacións de dependencia, do avellentamento activo, da discapacidade, da creación de servizos como o do bono taxi, de aumentar os recursos adicados ás persoas en exclusión social e pronto poremos en marcha dous novos pisos; fixemos un convenio con serenos que na vida se fixo de 52.000 euros para que atendan á xente que está polo Casco Vello, coordinamos ese co que se está a facer en Médicos do Mundo, demos máis cartos no convenio con AFAN, máis cartos no Comedor da Caridade. Iso tamén é exclusión social, tamén por iso se necesitaba apostar. Repito que 1.300.000 euros máis que cando vostedes gobernaban.

Tamén teño que dicir que efectivamente o orzamento de 2008 no Comedor non se incrementou; mantívose a mesma partida que había no 2007 porque non foi posible medrar en todo, non nos doen prendas en recoñecelo. Distribuímos e nesa distribución había que priorizar, cunha Lei de dependencia que temos enriba e que vostedes tamén votaron a favor; nós priorizamos a creación de recursos, de servizos e de equipamentos; creamos e puxemos cartos para unha galescola e fomos quen de poñer a disposición terreos para a creación de galescolas. Tamén é infancia, tamén é política de familia, disposición de terreos para que se fagan galescolas e centros de día que pronto veremos porque están xa en fase de construción moi avanzada ou de proxecto.

Se medramos como o fixemos en determinadas partidas noutras non podíamos

facer igual, ó mellor será este ano cando teñamos que facelo e probablemente farémolo. Pero vostedes que non fixeron nada ou moi pouco polos servizos sociais como se demostrou anteriormente, non son quen para nos dicir o que temos que medrar e como temos que redistribuír os recursos. Coido que neste caso deberían deixar facer ó goberno e cando vexan que esteamos facendo as cousas mal, que coido que non é o caso, entón intervir.

Neste momento había unha demanda exactamente de 1.718 alumnos e 1.151 solicitudes das que atendemos 857; quedou xente en lista de espera, quedaron 400 nenos e dígollo así pero por sorte para nós fomos quen de nos dar de conta desa necesidade e rectificar a tempo e nestes intres está na Intervención a petición de incrementar esa partida para que entren 330 nenos máis. Non nos vai quedar practicamente lista de espera, Sra. Iglesias, é certo que hai 400 nenos pero imos incrementar 330 nenos máis e imos dar servizo a 1.187 nenos.

Esa é a realidade e a nosa aposta por ese problema que sabemos que existe e que imos seguir pensando nel cara ós orzamento do ano que ven pero dende logo que non son vostedes quen nos teñen que dicir como temos que distribuír porque neste intre somos nós quen gobernamos. Cando gobernaron vostedes no seu momento distribuíron os recursos segundo consideraron.

SRA. IGLESIAS BUENO: Segundo o seu discurso díxome que priorizan unhas cousas e outras non; queda claro que os comedores escolares non son unha prioridade para o goberno. Se nós, cun só orzamento, subimos cen mil euros ós comedores escolares e agora vostedes, logo de catro anos, teñen a oportunidade do subir, pasou tanto tempo dende a última revisión que coidamos que se pode duplicar, non entendo por que a vostedes non lles parece prioritario.

A nós tamén nos parecían prioritarias outras cousas como a axuda a domicilio e pasemos de 800.000 a 1.200.000€; vostedes a axuda a domicilio subiron só 100.000€ máis, esa é a súa priorización.

Iso en canto á subida nos presupostos que sempre é un indicativo das políticas sociais que fai o goberno, pero se nos fixamos na xestión a verdade é que non sei como vostede se sente satisfeita da que fixo durante este ano porque é demoledora. Nós asinamos un convenio en novembro de 2006 e deixamos moitos centros en marcha, feitas as cesións e vostede, por lle poñer dous exemplos moi

claros, o centro de día de Teis fíxose con cartos da Xunta de Galicia cando gobernaba o Sr. Fraga, nós non puidemos inauguralo porque coincidiu o seu remate coas eleccións municipais e quedou sen inaugurar. Ese centro tardouse un ano en inaugurar cando estaba totalmente rematado e amoblado.

Tamén o caso da gardería da rúa Palencia xa que estamos a falar dos nenos, dos menores e da importancia que teñen para vostedes. Pasou o mesmo: quedou rematada a gardería e agora a van inaugurar á parte porque como é unha galescola xa non se pon no grupo de escolas infantís nin a xestiona Educación; pois tamén se fixo con fondos da Xunta de Galicia cando gobernaba o partido Popular.

As outras catro garderías que estaban nese protocolo con Vicepresidencia para facer ata o 2010 non se sabe nada. O Alcalde ten que ir a Navia a inaugurar garderías privadas como se fosen públicas porque este goberno non ten nada que ofrecer neste ano de xestión que foi nula.

Se nos fixamos nos centros de día pasa o mesmo, o seis centros de día que figuran neses convenio non están en ningunha parte. O centro de Alzheimer que supostamente o inauguraron hai unha semana está sen rematar, aínda non se sabe cando vai empezar e tamén tiña que estar. Podemos falar do albergue, podo seguir sacando cousas porque se vostede está tan contenta da súa xestión e non ten nada que achegar de todos estes centros, eu sentiríame avergoñada de todo o que está a pasar nesta cidade e vostede non lle pide contas á Xunta de Galicia.

Dunha xestión brillante que fixo o Partido Popular, conseguimos incrementar as axudas do servizo de axuda a domicilio, do servizo de axuda á infancia, dunha morea de centros que conseguimos asinar para que se executasen en catro anos, pasaron dous e á parte das xestións que fixemos nós no seu momento non se fixo nin unha soa máis e os centros que se tiñan que ter aberto xa hai un ano inaugúranse agora. É bastante pouco esixente coa Xunta de Galicia.

Coido que vostede non pode presumir de nada, nin de que defende ós que menos teñen, nin ós maiores. Se falamos de maiores, que haxa 15.000 dependentes na cidade de Vigo agora mesmo, que a vostede se lle enche a boca de falar da Lei de dependencia e que non estea cobrando case ninguén, é un pouco vergoñento.

Pediríalle que dixese se vai aprobar a moción, se realmente o servizo de comedor e as axudas ás familias son prioridades para vostedes ou no. Só iso.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Creo na cidadanía de Vigo e coido que é o suficientemente intelixente e por iso verá os feitos, verá o que fixo o goberno durante todo este ano e o que estaba feito antes.

Só un dato, o servizo de axuda a domicilio leva quince anos funcionando neste Concello, vostedes incrementaron un chisco un orzamento, cando entrou en 2005 a Xunta de Galicia e foi quen de enxertar 600.000 euros a maiores do que vostedes tiñan no plan concertado. Nos nun ano imos meter 150 persoas máis, vostedes non medraron nada.

Os feitos están aí e a xente saberá xulgalos. Non lle vou entrar na súa provocación porque non ten sentido e non imos votar a favor a súa moción.

SRA. IGLESIAS BUENO: Só quería saber se dan prioridade ou non estas cuestións. Moitas gracias.

(Está ausente a Sra. Veloso Ríos)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, solicitando a duplicidade da asignación orzamentaria para axudas a comedores escolares e libros, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

34.- (220).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A ENTREGA ÓS GRUPOS MUNICIPAIS O BORRADOR DA "CARTA DA

CIDADE" E CREACIÓN DUNHA COMISIÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"Unha das grandes promesas do señor Alcalde desta Corporación na campaña electoral foi reclamar ó goberno central, case asegurando a concesión á nosa cidade dunha Carta de Cidade ó exemplo do feito na cidade de Barcelona, que dotase a cidade dunha situación administrativa similar ás capitais de provincia.

A pesaren do tempo transcorrido, máis de ano e medio, o certo é que ata a data actual non se ten feito nada neste senso, motivo polo cal dende o Grupo Municipal do Partido Popular reclamamos que se eleve o proxecto que di ter o Alcalde ós organismos competentes a fin de dotar á nosa cidade coa mencionada Carta de Cidade.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que por parte da Alcaldía se proceda á maior brevidade a entregar ós grupos municipais o borrador da Carta de Cidade que di ter, que se proceda á creación dunha comisión "ad hoc" para a súa discusión na que estean presenten todos os grupos municipais e, con posterioridade, a elevación dos acordos desta comisión ós organismos públicos correspondentes."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de setembro, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Neste tema hai que facer un pouco de historia. Era o 22 de maio de 2007, cando o Partido Socialista miraba completamente perdidas as eleccións municipais e nun acto desesperado apostou por lanzar ós vigueses e viguesas ó corazón o que durante anos vimos como unha inxustiza respecto a non ter a capitalidade da provincia e os servizos administrativos que ese feito leva. Nunha xuntanza cunha gran representación de empresarios presentouse o que se chamou "Carta de Cidade" que ata a data de hoxe non ten maior significación.

Dende o Partido Popular apostamos fortemente, e así ía no noso programa electoral, por unha segunda descentralización, a que vai dende as autonomías e dende o Estado ás entidades locais que deben ser máis autónomas, ó servizo dunha xestión administrativa máis eficaz e achegada á cidadanía, unha

descentralización máis forte, unha potenciación das competencias municipais e da mellora dos servizos da cidade.

Aínda que quizais non sexa o noso modelo a Carta de Cidade, o feito é que as eleccións municipais con esta gran promesa así o evidenciaron porque sacamos 22.000 votos máis e somos trece concelleiros contra nove. Tiñamos xa apostado pola Área Metropolitana que por outra banda xa estaba acordada con catorce municipios de diversas cores políticas e que mesmo se trouxo a un dos primeiros Plenos deste Concello sendo rexeitada a moción.

En aras do consenso co resto das forzas políticas e que dende o Partido Popular estamos de acordo en ter dotacións administrativas e xudiciais propias dunha capital dada a importancia da nosa cidade, tamén sería importante que se fixesen mencións ás infraestruturas, portos, ferrocarril e aeroporto e eu pregúntome se sería máis fácil para a nosa cidade ter estas dotacións coa Carta de Cidade. A verdade é que non me resulta fácil a resposta e a mesma só pode vir téndoa e analizando o seu resultado.

O que si me parece certo é que tanto dende o Partido Socialista de Galicia como dende o Bloque Nacionalista Galego non se colaborou activamente en que Vigo teña esas dotacións, tanto xudiciais coma administrativas. A semana pasada miramos como no Parlamento de Galicia a pinza PSOE-BNG rexeitou pedir ó goberno da nación unha sala máis da Audiencia Provincial na nosa cidade. O ano pasado tamén puidemos asistir neste Concello ó rexeitamento dunha moción pola que solicitábamnos a creación dun Rexistro Mercantil.

Por certo, fálase na cidade de que ó Sr. Alcalde cualificóuselle de mentireiro; coido que agora podemos dicir e os cidadáns deben saber que o Sr. Alcalde de Vigo é un mentireiro, dixémolo no seu día cando por parte do Sr. Alcalde se anunciaba que antes do final deste verán se crearía unha oficina do Rexistro Mercantil na cidade de Vigo; o verán rematou, estamos no outono e evidentemente esa oficina non abriu. Segundo o dicionario da Real Academia da Lingua Española faltar a unha promesa é mentir.

Por outra banda esta Carta de Cidade entendemos que actualmente pode chocar coa Área Metropolitana proposta pola Xunta que inclúe a Pontevedra. Propoñemos a creación dunha comisión porque tamén temos que analizar o tema do financiamento, sobre todo cando dende o Goberno da Nación estásenos

anunciando o recorte do financiamento municipal para as entidades locais.

Consultando as hemerotecas faime gracia como os colaboradores do Sr. Alcalde lembraban cando na campaña electoral botábanse as mans á cabeza e á calculadora ó oír as novas promesas de cada mitin.

O que propoñemos basicamente é crear unha comisión na que esteamos presentes os tres grupos municipais na que poidamos dar carta de natureza a esta Carta da Cidade, que non se sabe moi ben por onde vai porque nunca tivo concreción, e que de ser o caso esas conclusións ás que cheguemos na comisión se eleven ós organismos competentes para que Vigo poida ter esa categoría superior á dunha sinxela cidade, entendemos que inferior á dunha capital de provincia e que teñamos as características que acordemos nesa carta.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que corresponde aclarar os termos do proposto en campaña electoral polo Partido Socialista porque o que se propuxo foi a Carta Municipal para Vigo en igualdade ou similar á Carta Municipal de Barcelona de 1999, polo tanto xa ten unha referencia do que pretendemos, Sr. Conde Gil.

O que pretendemos non era un intento desesperado nin moito menos, como vostede trata de trasladar aquí, senón que era unha proposta moi matizada, moi concreta que vai dar a esta cidade realmente o rango que lle corresponde.

Aínda que soe ser a táctica dialéctica habitual do Partido Popular, non se poden mesturar as cousas para non dicir absolutamente nada e enmarañar.

Fala dunha segunda descentralización que vostedes propoñen; fala dun relativo apoio á Carta Municipal pero que a queren coñecer. Tentando ser breve coido que coñecen vostedes perfectamente cal é a proposta do Partido Socialista sobre a Carta Municipal de Vigo. É unha Carta equivalente á de Barcelona, esta ten 141 artigos, comprende a asunción de competencias, tanto do Estado como da comunidade autónoma e dálle dotacións administrativas e xudiciais.

Estamos a falar dese recoñecemento que debe ter Vigo, que nunca tivo unha iniciativa similar o Partido Popular para llo dar e comprendería absolutamente todo o que vostede di pero sen o sinalar expresamente, en materia de aeroportos, porto e todo aquilo que equipararía a Vigo ó que realmente merece.

É un compromiso electoral do Partido Socialista, unha das actuacións e unha das propostas máis ambiciosas que ten este goberno. Tendo en conta que comprende

unha parte estatal e unha autonómica, é un documento que hai que matizar moito, que debe ser a expresión do que este goberno quere para a cidade.

Non se preocupe e non nos queiran marcar dende a oposición os tempos, en todo caso aclaren á cidadanía se están vostedes a favor de que esta cidade teña Carta Municipal ou non porque non o dixo e sería moi importante porque aquí é realmente é onde se demostra que é o que queremos cada quen para a nosa cidade. Como queira que non nos van marcar os tempos e por seren breve porque coido que a cidadanía entendeu perfectamente o ambicioso desta proposta e así o asumiu, direille que non imos aceptar a moción presentada porque o día que o texto estea completo, remítome a recentes declaracións do Alcalde, na súa vertente autonómica e estatal presentarao o Alcalde oficialmente ós gobernos estatal e autonómico. Será nese intre cando vostedes o coñezan e cando en todo caso proceda o debate no Pleno.

Mantemos o compromiso da Carta Municipal. Eu non lle vou entrar ó trapo coas denominacións sobre o Alcalde, sobre o Rexistro do Mercantil e demais. Dado que vostede o menciona, se presentaran ben as mocións aquí e souberan o que realmente pretenden, ó mellor terían o voto favorable pero agora por tempo non lle quero lembrar como presentaron a moción sobre o Rexistro Mercantil.

Se alguén institucionalmente, perante o goberno estatal e autonómico defende a esta cidade con proposta coma esta de Carta Municipal, é este goberno por iso non é ningunha novidade que vostede chame ó Alcalde determinadas cousas pero lle vou lembrar que tamén utilizaron adxectivos con outras cuestións que ó final tiveron que tragar e non se cumpriron esas catástrofes que vostedes mencionaban. O que finalmente quero trasladar é que a Carta Municipal será unha realidade en canto a proxecto deste goberno para dotar a Vigo do que realmente se merece. Esperamos e sería conveniente que o Partido Popular, máis aló de enmarañar ós cidadáns con opinións sobre unha ou outra cuestión, tomase posición sobre se está de acordo ou non porque non mirei propostas similares pola súa banda.

SR. CONDE GIL: O primeiro que me sorprende é que esta moción a conteste o Sr. Font, pensei que ía contestala o Sr. Rivas, máis que nada porque é o concelleiro de distritos e neste tema os distritos son importantes e tamén é o concelleiro de grandes proxectos, aínda que non se miren por ningún lado. Vexo que o Sr. Font

volve facer outra vez de escudeiro como falamos noutro momento, ou doutra cousa, quen o sabe.

Non sei de que se sorprende, Sr. Font. Ó principio díxenlle que estamos de acordo en que Vigo teña as dotacións administrativas e xudiciais propias da capital. Tamén estamos en que se marquen prazos para as infraestruturas e outras moitas cousas. No que non estamos tan de acordo é en que os prazos que se nos anuncien falten á realidade como é este caso.

Poñíalle un exemplo co caso da oficina do Rexistro mercantil que ía estar antes deste verán. Podería poñerlle outro co tema do Sr. Moneo que ía estar aquí antes do 20 de xuño presentando o seu proxecto; ó final o Sr. Moneo non veu á nosa cidade, foi ó Alcalde quen foi ó Sr. Moneo a ver non se sabe moi ben o que porque non o miramos pero o haberá que crer. O certo é que ata a data só coñecemos planos, proxectos e non os feitos, coido que este ano e pico de mandato é no que o podemos resumir.

Isto é a tónica da súa vida política, dende o túnel que pretendía unir a península con Marrocos, ata o AVE que ía estar en Galicia no ano 1993, todo proxectos e ningunha execución. Como candidato á Xunta de Galicia tampouco tivo oportunidade de realizar ningún proxecto, nin sequera do propoñer porque levou ó socialismo galego ós peores niveis da democracia. Na Autoridade Portuaria de Vigo todos lembramos as norias, os xardíns, as piscinas, a torre Novel que supoñemos que nesta época de crise que atravesamos non se levará a cabo.

Atopámonos como lle dicía antes co día 22 de maio do pasado ano cando se nos anuncia a Carta de Municipalidade. Evidentemente coñezo a de Barcelona, maximo que a de Vigo non será tan ambiciosa coma ela porque atinxe a temas lexislativos e outros que escaparían un pouco de Vigo. O 15 de xuño deste mesmo ano, tampouco hai moito, continuando coa mentira á que nos ten acostumados, coido que con motivo de que se cumpría o ano de mandato do Sr. Alcalde pregúntaselle nunha entrevista expresamente onde está a Carta da Cidade que prometeu e contesta que "...Teño o borrador e pronto empezará a circular...", non sei se en coche, en autobús, en avión, en metro ou en teleférico. "Estou nas últimas revisións técnicas con avogados de Vigo e en pouco tempo enviarémolo a Santiago e Madrid". Sacarían o billete no AVE de 2020 ou 2040 e aínda non chegou.

Tanto naquel intre como nas entrevistas que lle fixeron agora di que tivo contacto

con responsables do goberno e da Executiva do Partido Socialista, que tiña o apoio de altos responsables do partido e no 2007 a Carta da Municipalidade de Vigo ía saír adiante. Non sabemos quen son eses altos responsable ou se están agachados debaixo dalgunha mesa porque o certo é que no 2007 non houbo absolutamente nada. Non sabemos se ese máximo responsable do Goberno é o presidente Zapatero que, por certo, segundo informacións da prensa foi quen decidiu non aterrar en Vigo na súa última visita a Galicia por non se enfrontar a unha rolda de prensa co Sr. Alcalde. Non sei se lembra que vostede dixo que era unha decisión do comandante e que nos dubidábamos das decisións dun comandante do Exército do Ar; nós do que si dubidamos é de vostede e do seu equipo de goberno.

Tamén me gustaría saber, Sr. Font, se como di a información periodística o Sr. Alcalde está en revisións técnicas con avogados de Vigo e que en pouco tempo enviarallo a Santiago e Madrid, onde está o contrato polo que se chega ó acordo para negociar con eses avogados de Vigo? Hai un intre tivemos a constitución da Mesa de Control da Contratación e coido que ven ó pelo, non nos puxemos moi de acordo no tema dos prazos e xa se mira o por que.

SR. LÓPEZ FONT: Parece ser que hoxe os Sres. do Partido Popular teñen un interese extremo en que fale o concelleiro Sr. Rivas pero dende o Grupo municipal Socialista decidimos quen intervén e lémbrolle modestamente que son o voceiro deste grupo municipal. Ó mellor noutros temas tamén debería e conviría que a voceira do Partido Popular interviñese. Nese sentido coido que como mínimo deben gardar as formas dado que nós as gardamos e respectamos quen intervén por parte do Partido Popular, pero se hai unha ausencia clamorosa neste Pleno precisamente é a da candidata á Alcaldía polo Partido Popular.

Agradézolle e seguro que o Sr. Rivas tamén agradece esa invitación a que fale como concelleiro de distritos pero evidentemente estamos perante un proxecto de cidade que o Partido Socialista presentou ás eleccións, da suficiente importancia para que calquera compoñente deste grupo municipal ou mesmo o voceiro, eu neste caso, interveñamos.

Fala dos proxectos do Alcalde. Vostede non debe pasear por esta cidade en canto ás obras de humanización que se están a facer, non debeu ir ó aeroporto esta fin de semana cando os nenos, os nosos escolares, ían ás axudas e becas que

propuxemos para estancias de estudos en Inglaterra e en Escocia. Non debe ver esta cidade para que sega dicindo que todo son proxectos do Alcalde que non se realizan.

Vostedes estiveron reclamando un Boletín Oficial do Estado onde se incluíse o que vostedes nunca conseguiron: o AVE Madrid Vigo por Cerdedo, e o día que saíu no Boletín deixaron de mandar esta mensaxe. Xa deixaron de se referir á presenza da ministra de Fomento nesta cidade porque dixo taxativamente que se garantía o AVE e o prazo, tamén está neses recortes de prensa que a vostedes tanto lle gustan. Nesta ocasión, aínda que vai ter a vantaxe de ser o último en contestar e eu non poderei replicarlle, como fan vostedes diríxome ós cidadáns para que atendan expresamente ás declaracións que fixo a ministra.

Esta cidade foi quen de resistir dezaseis anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia; foi quen de resistir un goberno de tres anos e medio da Sra. Porro. Déixenos traballar con consistencia para o AVE, para a Carta Municipal e para todos os temas que vostedes van ver.

Falan de contratación; lembro ó Sr. Figueroa nestes debates no Pleno ou mesmo nos medios de comunicación dicindo que non contratáramos nada, que non se facía nada. Agora o Partido Popular xa calou sobre ese tema.

De verdade coido que non se trata de contratos. O Partido Socialista tiña un borrador de Carta Municipal como así anunciou o seu candidato cando nos presentamos ás eleccións. Para revisar ese borrador e para o facer oficial en principio non necesitamos ningún contrato municipal. A gran vantaxe dos contratos municipais é que nós somos o maior exemplo de transparencia e estou convencido de que se vostedes tiveran algunha proba de que non o somos recorrerían ós tribunais.

Coido que neste tema amósase unha vez máis o proxecto ambicioso deste goberno, representado polo seu Alcalde, para a cidade e coido que estamos en tempo e forma de facer todas estas cousas. Cando se fala de algo tan importante como a Carta Municipal, Sr. Conde Gil, a anécdota é se se dixo un mes arriba ou abaixo.

Non me contestou a cal é a proposta do Partido Popular a situar realmente a esta cidade no que merece en canto a dotacións administrativas, xudiciais e demais. Esta é unha resposta que vostedes están a furtar á cidadanía. Non me faga un

canto ó municipalismo, á segunda descentralización cando os seus representantes na Federación Estatal de Municipios e Provincias están aprobando unhas cousas e vostedes están tentando cargarse esa autonomía municipal e ese valor que ten o municipalismo neste país co que están a presentar no Senado.

Non caian en contradicións, dixémolo dende o primeiro día, e dado que presumen moito de trece concelleiros e non sei cantos milleiros de votos, conviría que nas cuestións importantes deixasen de facer partidismo, se definiran perante a cidadanía e estiveran ó carón deste Goberno pero vostedes só coa intención de atacar ó Alcalde e a este Goberno pérdense.

Saiban, a lo menos na miña opinión, que lles está a pasar unha clara factura perante a cidadanía.

SR. CONDE GIL: Se antes falei do Sr. Rivas non era tanto polos distritos como polos grandes proxectos. Se non quixo entender o que eu dixen respecto do proxecto de Carta de Municipalidade é porque non me prestou atención porque o dixen bastante claro.

A verdade é que non nos fiamos de vostedes nin dos seus constantes incumprimentos e téñollo que dicir así, por iso dicimos na propia moción que se constituía unha comisión onde se poida discutir, onde esteamos representadas as tres forzas políticas e onde poidamos chegar a un acordo e remitir este asunto.

Non me fale de prazos cando transcorreu máis dun ano e cando o Sr. Alcalde dicía que en 2007 a Carta de Municipalidade case que ía estar en vigor, está na prensa, logo llo facilito sen ningún problema.

En cando a prazos marcados máis do mesmo. En xuño de 2007 abriría a Etea; preguntámoslles ós veciños de Teis que pasa coa ETEA? En novembro se aprobaría o Plan Xeral; aquí imos darlles o beneficio de que foi un mes máis tarde. En 2007 crearíase a Área Metropolitana; onde está? Non só non hai Área Metropolitana senón que a Xunta de Galicia está en contra do proxecto do Sr. Alcalde. Non falemos xa do AVE porque é de risa. Non me fale vostede de dona Magdalena Álvarez, ministra de Fomento, aquela que tivo a desvergoña de cualificar ó Plan Galicia de... non quero seguir por educación; en Vigo di unha cousa e en Santiago di que non vai poñer prazos ó AVE porque non se atreve.

Nunha resposta do Goberno no Boletín das Cortes se nos di que "O estudo

informativo da liña de alta velocidade Ourense-Vigo polo Miño someteuse a información pública o 21 de setembro de 2007. Trala información pública e unha vez realizada a análise das alegacións recibidas ó mesmo, con data 28 de abril de 2008 remitiuse ó Ministerio de Medio Ambiente para que formule a declaración de impacto ambiental".

Isto é unha pregunta dos nosos deputados de maio do ano 2008 e ven a conto de que a declaración de impacto ambiental do AVE por Cerdedo ía estar no ano 2007. Onde diaños está esa declaración? Nas Cortes Xerais?

Para rematar Sr. Alcalde, como dicía Nietzsche o que me preocupa non é que me mentira senón que de agora en adiante nin nós nin os cidadáns van poder crer en vostede. Dígolle sinceramente que é vostede indigno politicamente de ocupar o cargo que está a ocupar con todas as mentiras que conta á cidadanía.

Por outra banda pedirlle perdón porque no seu día compareille coa personaxe de Don Quixote de la Mancha e tamén pedir perdón a Cervantes porque con quen tiña que o ter comparado era coa personaxe de Carlo Collodi, Pinocho. Sr. Font, a vostede díxenlle que igual non era a personaxe do escudeiro e debe ser o Pepito Grillo que tenta levalo polo bo camiño.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, Solicitando a entrega ós grupos municipais do borrador da "Carta da Cidade", así como a creación dunha comisión, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

35.- (221).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PROPOÑENDO MEDIDAS PARA PROMOVER A AUSTERIDADE NA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"A crise económica que nos azouta é, hoxe en día, un feito indiscutible, como o é que o noso país vén de situarse á cabeza do paro e da inflación en Europa. Dúas consideracións que afectan moi gravemente ao benestar de todos os españois e máis ao seu futuro inmediato.

Se ben é certo que a situación de crise afecta a todos os países -o prezo do petróleo e as materias primas e a crise das hipotecas lixo son cuestións alleas ás economías nacionais- en España estamos a sufrir con maior crueldade os efectos da crise financeira internacional.

Por que? Porque mentres outros países tomaban medidas a tempo e se preparaban para o peor, en España o goberno negaba a maior ata antonte e aínda hoxe segue a minimizar os efectos da fonda crise que estamos a vivir. A nosa vulnerabilidade provén do elevado déficit exterior -o maior dos países da OCDE- do endebedamento e máis da dependencia enerxética.

Vigo e Galicia non son un caso distinto. Non é certo que exista un "plus de resistencia". Vigo, motor económico de Galicia, é azoutada polo paro, polo estancamento, pola freada no consumo, pola baixada dos índices de produción industrial e amosa as mesmas debilidades na súa economía que o resto do país.

Dende os Concellos podemos aportar o noso grao de area para paliar, no posible, as dificultades que están a padecer as familias. Por iso, o GM do Partido Popular propón ao goberno municipal que adopte a seguinte batería de medidas para promover a austeridade no Concello, para loitar contra a subida de prezos e máis para apoiar o crecemento e a competitividade de Vigo e para restaurar a confianza dos cidadáns.

PARA PROMOVER A AUSTERIDADE NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

- 1.- Conxelación salarial a cargos electos
- 2.- Conxelación de retribucións en concepto de dietas e asistencias a órganos colexiados
- 3.- Reducir á metade os gastos de protocolo e representación
- 4.- Reducir á metade os gastos de publicidade
- 5.- Elaborar un plan de axuste do gasto corrente

- 6.- Medidas de aforro enerxético:
 - Redución de gastos enerxéticos en dependencias municipais
 - Instalación de paneis solares en edificios municipais
- 7.- Creación da Comisión de Control Orzamentario
- 8.- Posta en marcha da Comisión de Control da Contratación
- 9.- Elaborar un plan de simplificación administrativa que elimine trámites burocráticos potenciando a administración electrónica

PARA LOITAR CONTRA A SUBIDA DE PREZOS

- 10.- Conxelar os impostos, taxas e prezos públicos
- 11.- Duplicar as axudas para comedor escolar e para compra de libros
- 12.- Incrementar as axudas a domicilio á infancia
- 13.- Incrementar as axudas do Servizo de Asistencia a Domicilio para persoas maiores
- 14.- Transporte público gratuíto para os fillos de familias numerosas

PARA APOIAR O CRECEMENTO E A COMPETITIVIDADE

- 15.- Iniciar os trámites para executar as 6.000 vivendas protexidas prometidas para este mandato
- 16.- Análise de novos xacementos de emprego e plans de formación adecuados a novas necesidades
- 17.- Incrementar as axudas á creación de Pemes
- 18.- Acelerar e executar as obras públicas pendentes no ámbito local: Auditorio, Garderías, Residencias de Maiores, rehabilitación do Casco Vello, así como facilitar e promover o desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- 19.- Acelerar e executar a obra pública pendente no ámbito autonómico: Depuradora, Ifevi, Humanizacións, Hospital, Cidade da Xustiza, Cidade do mar, túneles urbanos, centros de saúde...
- 20.- Acelerar e executar a obra pública pendente no ámbito nacional: Ave, aeroporto, Porto, biblioteca central, autovías, Plan de Excelencia Turística para Vigo?
- 21.- Acelerar os trámites administrativos para poñer a disposición de empresas adoito industrial e, como no caso de Citroën, promover con urxencia a aprobación do plan parcial coas modificacións pertinentes para que poida desenvolver a súa actividade.

PARA RESTAURAR A CONFIANZA DOS CIDADÁNS

- 22.- Reclamar do Goberno Central e da Xunta o pago das axudas á dependencia
- 23.- Reclamar do Plan Educa aprobado polo Consello de Ministros 1/3 da cantidade asignada a Galicia (7 millóns de euros) para a creación de garderías infantís
- 24.- Rexeitar a proposta do Goberno de recortar a achega de ingresos do Estado aos concellos, así como esixir a negociación paralela do financiamento local co financiamento autonómico a través da FEMP
- 25.- Creación do Consello Local de Política Financeira."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de setembro, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: A crise económica en España, Galicia e Vigo é unha realidade que agora xa non nega ninguén, neste mesmo Pleno non o negou a concelleira de Economía e Facenda, non o nega o Sr. Zapatero e ata o ministro de Economía reconece que esta pode ser a maior crise á que nos enfrontemos nos últimos anos.

Isto ten unha repercusión directa na cidadanía que, como dicíamos cando falábamos das ordenanzas, cada vez teñen máis dificultades para chegar a final de mes polo incremento tan importante nos produtos básicos, nas hipotecas e sobre todo no aumento do paro que se está a levar a cabo nos últimos meses.

Isto fai que por parte do Grupo Popular queiramos amosar a nosa disposición a este Goberno cun posicionamento construtivo presentando vinte e cinco medidas en catro ámbitos para poder dalgún xeito mellorar esa situación e facer máis fácil ás familias e ás empresas da nosa cidade que poidan pasar un pouco mellor esta época de crise.

Como dicía presentamos vinte e cinco medidas en catro ámbitos que a voceiro do noso grupo fixo chegar ó Sr. Alcalde. O primeiro para promover a austeridade na administración local. Cremos que somos as administracións públicas as primeiras que teñen que dar exemplo e empezar a apertarnos o cinto; por iso propoñemos conxelación salarial a cargos electos, conxelación de retribucións en concepto de axudas de custo e asistencia a órganos colexiados, reducir á metade os gastos de protocolo e representación, tamén reducir á metade os gastos de publicidade, elaborar un plan de axuste do gasto corrente en todo aquilo que se poida reducir para, sen diminuír os servizos que se prestan ós cidadáns, facelo dun xeito máis eficiente, medidas de aforro enerxético, creación dunha comisión de control orzamentario na que non só se vexa como se aproban os orzamentos senón que logo como se executan porque todos sabemos que hai posibilidades de que non se executen tal como estaban establecidos, posta en marcha da comisión de Control da Contratación que esta mesma mañá se creou e elaboración dun plan de simplificación administrativa que elimine trámites burocráticos potenciando a

administración electrónica, deste xeito se poden eliminar custos cara ós cidadáns, tanto en desprazamentos como en incomodidades. Este é o primeiro bloque.

O segundo é loitar contra a subida de prezos e aquí establecemos cinco medidas. Hoxe tivemos ocasión de debater extensamente a primeira, conxelar impostos, taxas e prezos públicos, duplicar as axudas para comedor escolar e para compra de libros e tamén incrementar as axudas a domicilio, á infancia, o servizo de asistencia a domicilio para persoas maiores e o transporte público gratuíto para os fillos de familias numerosas. Precisamente cremos que é en determinados colectivos onde hai que o facer e que esa suba de prezos lles sexa máis fácil e dalgún xeito, dende a administración máis achegada ó cidadán, loitar para combater esa suba de prezos.

Outro bloque importante que leva sete medidas é apoiar o crecemento e a competitividade. Entre estas medidas atópase iniciar os trámites para executar as seis mil vivendas protexidas prometidas para este mandato, analizar os novos xacementos de emprego e plans de formación adecuados a novas necesidades porque é un xeito de xerar emprego, incrementar as axudas á creación de PYMES posto que non podemos esquecer que son as que xeran maior emprego, acelerar e executar as obras públicas pendentes no ámbito local, como pode ser o auditorio tomando as medidas necesarias para impulsalo, garderías, residencias para maiores, rehabilitación do Casco Vello e, como no, promover e desenvolver o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Outra das medidas sería executar a obra pública a nivel da Xunta de Galicia, como pode ser depuradora, IFEVI, humanizacións, hospital, Cidade da Xustiza, Cidade do Mar, túneles urbanos, centros de saúde.

No ámbito nacional tamén é necesario adiantar e acelerar esa obra pública, as grandes formas de comunicación como pode ser o AVE, aeroporto, porto, biblioteca central, autovías e tamén un dos sectores que consideramos prioritarios que pode ser o turismo, poñendo en marcha ese plan de excelencia turística para Vigo.

Acelerar os trámites administrativos para poñer a disposición das empresas solo industrial e sobre todo ter en conta a casuística específica de Citroën promovendo con urxencia a aprobación dese plan parcial.

Por último, consideramos que outro bloque de medidas serían aquelas que tenten restaurar a confianza dos cidadáns nas economías. Coidamos que é importante

restaurar a confianza que os cidadáns teñan nas distintas administracións por iso cremos que se debe reclamar ós gobernos central e da Xunta o pagamento das axudas á dependencia, sempre tendo en conta o seu carácter social porque leva xa tempo sen se desenvolver e que a xente empece xa a recibir esas axudas da Lei.

Reclamar do Plan Educa, aprobado polo Consello de Ministros unha terceira parte da cantidade asignada a Galicia para a creación de garderías infantís, así como rexeitar a proposta do Goberno de recortar e achegar os ingresos do Estado ós Concello, esixir a negociación paralela do financiamento local co financiamento autonómico a través da FEMP.

Por último, dentro deste bloque de medidas, a creación do Consello Local de Política Financeira. Coidamos que precisamente son as administracións locais, as máis próximas ó cidadán, as que teñen que resolver os seus problemas diarios pero hai unhas competencias e cada administración ten que responder a nivel de competencias e non deben ser precisamente os cidadáns quen a nivel impositivo vexan aumentada á súa necesidade de dotar á administración local de máis orzamento para que logo poidan afrontar esas competencias, unhas veces locais pero outras moitas de ámbito autonómico e estatal. Coidamos que ten que ser o Estado quen financie as competencias que non son locais e que se teñen que dar a todos os cidadáns en condicións de igualdade.

Con este paquete de vintecinco medidas, con estes catro ámbitos definidos que rapidamente enunciarei e que cada un deles podería ser orixe dunha moción pero que espero que os poidamos despachar neste Pleno como grupo e no tempo establecido para o debate destas mocións, espero que realmente se contribúa a mellorar e paliar esa situación de crise.

O Alcalde dicía que agradecía o ofrecemento do PP contra a crise aínda que chegaba tarde. Nós coidamos que ante a inactividade non só deste goberno local senón do goberno a nivel estatal que deixou de recoñecer que había unha situación de crise e iso impediulle tomar medidas necesarias a tempo, os cidadáns hoxe en día están a sufrir unha crise contra a que realmente se poderían ter adoptado medidas que non a fixeran tan profunda.

Por iso queremos ofrecer a nosa colaboración para mellorar esta situación.

SR. LÓPEZ FONT: Teña a certeza de que máis aló da discrepancia política sobre esta

moción ou sobre calquera outro debate non vou caer en absoluto en termos despectivos con respecto a ningún compoñente do Partido Popular e coido que ese grupo debería reflexionar sobre o nivel ó que vostedes están a chegar porque os cidadáns estannos mirando. Coido que o primeiro que temos que coidar é as formas, temos que facer valer o que significa este Pleno para a cidade. Se o que pretenden con determinados comentarios é amedrentar e que deixemos de manifestar as nosas opinións e propostas, non o van conseguir.

Remataba a súa intervención facendo mención á resposta do Alcalde cando vostedes presentaron esta proposta. Efectivamente, cando presentaron estas vinte e cinco medidas chegaron tarde e creo que son totalmente contraditorias. Non quero referirme outra vez ó debate que se produciu esta mañá sobre o que significa a conxelación de impostos porque coido quedou suficientemente claro cales eran as nosas propostas en materia de política fiscal para os cidadáns e coido que se axustan ó que necesita a crise.

Con estas vinte e cinco medidas que vostedes propoñen en bloques non sei se tratan de lles lavar a cara a vostedes, se pretenden presentar unha serie de medidas que unhas están xa realizadas, outras puxémolas en marcha e outras sorpréndeme que as presenten como o fan porque dalgunhas das intervencións do seu grupo parece que non se está a facer o AVE a Vigo, parece que non se está a construír o auditorio, que non se está a ampliar o aeroporto e que non se está a facer absolutamente nada. Mesmo de atreven a dicir "promover o desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal". Non será pola contribución que tivo o seu grupo a que en medidas contra a crise económica que hoxe padecemos se aprobase o Plan Xeral.

Moitas das cuestións que hai aquí, por exemplo, non subir o soldo ós cargos electos díxoo o Alcalde, afirmárono os dous grupo políticos que formamos o goberno e polo tanto non é ningunha novidade.

Cando falan de loitar contra a suba de prezos volven caer en contradicións de propoñer determinados incrementos contra non sei que tipo de política fiscal neste Concello. En determinadas medidas anticipolle que non podemos aprobar a súa moción porque dicir que imos axilizar os trámites para seis mil vivendas protexidas cando estamos nun proxecto ambicioso de once mil vivendas, como comprenderá non llo podemos aceptar.

Referíame na anterior moción ás súas contradicións como grupo político, cando vostedes está a propoñer un Consello Local de Política Financeira rebaixando a representatividade que ten o municipalismo na FEMP en contra do que votaron en Zaragoza os propios compoñentes do Partido Popular, nós non o podemos apoiar. Tampouco apoiaremos a creación dun novo Consello Local de Política Financeira, o que queremos é que se manteña o Consello de Política Fiscal e Financeira que realmente dea realce ó municipalismo en España.

Como o Sr. Alcalde, penso que razoablemente e nun momento determinado, vaime dicir que me estou excedendo do tempo, hai unha cousa que me sorprende poderosamente: Que sexan vostedes quen de nos propoñer vinte e cinco medidas, din que se desenvolvan polo Goberno Estatal e polo Goberno Autonómico e eu non sei se esqueceu que na provincia hai un ente moi importante que é a Deputación Provincial. Sorprendeume na súa intervención anterior coa concelleira de Facenda que lle contestaba ó Tenente de Alcalde de transferencias doutras administracións e quedouse vostede tan ancha, como se descubriera a posibilidade de que tivésemos axuda para non subir os impostos ós cidadáns de Vigo. Pois é moi importante que os cidadáns novamente saiban que a Deputación Provincial non colabora absolutamente nada con esta cidade, hai unha desvergoña institucional, e non falo das persoas, da relación do presidente da Deputación co alcalde desta cidade. Sinxelamente se trasladou á Deputación que a esta cidade se lle dera o que merecía, o que lle corresponde e o que doutras formas, non tan legais e visibles, a Deputación Provincial deu ó Goberno da Sra. Porro, como a vostedes lles gusta facer mención.

En relación con esta moción e por resumir, son moitas as medidas que xa adoptamos das que vostedes propoñen, outras caen nunha contradición coa súa práctica política e sobre todo esta moción do que peca é dunha omisión moi clara: deberían ser precisamente vostedes que teñen ó Vicepresidente Primeiro e Quinto da Deputación, quen tentasen que polo beneficio desta cidade houbera transferencias doutras administracións, como vostede dicía.

Suxírolle que o presente ó compañeiro que ten á súa dereita e ogallá finalmente a Deputación reverta, invista e considere a esta cidade como o merece.

SRA. MOLARES PÉREZ: Cando vostede contestaba á moción de Control da

Contratación no Pleno anterior, fixo un discurso que me facía pensar que ía votar en contra e logo votou a favor, coido que pola influencia do grupo que ten detrás, alegando esa maior participación e ademais o BNG caracterízase por dicir que é participativo, non lle quixo negar ó Partido Popular a posibilidade de participar nesa comisión de Control da Contratación.

Hoxe en cambio fai o contrario, crin polo seu discurso que ía votar a favor porque algunhas das medidas di que xa están a poñelas en marcha e con outras están de acordo, sen embargo se non lle entendín mal dixo que non a van votar. Vostede verá, son vintecinco medidas que non chegan tarde, como di o Alcalde.

Nos estamos aquí para solucionar os problemas da cidadanía. Sabe que a min me gusta referirme ó que sae nos medios de comunicación e leo: "Vigo perdeu 15.000 turistas este verán na peor tempada hoteleira en catro anos". Isto no referente ó sector turístico da cidade, non falamos de España. Noutro sector importante como é o da automoción lemos novas dende o 23 de setembro ata agora: "Streiff non descarta despedidos no grupo PSA se a crise empeora". O 25 xa se di: "Citroën agudiza ó seu axuste ata fin de ano coa supresión de trescentos empregos e doce días máis de paro. A fábrica de Vigo deixará de montar 32.000 coches entre outubro e decembro". O 26 de setembro outra nova: "Provedores da automoción de Vigo negociarán recortes de emprego. A eliminación da quenda de noite de PSA provocaría 2.000 desempregos nas auxiliares". Xa non falamos do Plan Xeral.

Os datos na cidade son preocupantes e aínda que o Alcalde habitualmente diga que todo vai ben, cremos que a situación é grave, sobre todo que pode empeorar. Empezamos o outono, o curso político, cun anuncio de 4.000 coches menos que se ían facturar no mes de setembro; iso semellounos alarmante pero pouco despois foron 8.000 en outubro e agora xa son 20.000 para novembro e decembro. No periódico de hoxe dise: "A crise e a falla de solo frustran a cidade do automóbil de Vigo".

Temos que estar preocupados, que aportar medidas e se vostedes rexeitan esta moción, rexeitan a posibilidade de mellorar a situación da cidade. Vostede di que algunha das medidas do bloque de austeridade xa a anunciou o Alcalde pero non teñen credibilidade e non porque o diga eu. Un medio de comunicación dicía o venres: "Os impostos subirán un 4.2% pese á promesa de Caballero de non os incrementar". O pé dunha foto do Alcalde di: "En ningún caso subiremos os

impostos". 4 de setembro de 2008: "Algo máis de vinte días sobreviviu a promesa de non subir os impostos. "Se algo se nos ocorrese sería baixalos", sinalou entón o Alcalde. Tamén indicou que se conxelarán os soldos dos concelleiros".

Ó Sr. Alcalde non lle cren e polo tanto que hoxe aprobaran esta moción que no seu primeiro punto do bloque de austeridade é pedir a conxelación salarial a cargos electos polo menos lles daría un pouco de credibilidade. Tampouco maximo que terán ningún problema en reducir os gastos de protocolo, elaborar ese plan de axuste. Coido que son medidas que de ningún xeito son incongruentes.

Logo falabamos de loitar contra a suba dos prezos e vostede leva o debate a onde o quere levar. Teñen uns temas estrela e queren que eu caia neles. O discurso non é incoherente, pedíamos máis transferencias do Estado e da Xunta de Galicia; por suposto que tamén da Deputación e lémbrolle que este ano xa investiu en tres campos de herba sintética, dous centros socio-comunitarios. Pero non está esquecido porque sexa do Partido Popular, Sr. Font, sabe que a Deputación se conforma con membros das administracións locais, concelleiros electos. Que eu saiba afortunadamente na Deputación provincial hai deputados dos tres partidos políticos. Fai referencia a que eu lle pida ó meu compañeiro pero a súa compañeira tamén está na Deputación, dígalle tamén á Sra. Abelairas que o reclame e se quere, por alusións, está aquí o vicepresidente primeiro para falar.

A miña responsabilidade como concelleira de Vigo é pedir a todas as administracións. Aquí pedimos ás administracións autonómica e estatal nas que non hai esa representación posto que tamén son cargos electos pero non terán ningún problema en dicir que se aceleren as obras do auditorio. A min non me gustaría caer no debate de Deputación, Plan Xeral ou auditorio porque coido que iso nos levaría toda a mañá e se tería que paralizar o Pleno ás dúas da tarde. Realmente é unha moción que daría para moito debate pero non coido que teñan problema en acelerar e executar as obras públicas pendentes.

No auditorio xa está a retro-escavadora, nas garderías está asinado o protocolo; á depuradora hai que lle dar unha solución na Xunta de Galicia, hai trinta millóns de euros. Fíxense se somos xenerosos que non estamos a falar do ano 2008, falamos cara o ano 2009 de cousas que xa deberían estar no ano 2008.

Coidamos que realmente o financiamento tanto autonómico como local hai que reformulala, é unha necesidade que está enriba da mesa. Os datos son alarmantes,

temos o maior paro de España, as taxas máis altas de inflación e consideramos que con estas medidas podemos axudar ós cidadáns. Non hai incongruencias, hai un intento de dar solucións.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Teño que dicir que dende o punto de vista do noso grupo está moi ben que a oposición faga este labor construtivo, nos presente unha serie de medidas para saír da crise. É unha función que a oposición debe facer e sempre dixemos que é bo que o faga con ánimo construtivo.

Pero vostede dicía que o ministro dixo que esta podería ser a crise económica máis importante da historia. Con todo o cariño e sen ánimo de molestar téñolle que dicir que se estas son as medidas para responder á crise máis importante da historia apañados imos, sobre todo cun grupo político que evidentemente ten experiencia de estar nun goberno da Nación, da Xunta e mesmo deste Concello.

Estas medidas non van contribuír para nada á superación da crise, nin tan sequera a nivel municipal. Ademais vostede fálanos dunha serie de temas e enfádase moito cando dende a bancada do Goberno se lle lembra o que vostedes fixeron e sempre contesta se vai ter a culpa de todo o Partido Popular. Pois vostede acaba de dicir, coido que dun xeito demagóxico, que parece que este goberno municipal ten a culpa da crise que lle lembro que é unha crise económica-financeira mundial. Parece que este goberno ten culpa dos posibles recortes da produción de Citroën, de que o turismo descendera ou en definitiva de que a economía financeira mundial estea como está.

Realmente dende un goberno municipal, cando falamos dunha conxuntura mundial que afecta ás altas finanzas do mundo, fundamentalmente á macro economía do mundo, evidentemente pouco podemos facer dende este Goberno agás adiantármonos a aquelas necesidades que os nosos cidadáns van pedirnos por mor desa crise e iso non imos volver discutilo porque xa quedou perfectamente debatido cal é a política fiscal e social que ten este goberno.

Si me gustaría falar brevemente das medidas que vostedes propoñen para que non pensen que aquí hai unha descualificación ó que vostedes propoñen polo xeito que o fan. No primeiro bloque de austeridade na administración local falan da conxelación salarial de cargos e de retribucións en concepto de axudas de custo e demais. Cando vostedes falan de conxelación salarial por que non falan

abertamente de conxelar salarialmente todo? Por que non se remontan vostedes á política de conxelación salarial que tivo o goberno do Sr. Aznar que tivo ó funcionariado deste país e desta cidade cos seus soldos absolutamente conxelados?

Coido que dunha vez por todas hai que deixar a demagogia. Os concelleiros do BNG non temos ningún problema en conxelar os nosos salarios e xa o dixemos, pero coido que debemos deixar a demagogia nestes temas dunha vez por todas. Para min, como cargo electo e concelleiro desta Corporación, seguir sempre con este tema da conxelación dos salarios dos concelleiros e alcaldes é un insulto á dignificación da vida municipal e coido que hai que ser claros dunha vez por todas. O problema dos que temos un salario que efectivamente sae da cidadanía non é o propio salario, senón como respondemos precisamente ó noso cargo. Aí é onde temos que dignificar a vida municipal, dar resposta do noso cargo. Un salario pode ser alto ou baixo dependendo da súa retribucións, pode ser moi alto aínda que se cobren 5.000 euros se non se fai nada por esta cidade; un salario pode ser moi baixo se responde a unha dedicación clara e plena á cidade. Iso é o que hai que dignificar na vida municipal.

Vostede é economista e traballou nos orzamentos e sabe o que significan esas baixadas que propoñen na moción e non son nada absolutamente comparadas co orzamento total dun Concello, polo tanto coido que hai que deixar eses discursos demagóxicos.

O mesmo coas seguintes propostas: reducir á metade os gastos de protocolo e representación e gastos de publicidade. Hai tempo que nunha administración pública non só se refiren ós investimentos coma investimentos de obra pública; hai outros que son absolutamente necesarios. Acaba de dicir que Vigo perdeu 15.000 turistas no último ano, pois a publicidade moitas veces é un investimento moi importante para sectores tan importantes como é a cultura, turismo, etc.

Que facían vostedes cando gobernaban en tempos non de crise? Quéreme dicir que vostedes malgastaban os cartos dos vigueses e viguesas polo sinxelo feito de que non estabamos en crise? Quéreme dicir que o que gastaron en publicidade, que foi moito, estiveron malgastando? Eu non digo iso, o único que lle digo é que hai que deixar a demagogia porque se queremos saír da crise temos que facelo con medidas claras e concretas que non só dependen deste organismo, senón que

efectivamente dependen da Xunta de Galicia e do Estado.

Nese sentido sempre estaremos con vostedes para reivindicar unha política clara de favorecer ó emprego, de garantir os prezos mínimos xustos para produtos dos sectores produtivos do noso país, en definitiva para garantir que Galicia teña máis transferencias porque iso supón poder xerar mellor os nosos recursos, que teñamos unha Axencia Tributaria propia, que fagamos unha verdadeira política de promoción da vivenda como nunca se fixo nos últimos anos, como non foron quen de facer vostedes cando gobernaban.

En definitiva as medidas para saír da crise temos que as enmarcar dentro dunha globalidade de política financeira e económica que vaia fundamentalmente dirixida a favorecer ós máis febles.

Alégrome profundamente que unha das medidas sexa textualmente "Promover con urxencia o desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación". Agrádame que veñan ó noso carón porque igual que vostede saca declaracións eu tamén podo sacar hemerotecas onde vostedes dicían que este Plan Xeral ía ser imposible de poñer en marcha e que este Plan Xeral non era o que esta cidade precisaba. En que quedamos, estannos a dicir que poñamos en marcha o Plan Xeral de Ordenación Municipal pero que non é o que necesita esta cidade, aclárense un pouco máis.

Logo duplicar axudas en asistencia a domicilio, transporte gratuíto... demagogia, porque acaban vostedes de defender que hai que baixar os impostos.

Dicíalle ó principio que vostedes falan dun xeito na oposición e falan doutro cando gobernan; está nestas medidas e cansáronse de repetir neste Pleno que redución do gasto corrente. Na Deputación veñen de aprobar vostedes unha modificación de crédito por un valor de catro millóns de euros para aumentar o gasto corrente. É casualidade, eses catro millóns de euros que dicía a concelleira de Facenda que eran os que necesitábamós precisamente para non subir os impostos. Hai que ser coherentes esteamos onde esteamos.

Din que unha das medidas para saír da crise é o solo industrial. En dezaseis anos en Vigo e na súa área once millóns de metros cadrados de solo industrial; nos últimos tres anos 39 millóns de metros cadrados en Vigo, na Área Metropolitana e en todo o conxunto. Non en papeis, o único que estivo en papeis foi o famoso Plan Galicia que iso si que estaba en papeis.

En definitiva, se queremos saír da crise imos deixármonos de demagogia e imos

traballar todos precisamente por aumentar o gasto social, para que os menos favorecidos poida superar a crise do maior xeito posible e para reivindicar da Xunta e do Goberno Central, pero tamén da Deputación Provincial, que atendan ás necesidades da cidade que é a máis importante de Galicia.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, quero falar por alusións.

A PRESIDENCIA: Non houbo ningunha alusión.

SR. FIGUEROA VILA: Fun aludido varias veces.

A PRESIDENCIA: Aludiuse á Deputación e ós gastos da Deputación.

SR. FIGUEROA VILA: E ó Vicepresidente Primeiro.

A PRESIDENCIA: Ó Vicepresidente como cargo político da Deputación, ningunha alusión, sinxelo debate político. Continúe Sr. López Font.

SR. LÓPEZ FONT: Onde realmente hai que falar e tomar determinacións é nas institucións na que estamos cada quen. Sra. Molares, non trato nin esta nin en ningunha outra moción de facer un dobre xogo de dicir algo e logo propoñer o contrario. Non quero que quede dúbida de que cando se presentou a moción da Comisión de Control da Contratación o Grupo Municipal que represento non só non tiña ningún problema en crear esa comisión, senón que estaba totalmente a favor porque xa dixen en máis dunha ocasión que precisamente creo que este goberno é o exemplo de transparencia na contratación e en todo o que administrativamente nos corresponde como goberno.

Nesta moción deixei moi claro dende o primeiro momento que son medidas que chegan tarde, contraditorias e que só por unha ou dúas, porque vostedes quixeron metelas nun paquete de vintecinco, este grupo municipal vai votala en contra e como lle dixen, a motivación contundente que temos para votar en contra é o seu esquecemento intencionado de seu e do seu grupo dos investimentos da Deputación nesta cidade. Non se poden dicir determinadas cousas deste goberno

se non se predica co exemplo na Deputación.

Este grupo tamén está moi preocupado pola situación económica e por determinadas situacións que se poden dar en Citroën ou noutros sectores da cidade, pero é precisamente este goberno quen está a traballar, nunha colaboración institucional co goberno central e co da Xunta de Galicia, para crear as condicións para que non se afecte á economía viguesa que debo lembrarlle que é a que mellor resiste en Galicia e posiblemente en España ós efectos da crise.

Lémbrolle que o Goberno Central tomou medidas sobre a crise, pero o Goberno da Xunta de Galicia asinou un pacto de competitividade coa patronal, coa Confederación de Empresarios e cos sindicatos que é exemplo en toda España e que posiblemente permita que os efectos da crise sexan menores que noutras cidades.

Non vou entrar no tema do incremento de impostos, quedou suficientemente claro que nós, cos puntos que aprobamos esta mañá, estamos reducindo a presión fiscal ós cidadáns, non estamos incrementando os impostos. Non veña de segunda volta a tentar debater este tema.

O Alcalde anunciou e é certo que este grupo municipal, como xesto ós cidadáns, entendemos que o soldo dos cargos electos non se debe incrementar este ano. Eu non vou entrar en se é unha medida que teña consecuencias positivas pero nós, como cargos electos, pretendemos que os nosos soldos non se incrementen e así o imos facer constar nos orzamentos.

Todo o que vostedes propoñen en canto a acelerar e executar son por outra banda as cousas que están rexeitando, parece que non tivésemos humanizacións a realizar nesta cidade, parece que o aeroporto non se está a desenvolver, non sei se é que vostedes viaxan moi pouco en avión e non se dan de conta de que se están realizando obras.

Coido que bromas sobre a máquina e o operario do auditorio, as xustas. Aí é onde a vostedes fáltalles proxecto de cidade, Sr. Figueroa, porque só lle vou lembrar unha cronoloxía: vostede presume de ter deixado os concursos moi ben orientados, etc. Vostede como goberno, o 15 de abril do ano 2007, aprazou a decisión do auditorio para o 15 de xuño cando xa lamentablemente supuña que non ía gobernar vostede.

O auditorio é posible gracias a este goberno porque o anterior deixou

magnificamente adxudicado segundo a empresa que tiña que realizar esa obra eran de 85 a 145 millóns, por iso coido que vostedes deberían ser os máis interesados en que os grandes proxectos destas cidade saíran adiante. Debo dicir que a empresa que vai realizar o auditorio fixo un esforzo moi importante para que o que vostedes deixaron, en termo mariños, como barco nas pedras poida ser unha realidade nesta cidade.

Sres. do Partido Popular, coido que se con esta moción o que pretendían era negar que tanto este goberno municipal coma os gobernos estatal e autonómico nos seus orzamentos non están tomando medidas para paliar esta crise, isto non se materializa aquí. Estamos tomando medidas e coido que hai contradicións moi importantes na súa moción para que sinxelamente se trate dun lavado de cara.

Aproveitaron moitas das cousas que nós xa propuxéramos, cousas que xa se están realizando e en marcha, de cara á galería pero realmente os feitos unicamente avalan a este goberno e non precisamente ó anterior nin á súa tarefa de oposición en ocasións.

SRA. MOLARES PÉREZ: Espero que sexa xeneroso porque cada un deles falou máis de cinco minutos e teño que lles contestar ós dous. Ademais hai contradicións entre o que pensa o BNG e o PSOE.

O BNG di que non temos que facer nada e que é unha parvada que nos conxelemos o soldo; sen embargo o Sr. Font di que está a traballar co goberno estatal e que a esta cidade case non lle toca a crise. Dígame que lle imos contar ós dous mil desempregados en empresas auxiliares que din que vai provocar a eliminación da quenda de noite de PSA. Que Vigo é o país das marabillas e que non lle afecta a crise? Ou lle vai dicir o Sr. Domínguez que aínda que esteamos aquí de concelleiros, fagamos o que fagamos a crise non a imos solucionar?

As vintecinco medidas poderán ser moi malas pero son unhas medidas que coa nosa capacidade quixemos poñer á disposición deste goberno para que as aprobe e vostede dixo que agás dous as aprobaría. Acepto ese ofrecemento e estou disposta a que me diga que dous medidas non quere poñer, votan as vintetrés e deixamos esas dúas. Está gravado.

A xente non ten claro que nos imos conxelar o soldo. Como a van ter claro se vostede mesmo fala de subir e conxelar. Estamos volvendo tolos ós cidadáns. Estou

de acordo co Sr. Domínguez que co que se va aforrar coa conxelación salarial non imos arranxar o mundo pero se trata e así o dixeran nesta declaración de dar exemplo porque non podemos pedir ás empresas privadas que contribúan a non subir os prezos cando no propio Concello os cargos públicos se soben o soldo. É un exemplo de solidariedade, con iso non se van arranxar as contas pero claro que facendo boa xestión, levando ben un presuposto, pódense aforrar cartos. Gastando menos en comidas, en publicidade, en gastos correntes pódense aforrar cartos e utilizalos para fins sociais.

Estou realmente sorprendida de que por unha banda non podamos facer nada e por outra o Sr. Alcalde empezou o mandato ofrecendo á cidadanía o cartel de pleno emprego e agora resulta que os datos do emprego non é cousa deste Concello pero o que si sei é que no último ano a poboación activa de vinte a corenta e cinco anos aumentou un 20% e no sector da construción un 30%.

Sr. Domínguez, non hai contradicións cando falamos do desenvolvemento do Plan Xeral. Fixemos o noso labor político de oposición avisándolle do que criamos que nese Plan Xeral non ía ben pero agora está aprobado, aprobárono vostedes, vostedes son os responsables dese Plan Xeral e nós pedímoslles que o poñan en marcha porque son vostedes os que o aprobaron e non tiveron en conta as nosas advertencias.

Por non ter aprobado o Plan Xeral por crer que non era o mellor agora non lles podemos esixir que o executen? Non hai nada de incoherencia, a través desas licencias, desas obras que vostedes din que se van a desenvolver e que por tanto o crerán, a través deses impostos é como se van poder dar máis axudas sociais e se vai facer mellor política.

Non fun eu quen falou das transferencias do Estado. A súa compañeira a Sra. Díaz dixo nun Pleno anterior e coido que hoxe volveu repetilo que acadaron máis transferencias do Estado, por tanto segan así.

Antes falou de Madrid e Valencia; pero esas cidades non teñen o contacto que ten o Alcalde co Sr. Zapatero, por iso seguramente lle darán moito máis financiamento porque ten máis capacidade de negociar co Sr. Zapatero e por tanto estamos seguros de que nos van dar moito investimento para a cidade.

Sr. Domínguez, non atendeu á Sra. Díaz, a culpa da crise tena o Partido Popular. Só vou utilizar tres datos: cando gobernou en Madrid o Partido Popular colleu o paro

cun 22% e deixouno á metade cando marchou en 2004. Respecto á conxelación salarial dos funcionarios pódolle dicir que houbo un incremento de masa salarial aínda que non afectara a cada un deles. 3.188.900 desempregados; deixouno en 2.181.546; neste intre está en 2.530.000. Cantas persoas hai máis tendo cobertura da Seguridade Social? É o Sr. Corbacho quen di "É posible que o INEM poida quedarse sen cartos".

Collemos a inflación no 4,30 no ano 2006 e deixámola no 2004 na metade, no 2,20; agora está no 4,90. O Euribor está agora no máis alto dos últimos dezaseis anos, no 5,47 e as familias teñen que pagar máis. Cando gobernaba o Partido Popular estes datos melloraron sós e agora que os empeoran con catro anos dun goberno socialista resulta que quen ten a culpa é o Partido Popular. Escollín un partido que leva as culpas de todo pero do que estou orgullosa porque realmente é o partido que levou a que España medrara, entrara en Europa e nos respectaran.

Coido que a demagogia sobra, non fai falla nada máis. Estas vintecinco medidas tentámolas ofrecer ó goberno dende o noso labor de oposición e agradezo ó Sr. Domínguez que o valore así. Se vostedes teñen unhas medidas mellores póñanas en marcha.

Ó mellor ó Sr. Domínguez molestoulle que utilizara o sector turístico; vostede non ten a culpa que os cidadáns teñan menos cartos para viaxar. O sector da automoción é base para a nosa cidade pero tamén poderíamos falar do Porto que por empezalo polo tellado en vez de polos cementos tamén ó mellor dentro duns meses nos da un desgusto.

Vigo non é o país das marabillas, hai crise como hai no resto de España e ou traballamos todos xuntos e os concelleiros de todos os grupo políticos, co soldo que teñamos sexa moito ou pouco, poñemos o noso grao de area e se non recoñecemos que hai unha crise, como non recoñeceu o Sr. Zapatero porque se quería presentar a unhas eleccións e non lle interesaba que os cidadáns souberan que había unha situación de crise e que el tiña algo que facer, agora estaríamos en mellor posicionamento.

Non nos boten as culpas do que non temos. Traballen, busquen ideas e dean mellores servizos ós cidadáns que é o que busca todo o mundo. Con estas vintecinco medidas cremos que podemos mellorar a situación.

O Sr. Alcalde contestou nun medio de comunicación que as medidas chegaban

tarde e que os impostos xa estaban conxelados. Sego dicindo que non é verdade porque os cidadáns van ter que pagar 3,20€ máis polo lixo, 5 euros máis polo coche. Quero que lle quede claro ós cidadáns porque para iso presentei a moción. Todos van ter que pagar máis impostos.

Como non queren aprobar ningunha medida este goberno vai ter que pagar máis gastos de publicidade, de protocolo, non se sabe se a conxelación dos salarios vai ser real, como dicía a Sra. Díaz, ou o IPC.

Nas medidas de apoio social falamos da dependencia, das garderías, das familias numerosas. Vostedes dánlle as costas, por tanto non poden dicir que teñen visión social e que colaboran para paliar esta crise.

Vostedes verán, os cidadáns valorarannos ós tres grupos.

A PRESIDENCIA: Adiántolle que a subida que proporemos dende o goberno para os salarios dos cargos electos será de cero euros.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Molares Pérez, propoñendo medidas para promover a austeridade na administración local, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

36.- (222).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A AMPLIACIÓN DE EXENCIÓNS NO PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓNS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte Moción:

"O pasado día 7 de agosto, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2008, sobre medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns en Galicia que entrou en vigor o día 1 de setembro.

En primeiro lugar é conveniente recordar que a primeira reforma deste imposto foi acometida polo PPdeG cando gobernaba a Xunta de Galicia no ano 2002, (lei 3/2002 do 29 de abril de medidas de réxime fiscal e administrativo, e lei 7/2002 do 27 de decembro de medidas fiscais e réxime administrativo) convertendo a Galicia en comunidade autónoma pioneira en acometer rebaixas fiscais no imposto de sucesións e doazóns.

REFORMA CATIVA E INSUFICIENTE

Pola contra, e a pesar dos esforzos propagandísticos da actual Xunta de Galicia por dar a entender outra cousa, o certo é que as medidas tributarias acometidas neste imposto na súa recente reforma publicada no DOG o 07.08.08, se por algo destacan é por ser insuficientes, incompletas e discriminatorias respecto ás comunidades autónomas case todas gobernadas polo PP, nas que este imposto xa non existe.

Así, moitos galegos e galegas xa se viñan beneficiando dende o ano 2002 de rebaixas impositivas presentadas agora como novidades, como o caso das transmisións das pequenas e medianas empresas.

O alcance, máis propagandístico que real da reforma se evidencia nas propias cifras, nos números. Así, o impacto económico da reforma revela que a perda de recadación prevista é apenas dun 35%, moi lonxe do 90% que a Xunta de Galicia intenta "vender".

REFORMA INCOMPLETA

Deste xeito, cando case o 70% das CCAA teñen suprimido de feito o imposto, entre os membros da unidade familiar básica, en Galicia seguimos tendo que tributar. A día de hoxe, once Comunidades Autónomas xa suprimiron o imposto de sucesións e doazóns: Cantabria, A Rioxa, Baleares, Castela e León, Castela-A Mancha, Madrid, Murcia, Valencia, Canarias, País Vasco e Navarra. Por conseguinte, os galegos e galegas seguimos a estar en peor posición respecto ós cidadáns daqueles territorios que xa non tributan, que son máis de 23 millóns en todo o Estado.

As doazóns de pais a fillos seguen gravadas na súa totalidade, constituíndo un motivo máis para a deslocalización dos patrimonios familiares.

Por isto, a reforma non soluciona o principal problema que tiña este tributo, posto

que aínda permanecen as diferencias entre Galicia e moitas comunidades onde practicamente é gratis herdar.

REFORMA DISCRIMINATORIA

A nova norma, trata de xeito distinto aos que son iguais e iguala aos que son diferentes.

Ademais da discriminación territorial, é discriminatoria no trato persoal aos contribuíntes, pois trata de xeito distinto a aqueles que teñen os mesmos dereitos derivados da mesma situación xurídica (porque ocupan a mesma posición na liña hereditaria) e polo tanto deberían ser tratados de igual xeito.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia para que se amplíen as exencións no pago do imposto sobre sucesións e doazóns ata lograr na práctica a supresión total deste gravame, como xa fixeron outras Comunidades Autónomas de España.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de setembro, quedou informada do contido da anterior moción.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Co todo o que se debateu hoxe aquí coido que debería comezar dicindo que a administración á que estamos propoñendo esta actuación non está a tomar as medidas suficientes para poder solucionar os problemas da crise que teñen as familias á hora de herdar.

O pasado día 7 de agosto, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2008, sobre medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns en Galicia que entrou en vigor o día 1 de setembro. Hai que dicir ben claro que esta lei, cando gobernaba o Partido Popular en dúas ocasións, a 3/2002 e a 7/2002, publicou medidas referentes a este tema, xa tiña beneficios e rebaixas fiscais.

A situación na que nos atopamos o día 7 de agosto de 2008 ven provocada por unha lei insuficiente, discriminatoria e incompleta. Dalgún xeito está prexudicando a todos aqueles municipios, comunidades, cidades nos que non goberna o PP e nos que si se está aplicando esta exención por parte dos gobernos do seu momento.

O Partido Popular xa no ano 2002 fai unha clara reflexión ás pequenas e medianas empresas, fai unha conxelación e unhas bonificacións na transmisión destas herdanzas entre pais e fillos. O presidente da Xunta indica que hai un 90% de persoas que van ser bonificadas por esta situación pero o que é certo é que tan só

van ser o 35% como veremos logo.

O que quería indicar con esta moción é que hai once comunidades, como Castilla La Mancha, Madrid, Valencia, das que xa se falou aquí polos meus compañeiros e polos dous grupos, nas que xa se aplica esta redución. Hai 23 millóns de persoas ás que se lles está aplicando a bonificación e redución nos impostos de doazóns e sucesións. O que si temos claro é que esta deslocalización do patrimonio o que fai é que cada vez máis persoas se vaian a outras comunidades para evitar ter que pagar estas cantidades. Cantidades que efectivamente non se están reflectindo na crise que se está a producir nas familias que nos atopamos na actualidade.

Por iso esta reforma é importante para que en Galicia haxa unha igualdade entre todos os membros da familia porque debido á Lei que se está promulgando nestes momentos e que entrou en vigor o 1 de setembro, non somos todos iguais dentro da unidade familiar, hai unha diferenza entre primeiros fillos, segundos fillos, cónxuxes e demais debido ás circunstancias que esta Lei engloba, xa que tan só se pode dar a vivenda habitual a un dos fillos e non ós dous e é onde están as reducións e bonificacións.

O que está claro é que o que pedimos é que esta Lei, que vimos clara e concisamente que é desigual e provoca estas desigualdades, por parte do Goberno da Xunta se fagan as reflexións oportunas e tome as debidas circunstancias que nós lle indicamos neste momento.

A seguir o Sr. Martiño Gómez procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Vou empezar polo final porque a proposta concreta desta moción é que se amplíen as exencións do pago de imposto ata lograr na práctica a supresión total deste gravame. Lamentable porque o PP non pediu semellante cousa no Parlamento Galego; quería unha reforma arbitraria e pouco consistente que entre outras cousas non favorecía á economía produtiva. Entraba en cuestións en principio moi afastadas do que se propón como supresión total e que eu non sei que é o que pretende.

Acaso pretende que os grandes propietarios transmitan integramente as súas propiedades ós seus descendentes creando unha aristocracia da riqueza que se

manteña perpetuamente, baseándose ademais na herdanza e non no mérito? É iso o que pretende o Partido Popular de centro-dereita?

Unha posición de principio: a riqueza legada ou doada debe ser gravada por ter sido gañada sen esforzo, sobre todo porque o recadado pode e debe contribuír a acadar unha sociedade na que o mérito e a capacidade dos fillos teña unha oportunidade fronte a condición de maior ou menor riqueza dos pais. Falo de fillos e pais para que se me entenda e non de descendentes e ascendentes.

Xa sabemos que as posicións conservadoras están sempre nunha cruzada contra a imposición directa sobre a renda e a riqueza, pero nós cremos firmemente que eses tributos fan mellor o sistema fiscal polo seu efecto redistributivo da renda, porque reduce as desigualdades e mellora as vías de promoción social.

Por certo que o imposto sobre sucesións e doazóns podería estar incluído no IRPF porque á fin e ó cabo é un incremento de rendas das persoas físicas, pero os lexisladores no seu momento optaron por facer un imposto específico precisamente para poder adecuarse ás circunstancias persoais e familiares dos participantes nas transmisións hereditarias.

É polo tanto un imposto que forma parte da fiscalidade moderna española dende sempre, ademais está presente na maior parte dos países europeos e dos da OCDE aínda que se escriba en moitas ocasións o contrario.

Se a actual Xunta de Galicia propuxo unha modificación do imposto de sucesións e de doazóns é precisamente para se adecuar mellor a esas circunstancias persoais e familiares novas nunha sociedade galega que ten cambiado substancialmente, como teñen tamén cambiado outros impostos, por exemplo o IRPF. Tamén o fixo porque hai que actuar diante da competencia fiscal desas comunidades das que vostede, Sr. Martiño, se amosa tan orgulloso gobernadas polo PP na súa maioría.

Por certo, ben incoherentes todas esas comunidades porque ó mesmo tempo que case "suprimen" ese imposto, están a reclamar un aumento da súa participación nos ingresos do Estado no actual proceso de reforma do financiamento autonómico.

A realidade é que a reforma do imposto sobre sucesións e doazóns presentada pola Xunta de Galicia e aprobada polas dúas forzas que estamos sentadas neste lado das bancadas, responde á idea de conxugar a oportunidade dunha rebaixa que atenda ás novas situacións e evite posibles deslocalizacións nas transmisións gratuítas derivadas das herdanzas e doazóns ás que vostede fixo alusión, coa

necesidade de manter a estrutura básica dun tributo inspirado nos principios de xustiza tributaria.

Coa nova Lei a Xunta consegue eximir do imposto a nove de cada dez familias concentrando a tributación nos maiores patrimonios. Consegue tamén a exención ou unha tributación moi benigna da vivenda habitual no seo do grupo familiar. Consegue que a tributación da empresa familiar sexa moi benigna con independencia do seu tamaño. Como xa se fixo no IRPF propón reducir os tramos e as tarifas para modernizar o imposto.

Polo tanto a reforma beneficia sobre todo ás clases menos favorecidas, pero tamén á clase media e mesmo á media alta, mesmo ten un tratamento moito máis favorable para os grandes patrimonios toda vez que os tipos máximos de impostos se reducen do 34% ó 18% no caso das herdanzas e o 9% no caso das doazóns, como seguro que vostede sabe.

Equivócase polo tanto o PP no Concello, como se equivocou no Parlamento Galego porque os lexisladores e as forzas políticas que estamos deste lado fixemos un grande esforzo redutor sen caer na inxustiza fiscal que en todo caso vostedes propoñerían pero tamén de boca para afora.

SRA. VELOSO RÍOS: No BNG tamén apoiamos e aprobamos no Parlamento de Galicia esta Lei na que se conseguiu un consenso; tamén houbo un certo consenso por parte do Partido Popular a pesar de que previamente se presentara unha emenda á totalidade que ía no sentido contrario pero finalmente chegouse a un consenso.

Ademais estamos de acordo con esta Lei porque mantén que este imposto siga sendo recadatorio. No BNG defendemos un sistema tributario que estea baseado en impostos directos con capacidade recadatoria e en impostos directos progresivos.

Esta Lei mantén a capacidade recadatoria que como ven explicaba o Sr. Calviño por unha banda é complementaria do IRPF, a recadación dos rendementos do traballo e a recadación dos rendementos por sucesións ou por doazóns. Ademais esta Lei prodúcese nun momento en que estamos en situación de crise económica e fálase xa non dunha crise conxuntural, senón estrutural do sistema económico.

Nestes momentos de crise tamén estamos convencidos de que os cartos non están

mellor nos petos da cidadanía senón que o erario público ten que contar con recursos para poder apoiar ás persoas máis desfavorecidas da nosa sociedade. Non se pode deixar todo nas mans do libre mercado, non podemos chegar a situacións como a que se está a dar por exemplo nos Estados Unidos que en aras do libre mercado se deixa actuar sen ningún tipo de intervención do Estado pero logo a cidadanía ten que pagar cos seus cartos os deportes de risco practicados polas entidades financeiras ás que logo hai que rescatar para evitar o desastre do sistema económico e do sistema financeiro. Así a cidadanía ten que pagar os xogos que se realicen en Wall Street.

Tamén se fala por exemplo da necesidade de respectar o libre mercado cando se tenta limitar o prezo dos SMS, algo tan utilizado dentro da Unión Europea, pero as propias operadoras chegan a acordos para que as tarifas se manteñan a prezos excesivamente elevados, algo no que podemos estar todos de acordo.

Nesta situación de crise haberá que analizar o impacto sobre todo recadatorio desta Lei para continuar modificándoa e ver as posibilidades cara a súa ampliación que en vindeiros anos nós non dicimos que non sexa posible realizar, pero dende logo que non no sentido que propón agora o PP de eliminar o imposto.

Imos falar claro, cando estamos a falar de progresividade e propónse a práctica supresión do gravame para ascendentes, cónxuxes e descendentes en primeiro grao, sen limitación ningunha por razón de idade, sen limitación ningunha en razón da contía da doazón hereditaria ou sen atención sequera á contía do patrimonio ou da riqueza pre-existente do adquirinte, mortis causa ou inter vivos, isto non é progresividade, é pola porta de atrás suprimir o imposto directamente.

Estamos a falar de que se fala de discriminación entre irmáns porque da igual a idade que teña ou que teña unha discapacidade. En Galicia hai unha realidade: a idade de emancipación está nunha media dos vintecinco anos, non pode ser o mesmo para unha persoa de 18 que para unha de 30. Para o PP somos todos iguais pero algúns son máis iguais que outros e non ten que pagar unha persoa que recibe 5.000€ e tampouco unha que recibe cinco millóns de euros.

Isto non é progresividade nin é eliminar a discriminación, hai que ter en conta as distintas circunstancias das persoas que reciben as herdanzas e as doazóns. Non se pode tratar a todo o mundo por igual por moito que todos sexamos iguais. Discriminación é tratar a todo o mundo por igual sexan cales sexan as súas

circunstancias.

Logo falan da deslocalización. Efectivamente hai deslocalización pero tamén a houbo durante os 16 anos que estivo gobernando o PP nos que se deron moitas circunstancias económicas diferentes, que tamén houbo crise económica no ano 93, houbo momentos de bonanza que non se aproveitaron para modificar o imposto e a xente ía morrer ou ía testar a outras comunidades autónomas producíndose deslocalización de patrimonios tamén neses anos. Non vai ser esta Lei quen provoque a deslocalización que xa se leva producindo todos estes anos.

Por isto non entendemos que estas propostas do PP sexan igualitarias, nin busquen evitar a discriminación, nin a deslocalización senón que sinxelamente, como a maioría das propostas relativas á fiscalidade, busquen beneficiar ós que máis teñen. Por iso imos votar en contra desta proposta.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Non me estraña que ambos grupos estean na mesma tónica posto que xa na Xunta, tanto o Sr. Quintana coma o Sr. Touriño, cando o Partido Popular presentou unha serie de medidas dixeron que o 80% das persoas que estaban en Galicia dalgún xeito xa estaban obtendo estes beneficios fiscais, cando sabemos que nin sequera o 10% dos herdeiros están recibindo esta circunstancia, non por nada senón polo feito de que o primeiro fillo dun núcleo familiar poida herdar esa vivenda habitual fai que haxa unha clara diferenciación entre irmáns. Se vostede iso non o entende así, eu si.

O que está claro e non quero deixar fóra antes de comezar falar da Lei é que as recadacións eran de 160 millóns de euros para a Xunta neste tipo de imposto e que deixarán de percibir 60 millóns. Non se pode entender que iso sexa tan só o 80% das persoas que están bonificando así que deixémonos de dilacións, utopías e demagogia barata e que realmente no cidadán se note esa diminución.

Esta Lei é inxusta, vostedes enchéronse a boca dicindo que nós pretendemos axudar ós grandes, que non somos conservadores, que os pequenos propietarios co seu esforzo e co seu sacrificio puideron montar unha empresa pequena e vostedes din que non lla poden deixar ós seus fillos, que a fagan os seus fillos como a fixeron eles, que non somos conservadores, coido que o somos pero vostedes se empeñan en seguir con ese último debate da miña compañeira co Sr. Calviño, que me sorprende. Insisto en que somos conservadores.

O que existe é unha desigualdade clara con aquelas persoas que están comezando e aquelas que tentan continuar co labor que os seus pais lles deixaron. Veremos como a Lei, no seu sentido maioritario, o que protexe é ó gran empresario, non ó pequeno nin ó mediano e direille máis adiante por que o fai e co artigo pertinente. Anteriormente indiquei que esta Lei é moi similar ou un vulgar plaxio; vostedes terían que nos pagar un canon ó Partido Popular porque o artigo 6 desta Lei e o artigo 2 da Lei 30/2007 son iguais, non cambiaron nin un só epígrafe por iso considero que deberían ingresar nas nosas contas unhas cantidades por este canon.

Falaban vostedes de que o parentesco é un dos motivos para poder herdar; o que pasa é que na Lei que vostedes publicaron poñen herdar de 21 anos ou menos de 25. Espero que ninguén teña que herdar neses anos porque iso significaría que un dos pais do núcleo familiar tería falecido e é cando máis se herdaría. Pero aquelas persoas a partir de 25 anos, que é realmente cando se soe herdar e xurde a problemática, desgravan menos, só 18.000€ nada máis fronte ós 900.000€ no caso de parentesco polas pólizas de seguros de vida. Con isto quero dicir que esta Lei o que fai é poñer prazos ata ás idades para herdar.

O Sr. Font dicía antes que non lles tiñamos que dar ningún tipo de prazo pero vostedes si que o fan, dan un prazo para poder herdar sen ter que pagar determinadas cantidades por ter bonificacións. Entendo que iso prexudica e non só iso, porque alguén que herda con menos de 21 anos ó mellor os pais non teñen ese seguro de vida porque non considerarían que podería chegar ese momento. Pero cando cando teñen máis de 25 anos e enténdese que os pais teñen unha idade para poder chegar acontecer esa causa de morte, pois terán ese seguro. Así ó mellor este artigo que fai referencia ás pólizas de vida é totalmente ineficaz ou imposible de aplicar.

Tamén fan estrela o tema da vivenda habitual dicindo que tamén reducen un 99%. O que non entendo é como teñen a pouca desvergoña para dicir que reducen un 99% unha vivenda ata 150.000€ do valor real do inmovible, entendemos por valor real o de mercado, o catastral, o que nós queiramos, o que vostedes queiran, porque non se especifica claramente que é valor real.

Non só iso senón que poñen unha cantidade de 600.000; se o valor real de mercado fose ese xa estaría totalmente fóra desta bonificación. Iso pode acontecer

porque as vivendas poden chegar a esas cantidades e espero que o teñan recollido pero o que está claro é que non se pode pensar que polo feito de que porque unha persoa teña un valor real de mercado ou que vostedes lle asignen polo valor catastral, que maximo que non é o real, poidamos pensar que vai deixar de ter esa bonificación.

O que temos claro é que a esta vivenda habitual tan só se lle poderá outorgar a un dos primoxénitos. Tamén vou utilizar un exemplo: unha persoa que ten un fillo de 23 e outro de 26 anos atoparíamos coa situación de que a base impoñible serían 12.000 euros; o fillo de 23 anos non tería que aboar ningunha cantidade mentres que o de 26 tería que aboar eses dous millóns de pesetas no momento de crise que nos atopamos. Non sei se vostede entenderá que iso é discriminación pero eu coido que si, discrimina a un fillo co outro.

Tanto as intervencións dos compañeiros do Partido Socialista como do BNG fixeron alusións constantes ó feito de que as persoas que nós lembramos son aquelas que teñen maior capital e máis cartos para poder facer fronte a isto. O que digo e ven especificado nun dos seus artigos é que aquelas persoas maiores de 65 anos que se poidan xubilar son as que poden realizar as doazóns. Todos sabemos que no dereito laboral existen situacións nas que nos podemos pre-xubilar. Se me pre-xubilo non teño dereito a deixar a miña empresa ó meu fillo?

Hai unha cousa clara, estamos a falar de pequenos empresarios, que pasaron toda a súa vida traballado e conseguiron facer unha pequena empresa; ó mellor con 65 anos se queren xubilar ou non, ou facer algún convenio coa Seguridade Social dos que existen. Non pode ceder esa empresa ó seu fillo polo feito de que non ten os 65? Ese cidadán ten que poder ceder a empresa.

Atopámonos coa situación de defender ás empresas grandes, co 50% do seu capital; nas empresas pequenas onde o 5% é de carácter individual ou o 20% de carácter colectivo só se cobre iso, mentres que as empresas grandes con esta Lei cobren o 50% ou máis do capital de bonificación e todo está recollido neste artigo. Estou falando taxativamente do que indica o artigo. A persoa que ten unha empresa pequena ou mediana é á que queremos protexer, é a persoa que está tratando de subsistir e que esta Lei na súa totalidade prexudícalle.

Tamén indicamos que hai outra discriminación clara no sentido de que os maiores de 25 anos, xa non poden herdar nada? Xa non se lles pode apoiar? A nosa

compañeira dicía que é ós 35 anos cando se emancipa a xente, tristemente nin a min nin a moitos dos meus compañeiros nos pasou, coido que é máis a idade na que te emancipas e onde realmente necesitas dese diñeiro para poder subsistir. Esas axudas e esas doazóns que pode te pode facer o teu pai e se es maior de 35 anos xa non podes recibir a bonificación e por tanto tes que pagar e o teu pai non poderá ter a bonificación pertinente. Teñan en conta que esas persoas maiores de 40 anos tamén teñen dereito a recibir bonificacións e non só os menores de 35.

Falamos dunha cantidade de 60.000€ que ó principio parece grande pero lles podo garantir que dende que estou buscando piso esa cantidade non chega nin para dar a entrada. Con isto trato de dicir que se os teus pais te queren axudar o que teñen que facer e axudarte na súa totalidade e non tratar de diversificar na idade nin na contía, senón esa axuda para a primeira vivenda que todos necesitamos e queremos.

Para concluír indicar que noutros lugares si se está a producir esta situación de bonificacións e todo o mundo pon de exemplo grandes cidades como Madrid, Valencia ou Barcelona. Está ben claro que Madrid, como todo o mundo sabemos, xa o está facendo. A diferenza do que se pode pensar, estas doazóns e bonificacións que se están a producir o que están a facer é ampliar o capital de circulación, ampliouse a 6.400 millóns de euros, o 4% do produto interior bruto rexional.

Isto quere dicir que se nós temos unha situación de ampliación destas bonificacións en doazóns e demais o que estaremos facendo é ampliar ese capital que nestes momentos de crise ven ben para esta cidade e axudaría a que á hora de herdar moitas persoas sexan discriminadas con relación a outras comunidades e a outros cidadáns deste país. Vintetrés millóns de persoas están gozando destas bonificacións, once comunidades autónomas e coido que Galicia, para poder continuar e estar no mercado, é necesario que se lle dea esa situación igual que ás outras comunidades.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Brevemente porque coido que non se trata de repetir un discurso que xa fixeron os diversos grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia onde a totalidade das argumentacións postas enriba da mesa polo Sr. Martiño foron axeitadamente respondidas por xente moi especializada e eu non vou entrar no detalle do que el está a falar sobre os diversos artigos aínda que si pensaba facer

unha pequena referencia a algunhas inconsistencias enormes na exposición de motivos da moción presentada na que, por certo, esperaba que interviñera o Sr. Figueroa Vila que é o asinante da moción que de seguro que non faría esa intervención tan técnica que escoitamos e que non responde ás necesidades do debate no lugar e no momento no que estamos.

Si lle poñería un pequeno exemplo de que para vostede a redución por vivenda habitual non significa nada practicamente cando o que se está é a eliminar a tributación cando a persoa adquirente, elévase a porcentaxe do 99% da base impoñible, cun límite de 600.000 euros. Tradúzollo a pesetas: son 100 millóns de pesetas.

É asombroso que vostedes fagan unha referencia na exposición de motivo tan xenérica para a galería como que as doazóns de pais a fillos sexan gravadas na súa totalidade constituíndo un motivo máis para a deslocalización dos patrimonios familiares, cando sabe perfectamente que esta Lei xoga con doazóns e herdanzas pero saben que as herdanzas de pais a fillos practicamente se eliminan neste tributo e as doazóns, que vostede fixo referencia ó artigo 13, que está tamén moi ben recollido na exposición de motivos, déixase perfectamente claro que si hai unhas reducións moi considerables, enormemente progresivas para a doazón de diñeiro para a adquisición de vivendas e de moitas outras cuestións. Coido que ese artigo 13 e o suficientemente claro ó respecto.

Asómbbranme outras cousas da exposición de motivos como cando falan de que a perda da recadación prevista é a penas dun 35% moi lonxe do 90% que a Xunta de Galicia tenta vender. A mensaxe do Partido Popular con isto é que se imos perder algunha recadación, perdámola toda. Esa é a mensaxe? A mensaxe é que este é un imposto claramente progresivo, que grava fundamentalmente á riqueza non obtida cos méritos persoais precisamente para sacar fondos para posibilitar que os que non teñen esas posibles herdanzas non se marque unha diferenza brutal polo feito de nacer dunha familia nunha situación económica ou noutra.

Xa sei que vostede dirá que son un radical ou un marxista; non fai falla ser marxista para iso, sabe que os pais da economía do capitalismo teñen moi claro que a herdanza hai que gravala.

En todo caso asómbrame que mande a mensaxe de que temos que perder toda a posibilidade de recadación. Como no debate que tivemos nas ordenanzas fiscais o

que vostedes queren é que, como dicía a concelleira de Facenda, metamos catro millóns de euros menos nos orzamentos municipais para que non teñamos a oportunidade de atender ó que temos que atender neses presupostos que por suposto vostedes se encargarían de dicir o que era necesario que fixéramos. É necesario recadar, hai que o facer dun xeito progresivo e iso é o importante.

O que me parece máis grave do Partido Popular en Galicia é a súa demostración do cariño á nosa terra, a súa preocupación pola comunidade autónoma cando están a valorar permanentemente os chamados paraísos fiscais do PP das outras comunidades autónomas que si practicamente adócanse a suprimir un imposto progresivo coma este. Asómbreme que sexan vostedes quen están facendo a propaganda fiscal para que teñamos deslocalizacións e teñamos precisamente esa fuga que vostedes din que queren evitar cando cantan os encomios deses paraísos fiscais.

Coido que están facendo un fraco favor á nosa terra, a todos os galegos e galegas e, por favor, báixense xa da burra que isto non é que sexa centro-dereita, é o "carquismo" máis absoluto.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Só indicar que eu tamén esperaba que fose o Sr. Font quen debatese en lugar de vostede, así que non lle sorprenda con que eu tampouco estea moito de acordo en que fose vostede quen me contestara porque non me parece nin medianamente concreto nese sentido. Xa que o fixo vostede aproveitei porque é a primeira vez que debato con vostede.

Non me sorprende a valoración que fai sempre de vostedes, o marxismo, a "derechona", a demagogia... Todo iso téño asumido porque realmente é o único subterfuxio que ten para empregar.

Nesas comunidades que vostede cita como paraísos fiscais vailles ben. Non sei se me escoitou pero dixen que 6.400 millóns entraron en circulación. Si que se grava a herdanza entre pais e fillos, dixen que ó primeiro fillo de 20 anos non lle vai gravar pero ó segundo si, terá que pagar 12.000€ pola herdanza e vostede indicou que 60.000€ para lle dar a unha persoa para que compre a primeira vivenda, tamén dixo outras moitas cousas que a Lei non recolle e me gustaría que as recollese porque non só é necesaria a primeira vivenda que tamén están os mobles.

Todo isto é o que suma esta Lei, ten esas lagoas legais, de que non ve ó cidadán

senón que ve ese afán propagandístico que tivo para que antes das eleccións aparecese dentro da normativa da Comunidade Autónoma Galega e se aproveitase para lle dar maior publicidade a esta Lei que ó fin e ó cabo non deixa de ser pagada cos cartos de todos os contribuíntes.

Propaganda que vostedes utilizaron para que todos coñezamos unha Lei que é inaplicable no sentido de que non afecta a todos por igual senón que discrimina e queda ben claro que discrimina porque todos os irmáns e os cónxuxes non son iguais, senón que existe a diferenza á hora de herdar dependendo se a vivenda é a particular do doador ou non.

(Está ausente a Sra. Porro Martínez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molaes Pérez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, solicitando se inste á Xunta de Galicia a ampliación de exencións no pagamento do imposto sobre sucesións e doazóns, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

37.- (223).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO UN PLAN INTEGRAL DE PINTADO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL NAS ESTRADAS DO RURAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"Unha das funcións prioritarias que dende o Concello debe ofrecerse ós cidadáns, no caso que nos ocupa tanto aos peóns como aos condutores, é a correcta sinalización de todos os viais do municipio.

Entendendo que a prioridade pasa por atender as necesidades do núcleo urbano, consideramos que é tempo de abordar tamén nos barrios e parroquias da nosa cidade un plan integral de sinalización horizontal.

Por unha banda atopámonos que coa chegada en poucas datas do inverno, dispoñemos de menor visibilidade en tramos pouco iluminados e por outra a carencia total de pintado sobre o asfalto en numerosos viais e camiños do contorno do rural, supoñendo un risco que debemos subsolar.

Ante esta situación temos que reaccionar e solicitar un plano de acción que poida ser avaliado polos técnicos, tanto nas zonas a actuar como no tempo en acometer os traballos.

Xirada visita por este Concelleiro ás parroquias de Vigo, comprobou que existen numerosos viais, camiños e tramos que con asiduidade utilizan os veciños e veciñas onde non existe ningún tipo de pintura que sinalice horizontalmente cruzamentos, beirarrúas, estacionamentos e zonas de prohibido estacionar, entre outras.

Por resultar perigoso para a seguridade da circulación, entendemos necesario que ademais do pintado das confluencias, dos pasos de peóns sen semáforo e algunha beirarrúa, se acometa unha intervención que permita circular con seguridade en toda a rede de estradas do municipio.

Pouco a pouco a cidade medra, os vehículos increméntanse e a seguridade vial e fundamental. Temos que presentar novas actuacións que ata o momento no se pensaba nelas. Recordar que tampouco se pintaban as beirarrúas dos túneles e hoxe en día todos os do municipio teñen as beiravías pintadas en vermello e branco.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo, que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a levar adiante un plan integral nas estradas do rural de pintado de sinalización horizontal."

A comisión informativa de Mobilidade. en sesión do 22 de setembro, quedou informada do contido da anterior moción.

O concelleiro Sr. Coello Bufill procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Empezo por recoñecer ese gran logro do goberno anterior, que as beiravías dos túneles pintadas en vermello e branco fose unha das poucas cousas das que pode presumir nesta área o anterior goberno.

O parágrafo fundamental da exposición de motivos desta moción é do máis curioso porque di o seguinte: "Entendendo que a prioridade pasa por atender as necesidades do núcleo urbano, consideramos que é tempo de abordar tamén nos barrios e parroquias da nosa cidade un plan integral de sinalización horizontal". Isto é recoñecer que o goberno anterior en efecto non fixo nada nos barrios e parroquias porque deu prioridade ó núcleo urbano. Neste caso é absolutamente innecesario porque a prioridade e a atención ós barrios e parroquias éo dende o primeiro mes en que está este novo goberno.

Non é unha cousa que teñamos que empezar facer, é algo que xa estamos a facer e voulle dar algúns pequenos datos para que en todo caso esa constatación quede clara porque é unha das sinais de identidade deste goberno, a atención a barrios e parroquias.

A maior parte das actuacións que se estiveron a facer na sinalización horizontal van precisamente atendendo a eses barrios e parroquias. Por exemplo en decembro de 2003, pouco antes de que colleran vostedes o goberno, o Concello tiña 168 interseccións con semáforos; ata o 5 de maio de 2007, máis ou menos cando remataron o seu goberno de tres anos e medio, o número de interseccións a manter incrementouse en cinco. A partir de xuño de 2007 e ata agosto de 2008 o número de interseccións incrementouse en 34. Nun ano e dous meses multiplicamos practicamente por sete o que se fixo neste apartado en tres anos e medio.

O investimento en renovación de equipos, sistemas e instalacións de todo tipo nos tres anos e medio do seu goberno foi dunha media de 34.732 euros mensuais; no ano e dous meses que levamos esa media case se duplicou, está en 52.489 euros e vostede sabe ben que no departamento isto está perfectamente controlado, hai estudos e comprobación informática permanente que nos permite avalar a realidade destes números.

Pero falando máis concretamente de sinalización no rural direille que no último ano do seu goberno a sinalización horizontal fíxose en 18 sitios; no tempo en que

levamos gobernando actuouse en 42 sitios.

En canto ó establecemento de sentidos únicos que obviamente é unha medida moi importante a prol da seguridade vial, un dos obxectivos desta concellería dende o principio, no seu último ano de goberno houbo unha actuación e no primeiro ano deste goberno houbo 10.

As actuacións en barrios e parroquias do rural, polo que se refire á sinalización de todo tipo, fíxose practicamente en todos os barrios, en Beade, Cabral, Alcabre, Sampaio, Saiáns, Coruxo, San Miguel, Bembrive, Valladares, Candeán, Castrelos, Teis, Navia, Lavadores, Matamá, Sárdoma, coido que non me queda practicamente ningún porque se actuou en todos eses sitios.

Establecemos sentidos únicos nunha serie de rúas e parroquias do rural como Sampaio, Teis, Navia, Coruxo, Bembrive... Non me quero estender. O único no que quero insistir é que por suposto neste caso imos aprobar esta moción, aínda que chegue un pouco tarde como ven sendo habitual, porque de verdade que xa estamos traballando nese plan integral de estradas do rural, pintado e sinalización horizontal e moitas outras medidas que vostede sabe perfectamente que se están a poñer en marcha dende o departamento.

SR. COELLO BUFILL: Agradezo profundamente ó Sr. Calviño a súa intervención e a xenerosidade que ten ó aprobaren a proposta desta moción.

Eu tiven unha intervención pulcra, limpa, transparente, pero vostede está instalado permanentemente na liorta, dígollo co maior cariño e respecto. Iso vai facer que me estenda un pouco máis.

Non dubido de todos eses datos que a vostede lle deron pero dicir que o Sr. Coello, que estivo tres anos e medio ó fronte de ese departamento, só fixo a pintura dos túneles, cando menos é unha fata de respecto á persoa que lle fala, Sr. Calviño, e non me vou conter.

Lembro que este verán o seu plan de acceso ás praias non durou nin vintecatro horas, estaba vostede moi ben asesorado. A min xa mo propuxeran pero por prudencia, porque quero a esta cidade, porque me pasaba día e noite nesta casa, non o puxen porque sabía as consecuencias negativas que podía traer á cidade e ós cidadáns que aproveitan ese practicamente único vial que leva á mellor praia das Rías Baixas.

Vostede fálame de actuacións no rural; non teño esa perspectiva. Seguro que lle soa o camiño do Combro en Coruxo, hai peticións dos veciños para que este vial se pinte; camiño do Breadouro, está perfectamente delimitado con raias amarelas para que se prohiba o aparcadoiro e queda claro que non hai ningún coche. Estas fotos están feitas onte e eu non pensaba quitálas pero disparar ó aire non porque eu traballei pola miña cidade honradamente, deixándome a vida e vostede sempre ten o mesmo discurso.

As xeracións actuais non nos perdoan este tipo de actuacións, non queren saber o por que porque miran a un futuro moito mellor, moito máis prometedor, que non teñamos sempre que lembrar o pasado. Sempre estamos co pasado, o pasado foi como foi e diso temos que aprender todos os que estamos aquí.

Alégrome que hoxe o Sr. Font subira ó aeroporto a despedir a varios rapaces que saíron para Escocia, alégrome por esa iniciativa porque os que tivemos outros medios fixémoslo de forma privada pero aplaudo esa iniciativa porque da posibilidades a que moitos rapaces de Vigo poidan hoxe asistir a clases en Escocia ou en Inglaterra cando antes iso era impensable.

Sr. Calviño, a vostede gústalle poñerse todas as medallas, eu non me puxen ningunha porque traballei con moita humildade. Estas fotos son de onte: sinais de tráfico que están no centro da cidade e é unha vergoña que hoxe en día estean ocupadas dende hai unha semana por un espectáculo situado cerca do centro deportivo de Samil. Administrativamente isto está penado na Lei de seguridade vial. Hai unha concesionaria que se adica a manter a sinalización vertical e horizontal. Levo unha semana mirando isto e pensaba que ogallá o Sr. Calviño teña a capacidade ou que llo diga alguén para que mande retirar esa sinalización.

Tápanse absolutamente todas as sinais, estas levan xa bastante tempo e isto distrae ós condutores, está penado no Código de Seguridade vial.

Perdoe, Sr. Alcalde, pero vai en contra da miña forma de actuar, dos meus sentimentos, da miña capacidade como persoa, aguantar moitas veces o que quixo transmitir o Sr. Calviño. Non esperaba esta situación pero como din os nosos maiores nin a Fernando VII llas puñan igual.

Neste intre prodúcese un fallo no equipo de gravación, quedando sen rexistrar parte da intervención do Sr. Calviño Rodríguez.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: ... unha xuntanza na asemblea de veciños e precisamente acordaron non o facer é por iso polo que neste caso non se tomaron medidas a fondo nese tema aínda que vostede sabe que é absolutamente imprescindible que o vaian entendendo os veciños e estou convencido que o van facer.

O que me asombra é que faga referencia ó camiño de Breadouro que si ten as súas raias amarelas de prohibido aparcas e da a casualidade de que nese camiño é onde eu vivo nos meses do verán.

Paréceme absolutamente impresentable que fagan semellante cousa. Un veciño ata me insultou persoalmente porque cando foi unha ambulancia a recoller ó seu pai non puido chegar ata a súa casa; díxenlle a ese veciño que poñer sinalización horizontal ou facer calquera cousa dese estilo naquela rúa, precisamente porque vivía eu, ó mellor ía ser utilizado por vostedes, como o final foi, e estou convencido que ese veciño agora o entende perfectamente. A partir de agora vai entender por que pasada unha semana din a orde de que se prohibira o aparcadoiro por unha cousa tan vital como que pase ou non unha ambulancia, cando eu era absolutamente contrario porque sabía que vostedes ían facer estes comentarios porque xa o tentaron en repetidas ocasións.

Sei que vostede se indigna moito polo ton das miñas intervencións pero é que eu lle son político dende hai moitos anos. O que me indigna é que dende esa bancada precisamente porque nos teñen medo, porque estamos a facer nun ano e dous meses de goberno moito máis do que vostedes fixeron en tres anos e medio en todas áreas, caian na indignidade permanente de berrar, protestar, alporizar estes Plenos da Corporación ata chamando indigno ó Alcalde. No fondo o que sucede é que están absolutamente preocupados porque ven que vostedes non van volver gobernar en moitos anos nesta cidade. Iso é o que lles preocupa e por iso queren traer tensión a este goberno e a estes Plenos da Corporación.

Eu despacharía esta moción dicindo que xa o estamos a facer, pero estamos soportando durante toda a mañá pola súa parte esa indignidade e a unha persoa que está en política dende hai moitos anos preocúpalle enormemente. Segan así que estaremos aínda máis anos gobernando.

SR. COELLO BUFILL: Asuma vostede a súa responsabilidade como gobernante que é, eu asumina no período no que estiven e cada quen terá que aguantar o pao que lle toque.

Eu respecto profundamente ó Sr. Alcalde pero medo ningún, ata aí poderíamos chegar.

(Están ausentes as Sras. Porro Martínez e Veloso Ríos)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, instando realizar un plan integral de pintado da sinalización horizontal nas estradas do rural, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

38.- (224).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Á XUNTA DE GALICIA O CUMPRIMENTO DO ACORDO DO PARLAMENTO GALEGO DO 13.03.08 DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO PORTUGUÉS POLA COSTA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de setembro, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte Moción:

"En vésperas do Santo Ano de 1993, volveuse a vista aos vellos camiños de peregrinación que existiran na Galicia, alén do camiño Francés. Proliferaron asociacións e investigacións que tiñan por finalidade o seu estudo e difusión. Paralelamente rexurdiron as peregrinacións que, por razóns espirituais, culturais ou deportivas, atraían as xentes cara a Compostela.

Entre estes camiños estaba o Camiño Portugués que, como acontecera anos antes co Camiño Francés, atopábase esquecido e abandonado. Os escritos dos peregrinos que durante séculos percorreran a vella estrada portuguesa, animaron a moitos a afondar na investigación, identificación e sinalización desta ruta, de xeito que pouco a pouco foi aparecendo o vello camiño medieval a Compostela que foi presentado, por vez primeira e conxuntamente por asociacións galegas e

portuguesas, no III Encontro sobre os camiños portugueses a Santiago celebrado en Valença do Minho na primavera de 1995.

A relevancia cultural dos camiños de peregrinación, o movemento investigador e o incremento das peregrinacións, promoveron ás institucións a adoptar medidas que os protexeran. En 1996 a Xunta de Galicia promulgou a *Lei de protección dos camiños de Santiago* (Lei 3/1996, do 10 de maio) co fin de aglutinar a regulación dispersa e recoller "*por unha banda, os distintos aspectos do Camiño -culturais, monumentais, urbanísticos- e, por outra, a pluralidade de camiños con distinta relevancia histórico-cultural*". No seu título III recolle ás competencias da Administración autonómica respecto da conservación e mellora dos itinerarios, e no V a promoción do camiño, habilitando á Consellería de Cultura a colaborar cos entes locais, entre outros, na súa protección.

Anos máis tarde, o 29 de setembro de 2003, a corporación municipal de Vigo acordou, por unanimidade, instar á Xunta de Galicia ao recoñecemento dos camiños portugueses a Santiago, dándolle "absoluta prioridade" ao trazado da ruta pola costa, de cara as celebracións do Xacobeo de 2004.

Esta mesma cuestión foi apoiada, tamén por unanimidade, no Parlamento Galego, en resposta á iniciativa presentada polo Partido Popular o pasado 13 de marzo de 2008 sen que, ata o momento, a Xunta de Galicia fixera nada ao respecto.

Nestes días estamos coñecendo, a través dos medios de comunicación, as propostas dos alcaldes dos concellos polos que atravesará esta ruta de peregrinación, insistindo nesta mesma demanda; iniciativas ás que se vai convidar a participar ás cidades portuguesas interesadas.

O pleno da Deputación Provincial de Pontevedra aprobou, a semana pasada, unha moción avalando a petición destes concellos.

Para o Partido Popular o goberno ten que abordar, de xeito decidido e unánime, esta cuestión, que entra de cheo nas competencias que ten en materia de promoción turística e de protección e difusión do patrimonio cultural da cidade.

Temos diante de nós unha incríbel riqueza a conservar, e, con ela, una inmensa responsabilidade. Todos os grupos políticos que formamos esta corporación debéramos aproveitar a oportunidade de sumarnos, xunto a outras cidades, á reclamación do recoñecemento e promoción deste trazado diante da Xunta de Galicia, cara ao próximo Ano Santo 2010; alleos a protagonismos, nin duns nin doutros.

Xa que logo, propoñemos para a súa aprobación no Pleno da Corporación:

Que o goberno local inste á Xunta de Galicia ao cumprimento do acordo do pasado 13 de marzo de 2008 relacionado coa promoción do trazado pola costa do camiño portugués Santiago."

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en

sesión do 22 de setembro, quedou informada do contido da anterior moción.

A Sra. Larriba Leira procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. LÓPEZ CARREIRA: Adiántolle que estamos dispostos a votar a favor desta moción se vostedes admiten un engadido ó final da resolución que diría "Así como á promoción do Camiño do Norte que pasa por Tomiño, Gondomar e Vigo. De todos os xeitos quixera facer unha serie de matizacións sobre esta moción. Realmente son vostedes especialistas na desinformación, na ocultación de datos obxectivos ou o que é máis grave, na manipulación dos mesmos en interese exclusivamente partidista. Súmanse agora a unha campaña de recoñecemento do Camiño Monacal dun xeito claramente demagóxico e de oportunismo político cando vostedes son os únicos responsables de que este camiño non estea delimitado como tal e imos ós datos.

Efectivamente no ano 96 promúlgase a Lei 3/1996 de Protección dos camiños de Santiago. Nesta Lei se determina no seu artigo 1 que "Ós efectos da presente Lei enténdese como Camiño de Santiago todas as rutas históricas recoñecidas documentalmente". Este mesmo artigo nos seus apartados 3 e 4 establece que a ruta principal do Camiño de Santiago é o Camiño Francés, enmarcando tamén dentro da denominación xeral de Camiño de Santiago o Camiño Portugués, a Ruta da Prata, o Camiño do Norte, o Camiño de Fisterra, o Camiño Inglés e a ruta do Mar de Arouse e Ulla. Lémbrolles que esta Lei aprobouse cando na Xunta de Galicia gobernaba o Partido Popular, sendo presidente o Sr. Fraga Iribarne.

Ulo o Camiño da Costa? Por que non aparece recollido o Camiño Monacal? Agora queren aparecer vostedes como os abandeirados dun movemento contra unha inxustiza que vostedes mesmos cometeron. Son vostedes os únicos responsables de que o Camiño da Costa non estea delimitado.

O que é máis grave é que existe a posibilidade de recoñecemento de novas variantes con posterioridade á promulgación desta Lei. Dende o ano 1996 ata o ano 2005 en que vostedes perderon as eleccións e deixaron de gobernar en Galicia, dispuxeron nada menos que de dez anos para incluír o Camiño da Costa no obxecto desta Lei. Non o fixeron porque non interesaba, non se lembraron, non lles

importaba?

Deixen de manipular e de intoxicar e póñanse a traballar en positivo polo ben desta cidade.

SRA. LARRIBA LEIRA: Dada a hora que é e sabendo que se ía votar a favor esta moción non era o meu interese entrar en debate pero hai alusións graves: manipulación, desinformación, etc., que non podo deixar pasar por alto.

Como vostede ben di a Lei é do ano 96 e dende entón aquí a investigación afondou moito e a diversidade de rutas que se investigaron a partir dese momento foi moita. Se vostede acusa ó Partido Popular de non facer nada pola promoción desta ruta, eu devólvolle a pregunta: que fixeron vostedes dende que están na Xunta por esta ruta pola costa?

Só lle vou dar un dato pola hora que é. No ano 2004 na cidade de Vigo houbo unha exposición específica sobre o Camiño Portugués pola costa, organizada conxuntamente pola Asociación de Amigos dos Pazos e o Concello de Vigo, ademais de todas as publicacións que se promocionaron a partir de entón.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Volvo dicir que dende o ano 1996 ata o 2005 tiveron dez anos para poder recoller o Camiño Monacal dentro da normativa pero hai elementos moito máis graves que clarifican o nulo interese que vostedes tiveron pola protección, delimitación e promoción das distintas variantes do Camiño de Santiago.

A Lei 3/1996 establece no artigo 5.2 que lle corresponden á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a incoación dos procedementos de delimitación e deslinde dos tramos do Camiño de Santiago. Durante todos os anos en que o PP estivo na Xunta e nos que foron titulares da Consellería de Cultura, a delimitación dos trazados nunca se puxo en marcha, un tempo no que o agora paladín Sr. López-Chaves, verdadeiro cruzado contra as forzas do mal, tivo a oportunidade de se poñer á cabeza dun movemento que reivindicara a inclusión do Camiño Monacal pero daquela gobernaba o Partido Popular e non se había que mover.

Hai máis, a Lei establece na Disposición adicional un prazo de dous anos, dende o 96 ata o 98, para aprobar o plan especial de protección e promoción do Camiño de Santiago. Este plan nunca chegaron aprobalo nin elaboralo vostedes; aínda máis,

na Disposición transitoria segunda a Lei establece que o comité asesor do Camiño de Santiago, previsto no Título VI da Lei que vostedes aprobaron, debería constituírse dentro dun prazo máximo dun ano. Pois vostedes tamén se pasaron polo forro a súa propia Lei e non constituíron ese comité.

Finalmente lograron o que de seguro buscaban: converter esta Lei nunha lexislación absolutamente inoperante porque non se desenvolveu.

Agora se queren presentar vostedes como defensores do Camiño de Santiago. A verdade dígolles que se deixen de enganar, tiveron que perder as eleccións e entrar un novo goberno para que a Consellería de Cultura, cunha conselleira do BNG, fixera o traballo que vostedes non fixeron. Dende que o BNG está na Xunta de Galicia creouse ese Comité Asesor do Camiño, comezáronse os traballos de delimitación cunha previsión de remate a finais deste ano 2008 e cun orzamento de 2,5 millóns de euros.

Isto é gobernar, son feitos e o seu fogos de artificio que dan moita luz pero que logo quedan en nada.

SRA. LARRIBA LEIRA: O concelleiro de Cultura insiste en que entre neste debate por alusións duras contra persoas do noso Partido. Dáse a circunstancia persoal que eu tiven unha implicación moi directa nos traballos de delimitación do Camiño Portugués no ano 1992, traballo realizado por empresas nas que estaban enxeñeiros, arquitectos, topógrafos, xeógrafos, documentalistas, traballos que están no caixón da Sra. Conselleira quen decidiu o ano pasado volvelos realizar.

Todos eses traballos de investigación que se fixeron, onde están? Non servían para nada? Hai que volver gastar os cartos en novas empresas que ademais curiosamente resulta que son de Sevilla e doutros sitios, cando aqueles traballos de delimitación se fixeron con empresas galegas, con historiadores galegos, con arquitectos galegos, con enxeñeiros galegos? Non me poña vostede isto de exemplo. Non é así, habería que entrar unha por unha en todas as actuacións que a Xunta fixo nestes anos.

Vostede segue sen me contestar no que vai facer a Xunta en concreto sobre a Vía Monacal. Estamos dispostos a admitir a inclusión do Camiño do Norte nesta moción pero ata onde sabemos a delimitación que a Sra. conselleira está a facer do Camiño Portugués precisamente non inclúe en principio este trazado pola costa.

Entendo que vostede faga unha reclamación sobre a legalidade, sobre que non se cumpriu todo o que as leis prescribían en canto á delimitación dos camiños. Sabe perfectamente que iso trae unha serie de dificultades cos concellos para delimitar unha zona. A zona de protección do Camiño é moi ampla e da lugar a problemas bastante serios, pero en calquera caso iso non pode ser óbice para que non se faga unha campaña de promoción do Camiño e iso é o que vostedes non fixeron no Camiño Portugués pola costa.

Refúxianse no tema da legalidade para abandonar e desatender todas aquelas competencias que o Concello ten en materia de promoción turística e cultural da cidade. Chámanos máis a atención que isto se faga sabendo que precisamente o próximo Ano Santo vai coincidir cunha celebración moi importante para a cidade e precisamente esta marca de cidade veríase sen dúbida consolidada e reforzada por aquilo de cultura que a cidade de Vigo ten que ofrecer á comunidade internacional. Esta moción é sinxelamente facer unha chamada de atención para que non desatendan este asunto, sobre todo cando no 2010 a cidade de Vigo vai vivir acontecemento cidadáns de moita transcendencia.

Emenda formulada polo concelleiro do Grupo do BNG, Sr. López Carreiras, durante o curso do debate:

Engadir á parte dispositiva da moción o seguinte: "...así como á promoción do Camiño do Norte que pasa por Tomiño, Gondomar e Vigo".

A Presidencia, coa conformidade da relatora, somete a votación a moción da Sra. Larriba xuntamente coa emenda formulada polo Sr. López Carreiras.

(Están ausentes as Sras. Porro Martínez e Veloso Ríos)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Instar á Xunta de Galicia ao cumprimento do acordo do Parlamento Galego do pasado 13 de marzo de 2008 relacionado coa promoción do trazado pola costa do camiño portugués Santiago, así como á promoción do Camiño do Norte que pasa

por Tomiño, Gondomar e Vigo.

39.- (225).- MOCIÓN RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA DIRECTIVA 2002/88/CE DE ORDENACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO.

ANTECEDENTES.- Os voceiros dos Grupos municipais do Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Partido Popular, por escrito de data 26 de setembro, formulan a seguinte moción ó Pleno da Corporación:

"O tempo de traballo é un dos elementos esenciais da relación laboral. Non é casual que as primeiras normas laborais tiveran como función esencial rematar coas xornadas extenuantes que os empresarios impoñían ós seus traballadores. As primeiras loitas obreiras lograron leis protectoras das mulleres e nenos, garantindo límites ás súas xornadas de traballo. Dende entón, a paulatina redución do tempo de traballo foi unha constante reivindicación da clase traballadora e á súa vez, un símbolo de avance social.

O pasado día 10 de xuño o Consello de Ministros da Unión Europea de Emprego e Política Social aprobou a proposta de revisión da Directiva sobre tempo de traballo de 1993.

O texto aprobado permite aumentar ata 65 horas a xornada laboral, o que supón un significativo paso atrás en materia de protección dos dereitos dos traballadores, que quebra garantías consagradas no Tratado e na Carta de Dereitos Fundamentais e retrocede respecto á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza Europeo, arroxando a milleiros de traballadores e traballadoras a horarios esaxerados.

A postura española diante da proposta de Directiva foi de oposición a que mediante acordo individual entre o empresario e o traballador se poida traballar máis de 48 horas á semana por diversas e sólidas razóns: consagraría en lexislación comunitaria unha xornada de traballo moi superior á aplicada na meirande parte dos países membros; suporía renunciar á negociación colectiva en aras do acordo individual entre empresario e traballador, coa desprotección que iso supón para os traballadores e traballadoras; empeoraría as condicións de seguridade e saúde no traballo; prexudicaría a conciliación da vida laboral e familiar e abriría a porta a prácticas de competencia desleal entre empresas fomentando a deslocalización industrial.

Polo anterior propónse:

1.- Rexeitar a proposta de modificación da Directiva sobre tempo de traballo realizada o pasado xuño pola maioría cualificada de Ministros e Ministras de Traballo da Unión Europea.

- 2.- Instar ó Goberno a continuar na oposición á ampliación da xornada laboral.
- 3.- Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ó Goberno Central demandando que manteña en todas as reunións oficiais que se realicen sobre esta problemática, unha posición contraria á modificación desa Directiva.
- 4.- Apoiar ó Goberno para que siga traballando co grupo de países que tratará de modificar a Directiva 2003/88/CE, relativa á ordenación do tempo de traballo, cando sexa tramitada no Parlamento Europeo.
- 5.- Trasladar esta moción ós interlocutores sociais, ó Ministerio de Traballo e Inmigración, á representación en España da Comisión Europea, ó Parlamento Europeo e a todos os Grupos do Parlamento Europeo, solicitando o seu apoio para rexeitar a modificación da dita Directiva."

O Secretario Xeral do Pleno procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

(Están ausentes as Sras. Porro Martínez e Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polos voceiros dos Grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE e BNG, relativa á modificación da Directiva 2002/88/CE de ordenación do tempo de traballo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

40.- (226).- MOCIÓN RELATIVA Á "XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE".

ANTECEDENTES.- Os voceiros dos Grupos municipais do Partido Socialista, Bloque Nacionalista Galego e Partido Popular, por escrito de data 26 de setembro, formulan a seguinte moción ó Pleno da Corporación:

"A Declaración da Organización Internacional do Traballo -OIT- relativa ós principios e dereitos fundamentais no traballo, adoptada en 1998, obriga a respectar e promover entre todos os estados membros da organización a liberdade de asociación e a liberdade sindical, o recoñecemento efectivo da negociación colectiva e o dereito de folga, a eliminación do traballo forzoso e infantil así como a eliminación de toda discriminación en materia de emprego.

A OIT introduciu en 1999 o concepto Traballo Decente como aquel que permite vivir dignamente, integrado por catro compoñentes -emprego, dereitos laborais, protección social e diálogo social-, sendo os catro necesarios para crear perspectivas de progreso social e desenvolvemento.

Por outro lado, os obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), baseados na Declaración do Milenio de Nacións Unidas (2000), que deben ser cumpridos antes do ano 2015, establecen, entre outras cuestións, a erradicación da pobreza extrema e a fame, a extensión do ensino privado universal, a redución da mortalidade infantil ou a promoción da igualdade entre os xéneros.

Así mesmo, e segundo diferentes órganos, axencias e programas de Nacións Unidas, a metade da forza laboral mundial gaña menos de 1,3 euros diarios; 12,3 millóns de persoas traballan en condicións de escravitude, 200 millóns de nenos menores de 15 anos traballan en lugar de ir á escola e 2,2 millóns de persoas morren a causa de accidentes e enfermidades laborais cada anos.

Visto que nos países desenvolvidos se incrementa a precariedade laboral e que a Unión Europea se encamiña cara unha desregulación de normas sociais comunitarias,

PROPONSE:

Primeiro.- Mostrar o apoio á Xornada Mundial polo Traballo Decente, convocada para o 7 de outubro pola Confederación Sindical Internacional (CSI), da que forman parte as organizacións sindicais CC.OO e UXT.

A tal efecto este Pleno apoia e invita a participar ós cidadáns na manifestación a celebrar en Vigo o día sete de outubro ás 20,00 horas e, á súa vez, ás mobilizacións convocadas pola CIG.

Segundo.- Pedir ó Goberno de España que promova o respecto ás Normas Fundamentais do Traballo, ó Traballo Decente e traballe activamente para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Terceiro.- Trasladar este acordo ós interlocutores sociais, ó Ministerio de Traballo e Inmigracións, á Oficina de España da Organización Internacional de Traballo e ás representación en España da Comisión Europea e do Parlamento Europeo."

O Secretario Xeral do Pleno procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

(Están ausentes as Sras. Porro Martínez e Veloso Ríos).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da

Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polos voceiros dos Grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE e BNG, relativa á "Xornada mundial polo traballo decente", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE E BNG MANIFESTANDO APOIO E SOLIDARIEDADE Ó TENENTE DE ALCALDE, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA.

ANTECEDENTES.- Os voceiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, Sr. López Font e Sra. Méndez Piñeiro, presentan perante o Pleno a seguinte moción:

"O Pleno da Corporación Municipal quere facer patente a súa máis enérxica repulsa á campaña de inxurias e calumnias á que está sendo sometido o Tenente de Alcalde e membro da Corporación Municipal D. Santiago Domínguez Olveira.

Asistimos nos últimos meses á proliferación pola nosa cidade de pintadas e colocación de *pegatinas* alusivas ó Tenente de Alcalde que responden unicamente a tratar de variar o seu coherente e honrado proceder no desempeño do seu labor.

Estes acontecementos foron sufridos anteriormente por outros concelleiros/as desta Corporación e, polo tanto, non podemos permitir que persoas que só se moven polos seus propios intereses continuamente utilicen a ameaza ou a inxuria pública.

Os datos das actuacións que se refiren están xa na man da xustiza, que terá que dilucidar a resposta legal e xudicial a estes actos que se veñen repetindo no tempo e que tratan de amedrentar ós responsables políticos no exercizo do seu cargo.

Por último, este Pleno manifesta o seu total apoio e solidariedade co Tenente de Alcalde, Santiago Domínguez, e expresamos a nosa firme vontade de denunciar sempre estes feitos que puidesen afectar a calquera concelleiro/a desta Corporación."

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Como xa anunciamos imos pedir a retirada desta moción de urxencia. Consideramos que é contraproducente por moitos motivos.

Ademais cando outros sufrimos estas situacións parece que ninguén se lembrou de

nós. Consideramos que é un precedente grave traer un tema destes a un Pleno porque estaríamos igual en todos os Plenos, sempre hai anónimos, coido que hai outras fórmulas e logo do que acaba de ler o Secretario que din que está en mans da xustiza, consideramos que o que procede é que se remate neste eido.

Se nos serve de precedente esta situación, a partir de agora traeremos a todos os Plenos porque parece que algúns esquecen o que sufriron os demais. Nesta bancada hai dous persoas que pasamos pola mesma situación e tivemos que arranxala polos nosos medios.

Pensamos que é contraproducente e por iso pedimos a retirada da moción e pedimos que se trate noutro eido e non neste.

(Están ausentes as Sras. Porro Martínez e Veloso Ríos.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e doce votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Muñoz Posse, acórdase aprobar a declaración da urxencia.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e doce votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polos voceiros dos Grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, en apoio e solidariedade co Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

41.- (227).- ROGOS E PREGUNTAS.

- * PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. MOLARES PÉREZ RELATIVA Ó PECHE DA CASA DE ACOLLIDA.

SRA. MOLARES PÉREZ: O pasado 30 de xuño pechouse a Casa de Acollida logo de dezasete anos de funcionamento. O noso grupo presentou unha moción urxente que non se quixo debater nese momento, debateuse no mes de xullo e nese Pleno a concelleira de Igualdade comprometeuse a ter en marcha un centro de emerxencia no mes de setembro. Leo literalmente: “En todo caso a planificación prevé que todo estea para finais de setembro, se hai algún atraso asumireino. Por suposto que asumirei a responsabilidade que teña sobre calquera atraso que se produza”.

Eu intervín nese Pleno dicindo: “Pódolle garantir que se no mes de setembro hai unha alternativa e vostede ten o centro de emerxencia, aquí, publicamente neste Pleno do mes de setembro vouna felicitar a vostede por acadar en dous meses poñer en marcha un centro de emerxencia porque ademais vai ser algo "récord" nesta administración xa que, se vemos o tempo de espera, calquera procedemento administrativo é superior, vímolos coas festas e con cantidade de cousas periódicas, pero se é así e vouna felicitar. Agora ben, se en setembro non está, tamén vou pedir a súa dimisión por nos enganar neste Pleno”.

Eu son unha persoa de palabra e polo tanto é imprescindible que hoxe faga unha pregunta, aínda que neste intre non está a concelleira de Igualdade e pola súa situación de verdade que preferiría felicitala, pero o venres se convocou un Consello Municipal da Muller ás 6 da tarde, estivemos ata as 9 e media da noite e logo de tres horas e media de exposición recoñeceuse que non ía estar aberto o centro de emerxencia en setembro. O único que se dixo é que neste tempo se tomara a decisión de que ese centro o asumira o Consorcio de Servizos Sociais.

Eu só fago unha pregunta: vai asumir a concelleira de Igualdade a súa responsabilidade ou voulla ter que pedir eu?.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sra. Molares, contestaráselle por escrito á súa pregunta.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIGUEROA VILA, SOBRE COMEZO DAS OBRAS DO PAZO DE CONGRESOS.

SR. FIGUEROA VILA: Nos medios de comunicación e en declaracións do Sr. Alcalde díxose que o 16 de setembro comezarían as obras do pazo de congresos.

Queremos saber en que Xunta de Goberno ou en que órgano colexiado que represente a esta Corporación tomouse a decisión de aprobar os seguintes aspectos: proxecto de obra construtivo definitivo, proxecto arqueolóxico, proxecto de seguridade e saúde laboral, nomes dos directores e responsables da obra, porque a obra comezou e toda obra ten que ter un director de obra e uns responsables. Gustaríanos saber en que data, en que Xunta de Goberno ou que acordo hai, se hai algún decreto o algunha proposta do equipo de goberno.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Figueroa, contestarémolle por escrito no prazo regulamentario.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas e catro minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 29 de setembro de 2008. Consta de 115 folios da serie A numerados do 2141753 ao 2141867, e números do 646 ao 761. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2008.

Vigo, a 27 de novembro de 2008
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que o presente libro de actas comprende sete actas, sendo a primeira a sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 26 de maio de 2008, e a última a sesión ordinaria do 29 de setembro de 2008.

Vº e Pr.
O ALCALDE,

Vigo, a 27 de novembro de 2008
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.